



DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1. Estrutura produtiva

3.2. Demografia empresarial

3.3. Sector exterior

3.1. Estrutura produtiva

O presente apartado ten como obxectivo presentar unha fotografía da estrutura produtiva galega e da evolución e comportamento dos actores que a integran ao longo do ano 2021. Tal e como se sinala no capítulo 1, a elaboración desta memoria caracterízase novamente por un elevado grado de incerteza por mor de factores esóxenos como os novos brotes e confinamentos en importantes centros manufactureiros en China, o impacto da invasión rusa da Ucraína, a crise de abastecemento de insumos industriais, ou as fortes tensións inflacionistas polo incremento de prezos de materias primas e enerxía entre outros.

Tras o forte impacto negativo da crise económica orixinada pola pandemia en 2020, que se reflicte nunha caída interanual sen precedentes do PIB en Galicia do 8,9%, no ano 2021 a actividade económica medra en Galicia un 5,2%, unha décima máis que no conxunto do Estado. Tal e como amosan as contas económicas trimestrais (IGE), esta reactivación non é homoxénea nos diferentes sectores, xa que fronte ao dinamismo do sector servizos e da industria en Galicia (6% e 5,2%, respectivamente) contráese a actividade produtiva no caso da construción (-3,4%) e do sector primario (-3,7%).


A devandita reactivación da actividade económica trasládase ao mercado de traballo, quen presenta unha medra da ocupación e unha redución do desemprego. Dunha banda, cómpre mencionar que as contas económicas de Galicia indican unha medra do número de postos de traballo equivalente do 7,2%, porcentaxe superior á estimada pola EPA ou as afiliacións (1% e 1,8%, respectivamente). Doutra banda, a redución do desemprego é do 9,3% no caso do paro rexistrado nas oficinas de emprego e do 2,5% segundo a EPA, descendendo a taxa de paro ata o 11,7% en 2021.

Segundo os datos das Contas económicas trimestrais do IGE, no ano 2021 o sector servizos xeraba o 64% do PIB galego, en tanto que o sector industrial supuña o 16% do PIB (11,8% a industria manufactureira) e a construción e o sector primario, o 6,5% e o 4,5% do PIB, respectivamente. O 9,1% restante corresponde aos impostos netos sobre os produtos. Comparado cos datos do ano 2008 cómpre mencionar o incremento do peso relativo do sector servizos (60,2% do PIB), reducíndose lixeiramente o peso do sector primario e da industria (4,7% e 16,3%, respectivamente), e en moita maior medida a construción (10,8% do PIB en 2008).


PIB e emprego 2020-21: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2020	2021	2020	2021
	(taxas de variación interanuais)			
Total	-8,9	5,2	-7,6	7,2
Ramas Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-3,9	-0,5	-0,7	0,2
Ramas industriais	-9,2	4,1	-7,4	5,6
Construción	-9,4	-2,4	-10,4	10,4
Servizos	-8,8	6,6	-8,1	8,0
Impostos netos sobre os produtos	-10,9	6,0		

VEB por sectores económicos



Emprego por sectores económicos



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2022)

(2) postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

3.1.1.

Neste capítulo trataremos de estudar a estrutura produtiva galega, analizando os datos máis representativos da evolución de cada sector económico e das activida-

des que os integran, dende un punto de vista da actividade económica así como do emprego.

Sector primario

O valor engadido bruto en termos reais das ramas agraria e pesqueira contráese novamente no último ano, cunha caída interanual do 0,5% (-3,9% en 2020). Por contra, se tomamos como referencia os valores nominais, o VEB das ramas agraria e pesqueira aumentan un 0,4%. Tras esta evolución, o valor engadido bruto xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) ascende a 2.822 millóns de euros, o que supón o 4,5% do PIB galego, tres décimas menos que no ano precedente (2,7% no conxunto do Estado).


A estabilidade en termos reais do VEB do sector primario en 2020 ven acompañado dun mantemento no volume de emprego que, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, acada os 73.664 postos de traballo, 286 máis que no ano anterior (0,4%). A diferenza do acontecido en 2020, a Enquisa de Poboación Activa reflicte un descenso da poboación ocupada no conxunto do sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura), acollendo un total de 67.400 persoas no ano 2021, o que supón un 2,5% menos que no ano anterior (1.700 persoas menos). A devandita redución de em-

prego estimada concéntrase exclusivamente nas ramas de agricultura, gandería, caza e silvicultura (2.300 persoas ocupadas menos; -4,7%) o que contrasta coa medra da poboación ocupada nas ramas de pesca e acuicultura (600 persoas; 3% máis que no ano anterior).

A produtividade do factor traballo por hora efectiva no sector primario en Galicia aumenta en 2021 ata os 18,1 euros (17,1 euros nos dous anos anteriores). A produtividade no sector primario é notablemente inferior á do conxunto da economía galega (34,8 euros en 2021) reducíndose lixeiramente o diferencial con respecto á media galega. No último ano este diferencial situábase en 16,7 euros fronte aos 17 euros de 2020 e os 13,2 euros de 2008.

As contas económicas anuais de Galicia proporcionan indicadores derivados con información detallada, entre outros, para o sector primario. Dunha banda, a capacidade para crear valor (VEB/produción), definida como as unidades de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción, mostra que no sector primario en Galicia, de cada 100 euros de produción en

VEB e emprego no sector primario ⁽¹⁾ ⁽²⁾




(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2022)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

3.1.2.

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2019. Sector primario.



Peso porcentual no VEB do sector primario de Galicia. Ramas de actividade



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia

3.1.3.

Indicadores derivados para o sector primario.

	2000	2008	2013	2015	2016	2017	2018	2019
Capacidade de crear valor (VEB/Producción) (%)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	55,8	53,9	49,1	51,1	52,8	51,3	49,7	49,2
Total economía	47,4	45,0	46,8	47,3	48,1	46,7	46,9	47,0
Remuneración de asalariados/VEB (PIB para o total da economía) (%)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	22,9	21,6	22,1	21,6	22,4	23,1	23,1	22,4
Total economía	45,8	46,4	45,9	44,7	44,1	43,8	44,0	45,3
Ratio de asalarización (Postos de traballo asalariados/Postos de traballo) (%)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	16,4	27,9	32,4	38,9	37,8	36,9	41,2	39,4
Total economía	76,1	83,2	83,0	84,1	84,2	84,4	84,8	84,7
Produtividade aparente do traballo por hora efectiva (euros)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,2	12,3	14,2	17,8	16,8	15,5	16,3	17,1
Total economía	16,9	25,6	27,9	29,6	30,3	30,9	32,3	32,8
Remuneración por hora efectiva asalariada (euros)								
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7,1	11,5	10,6	10,8	11,1	10,9	10,0	10,7
Total economía	10,8	15,0	16,3	16,5	16,7	16,8	17,5	18,2

Nota: Revisión Estadística 2019. Os datos son provisionais

Fonte: IGE. Contas Económicas de Galicia.

3.1.4.

2019 (último ano dispoñible) 49,2 euros corresponden ao valor engadido, un valor superior ao nivel medio da economía (47 euros), o que indica que as actividades deste sector económico son máis intensivas en traballo e menos dependentes de inputs para a produción. A capacidade de crear valor do sector primario no devandito ano 2019, **cadro 3.1.4.**, é significativamente inferior á de 2008 (53,9 euros de cada cen) e similar á de 2013 (49,1 euros).

Malia que o sector primario é intensivo en traballo, a porcentaxe do valor xerado na actividade destinado á remuneración de persoas asalariadas é do 22,4%, máis da metade do rexistrado no conxunto da economía galega (45,3% de media), sendo esta porcentaxe superior á estimada para 2008 (21,6%) e 2013 (22,1%).

A remuneración media por hora efectiva do traballo asalariado no sector primario ascende a 10,7 euros por hora en 2019, o que representa 7,5 euros menos que a remuneración media en Galicia, mentres que a taxa de asalarización do sector primario, medida como a relación porcentual entre os postos de traballo asalariado e os postos de traballo totais, sitúase no 39,4%, case dous puntos menos que no ano anterior, pero aínda 45,3 puntos menos que a media da economía en Gali-

cia (27,9% ao comezo da crise económica fronte ao 83,2% na economía galega).

O **cadro 3.1.5.** e as súas gráficas asociadas mostran os datos referentes á distribución xeral da terra en Galicia no ano 2021. Dunha banda, a superficie agraria útil (SAU) aumenta no último ano ata as 836.356 hectáreas, case dez mil hectáreas máis que no ano anterior (1,2%), favorecido fundamentalmente pola extensión dos prados e pasteiros, con 9.288 hectáreas máis que no ano anterior (2%). Doutra, a superficie cultivada, a diferenza do acontecido no ano anterior, aumenta un 0,1% (388 hectáreas máis). Se a comparación se realiza coa distribución da superficie agraria no ano 2008, cómpre resaltar o descenso da SAU nun 2,7% (23.223 hectáreas menos) como consecuencia dunha redución do 10% no caso das terras de cultivo (39.769 hectáreas menos), mentres que aumenta a superficie adicada a prados e pasteiros un 3,6% (16.555 ha máis).

Tras esta evolución, en 2021 a SAU representa en Galicia o 28,3% da súa superficie xeográfica, porcentaxe moi inferior á rexistrada no conxunto de España, cun 50%. A superficie cultivada mantense en Galicia no 12,1% da súa superficie xeográfica fronte ao 33,4% da media estatal, en tanto que os prados e pasteiros re-

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2021 ⁽¹⁾

	Galicia			España			Galicia / España
	(en ha.)	(% / total)	(% / sup. agraria útil)	(en ha.)	(% / total)	(% / sup. agraria útil)	(%)
Superficie Agraria Útil	836.356	28,3	100	25.308.795	50,0	100	3,3
Superficie cultivada	358.247	12,1	42,8	16.902.421	33,4	66,8	2,1
Cereais gran	31.627	1,1	3,8	6.170.885	12,2	24,4	0,5
Leguminosas gran	755	0,0	0,1	313.959	0,6	1,2	0,2
Tubérculos consumo humano	11.776	0,4	1,4	48.060	0,1	0,2	24,5
Industriais	65	0,0	0,0	918.745	1,8	3,6	0,0
Forraxeiras	226.788	7,7	27,1	973.164	1,9	3,8	23,3
Hortalizas e flores	2.657	0,1	0,3	254.402	0,5	1,0	1,0
Barbeitos	16.482	0,6	2,0	2.719.882	5,4	10,7	0,6
Frutais cítricos	175	0,0	0,0	307.343	0,6	1,2	0,1
Frutais non cítricos	19.635	0,7	2,3	1.260.762	2,5	5,0	1,6
Viñedos	25.216	0,9	3,0	957.857	1,9	3,8	2,6
Olivares	52	0,0	0,0	2.770.424	5,5	10,9	0,0
Outros cultivos leñosos	1	0,0	0,0	43.165	0,1	0,2	0,0
Viveiros	487	0,0	0,1	21.370	0,0	0,1	2,3
Invernadoiros baleiros	34	0,0	0,0	34.962	0,1	0,1	0,1
Hortos familiares	22.500	0,8	2,7	107.443	0,2	0,4	20,9
Prados e pasteiros	478.109	16,2	57,2	8.406.374	16,6	33,2	5,7
			(% / sup. forestal)			(% / sup. forestal)	
Superficie forestal	1.798.964	60,8	100	19.430.473	38,4	100	9,3
Chopo	1.075	0,0	0,1	118.440	0,2	0,6	0,9
Pawlonia	4	0,0	0,0	1.730	0,0	0,0	0,2
Carrasca trufeira	-	-	-	14.389	0,0	0,1	-
Coníferas	303.376	10,3	16,9	5.628.202	11,1	29,0	5,4
Frondosas crecemento lento	323.601	10,9	18,0	4.595.604	9,1	23,7	7,0
Frondosas crecemento rápido	305.509	10,3	17,0	719.565	1,4	3,7	42,5
Coníferas e frondosas	267.077	9,0	14,8	1.783.291	3,5	9,2	15,0
Matorral	598.322	20,2	33,3	6.569.252	13,0	33,8	9,1
			(% / outras sup.)			(% / outras sup.)	
Outras superficies	322.431	10,9	100	5.858.298	11,6	100,0	5,5
Erial	9	0,0	0,0	831.882	1,6	14,2	0,0
Espartizal	-	-	-	222.584	0,4	3,8	-
Baldío	50.816	1,7	15,8	902.413	1,8	15,4	5,6
Improdutivo	32.987	1,1	10,2	756.284	1,5	12,9	4,4
Non agrícola	219.823	7,4	68,2	2.521.999	5,0	43,1	8,7
Augas interiores	18.795	0,6	5,8	623.135	1,2	10,6	3,0
Superficie total	2.957.751	100		50.597.566	100		5,8

(1) datos provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos


3.1.5.

presentan o 16,2% (16,6% en España). No devandito ano 2008, o peso relativo da superficie agraria útil é do 29,1%, oito décimas máis que en 2021, en tanto que a terra de cultivo supuña o 13,5%, case punto e medio superior á do último ano.

Pola contra, a superficie forestal representa o 60,8% da

superficie total galega fronte ao 38,4% no conxunto do Estado (60,6% e 36,7%, respectivamente no ano 2008). Mentres que a superficie total de Galicia representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,3%, moi por riba do 3,3% que representa a SAU (a superficie cultivada supón o 2,1% e os prados e pasteiros o 5,7%).

Distribución xeral da terra 2002-2020 ⁽¹⁾



(1) No ano 2002 incluíuse o castiñeiro no grupo das froiteiras, incrementándose o grupo de cultivos leñosos de forma considerable en Ourense e Lugo. Neste mesmo ano incorpórase ao grupo de prados e pasteiros o concepto de pasteiro arbustivo, anteriormente ignorado ou incluído na clase mato pasteiro da superficie forestal. Inclúense as praderías de segunda ocupación, o que fai incrementar de modo notable o grupo de cultivos forraxeiros.

Baixo a denominación "outtras superficies" inclúense as seguintes categorías: augas interiores, baldío, improdutivo, urbano e comunicacións.

A suma dos distintos tipos de cultivos non é igual á superficie total, xa que o tipo "Cultivos asociados e sucesivos" está englobado dentro dos distintos tipos de cultivos do grupo "Terras de cultivo".

Fonte: IGE, *Distribución xeral de terras*

3.1.6.

Subsector agrogandeiro

A elevada parcelación da superficie agraria en Galicia impulsa a aumentar a produción de forraxes para mellorar a competitividade do sector agrogandeiro, o que determina que a superficie agraria útil en Galicia oriente a súa produción cara a cultivos relacionados coa alimentación animal. Dunha banda, o 27,1% da SAU destínase á produción de cultivo forraxeiro fronte ao 3,8% en España; por outra banda, a superficie dedicada a prados e pasteiros supón o 57,2% da SAU (33,2% no conxunto do Estado). No ano 2008, o cultivo forraxeiro concentra en Galicia o 29,4% da SAU e os prados e pasteiros o 53,7% (3,4% e 31,1% no conxunto do Estado).

Segundo os datos proporcionados pola Consellería de Medio Rural en base ao Sistema Integral de Trazabilidade Anual (SITGA), a un de xaneiro de 2022 o número de explotacións en alta ascende a 95.433 explotacións, o que supón 758 menos que na mesma data do ano an-

terior, das que 87.527 corresponden a explotacións dedicadas a produción e reprodución (91,7%). Atendendo ao peso relativo no total estatal, Galicia acolle o 18,7% das explotacións en alta fronte ao 19% na mesma data de 2020.

Segundo a tipoloxía de explotación, **cadro 3.1.7.**, cómpre resaltar a importancia do sector bovino, con 40.610 explotacións, o que representa o 28,1% das explotacións do sector en España, ascendendo o número de reses a case 950.000, o 14,1% do total estatal. Entre o gando bovino o destinado ao leite ascende a 6.479 explotacións, máis da metade das explotacións españolas de leite, e as destinadas á carne, as máis numerosas de Galicia, con 33.001 explotacións, o 30,1% do total. Xunto ás explotacións do gando bovino, ás destinadas a gando porcino sitúase nas 29.316 explotacións (33,6% do total español), superando as 20.000 as explotacións de caprún (27,5% do total estatal), ovino (18,1%) e equino (10,4%).

Número de explotacións segundo diferentes categorías que definen a súa tipoloxía 2021 ⁽¹⁾

	Galicia		Galicia/España	
	Explotacións	Censo	Explotacións	Censo
Bovino	40.610	949.484	28,1%	14,1%
Carne	33.001		30,1%	
Leite	6.479		51,1%	
Mixta	460		8,2%	
Outras	670		4,0%	
Porcino	29.318	1.568.573	33,6%	5,0%
Cabrún	20.475	46.943	27,5%	1,8%
Ovino	20.475	193.399	18,1%	1,2%
Apicultura (Colmeas)	4.883	205.406	13,5%	6,6%
Equino	20.142	51.699	10,4%	8,1%
Galiñas	1.143	103.941.829	14,9%	21,9%
Pavos	323	5.044.698	17,1%	31,6%
Patos	42	226	4,2%	0,0%
Coellos	230	1.005.191	6,0%	19,0%

(1) Datos a xaneiro de 2022

Fonte: Sistema Integral de Trazabilidad Animal (SITRAN)

3.1.7.

O sector agrogandeiro galego caracterízase por estar orientado fundamentalmente á produción de leite de vaca, rexistrando caídas continuadas no número de produtores ao mesmo tempo que aumenta o seu volume de produción.

Dunha banda, o número de gandeiros con entrega de leite en Galicia descende no último ano ata os 6.573, o que supón unha redución 390 gandeiros respecto ao ano anterior (5,3%). A importancia deste sector ponse de manifesto no seu peso relativo no total estatal, xa que Galicia concentra o 55,6% dos gandeiros con entregas en España, situándose en segundo lugar Asturias, cun 12,6%.

Doutra banda, as entregas de leite declaradas en Galicia polos compradores aumenta no último ano un 3,2%, sendo esta medra significativamente superior á rexistrada de media no Estado (1%). O volume de leite producido acada as 2.988,3 miles de toneladas, o 40% da produción total de leite do Estado, e sitúa á Comunidade Autónoma como a primeira produtora seguida de Castela e León, que concentra o 12,4% do volume de produción total en España.

O 67% das entregas de leite galegas permanecen na propia Comunidade Autónoma, dirixíndose o resto ás

outras CC.AA. españolas. De media, no conxunto do Estado o 69,9% das entregas teñen como destino as mesmas comunidades autónomas onde se realizan as entregas.

O prezo medio ponderado sen impostos por litro de leite percibido polo produtor (**cadro 3.1.9.**) aumenta en 2021 un céntimo de euro tanto en Galicia como en España, acadando no último ano os 33,3 céntimos e 34,2 céntimos por litro, respectivamente. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos cómpre mencionar que en 2010 o prezo do leite era significativamente inferior, ascendendo a 28,90 céntimos por litro.

A evolución mensual do prezo do leite (**cadro 3.1.10.**) mostra resultados semellantes en Galicia e España, sendo os prezos moito máis elevados en Francia e no conxunto da UE-27, superando os prezos medios na UE aos de Francia a partir do mes de novembro.

Ademais do prezo do leite, cómpre facer referencia á evolución dos prezos dos principais produtos gandeiros. Dunha banda, o prezo da vaca de leite aumenta nun 14,5%, acadando os 1.790,14 euros por cabeza, o valor máis elevado dos últimos cinco anos. Por contra, o prezo do porco de cebo redúcese un 71,3%

Producción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2020-21 ⁽¹⁾

		2020			2021			21/20	
		Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España
Ganadeiros con entregas	(2)	6.941,6	12.479	55,6	6.572,8	11.776	55,8	- 369	- 703
Producción	(miles de Tm)	2.895,8	7.405,2	39,1	2.988,3	7.477,2	40,0	92	72
Entregas mesma comunidade	(%)	66,7	69,7		67,0	70,0			
Entregas outra comunidade		33,3	30,3		33,0	30,0			

(1) Vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais

(2) Gandeiros mes, media anual.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Dir. Gral. de Producciones y Mercados Agrarios.

3.1.8.

Prezo medio do leite en Galicia e España 2010-21 ⁽¹⁾


	2010	2013	2019	2020	2021
	(en céntimos por litro)				
Galicia	28,90	34,90	31,60	32,30	33,30
España	30,20	35,30	32,80	33,20	34,20
Diferencial Galicia / España	-1,30	-0,40	-1,20	-0,90	-0,90

(1) prezos medios ponderados sen impostos

Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1.9.

Evolución do prezo do leite 2021 ⁽¹⁾



(1) Os datos de Galicia mídense en €/100 litros e o resto en euros/100 kg

Fonte: European Comision, Milk Market Observatory e Consellería do Medio Rural, FOGGA

3.1.10.

Central agropecuaria de Galicia. Cotizacións e mesas de prezos 2020-21. Resumo anual.

		2020				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Becerras < 1 ano		256,92	256,92	256,92	256,92	256,92
Vacún maior		106,92	115,25	115,25	115,25	113,17
Año leitón		435,86	435,86	435,86	435,86	435,86
Cabrito leitón	€/100 Kg vivo	417,50	417,50	417,50	417,50	417,50
Porcos de cebo		38,86	38,86	38,86	38,86	38,86
Polo de granxa		94,89	94,89	94,89	94,89	94,89
Coello		35,12	35,11	35,12	35,12	35,12
Ovos de galiña (L)		121,85	121,11	121,85	121,85	121,67
Vacas de leite		1.790,10	1.790,15	1.790,15	1.790,15	1.790,14
Xovencas de leite	€/cabeza	1.272,11	1.272,11	1.272,11	1.272,11	1.272,11
Becerras (1-3 semanas)		256,92	256,92	256,92	256,92	256,92
Ovellas		100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Leitóns		-	38,29	38,29	38,29	38,29
Leite	€/100 l	32,25	32,25	32,25	32,25	32,25

		2021				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Becerras < 1 ano		257,44	257,44	257,44	257,44	257,44
Vacún maior		119,08	119,08	119,08	119,08	119,08
Año leitón		450,25	450,25	450,50	450,50	450,38
Cabrito leitón	€/100 Kg vivo	508,92	508,92	508,92	508,92	508,92
Porcos de cebo		124,85	124,85	126,11	126,11	125,48
Polo de granxa		104,62	104,62	104,62	104,62	104,62
Coello		32,19	37,46	37,46	32,12	34,81
Ovos de galiña (L)		128,15	128,15	128,15	128,15	128,15
Vacas de leite		1.898,22	1.898,22	1.898,22	1.898,22	1.898,22
Xovencas de leite	€/cabeza	1.129,60	1.129,60	1.129,60	1.129,60	1.129,60
Becerras (1-3 semanas)		262,13	262,13	262,13	262,13	262,13
Ovellas		100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Leitóns		41,25	41,25	41,25	41,25	41,25
Leite	€/100 l	33,33	33,33	33,33	33,33	33,33

Fonte: Central agropecuaria de Galicia

3.1.11.

(**cadro 3.1.11.**), manténdose a tendencia descendente dos últimos anos no caso dos prezos de becerros de menos dun ano, vacún maior, año e cabrito leitón.

Subsector vitivinícola

A vendima do ano 2021 no conxunto de Galicia acadou cifras históricas, cun volume de produción nas Denominacións de Orixe (DO) en Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) de 73,8 millóns de quilos de uva (13,1 millóns de quilos máis que na campaña anterior), o que supón unha medra do 21,7%. Este incremento da produción vai aparelado a unha medra do seu valor económico, que ascende a 280,8 millóns de euros, o que

supón un incremento do 25,6% respecto á vendima anterior. Por contra, no último ano redúcese un 1,9% o número de viticultores, que se sitúa en 10.458.

Analizando as diferentes DO, o **cadro 3.1.12.** mostra a maior importancia relativa da DO Rías Baixas no conxunto de Galicia. En 2021 esta DO concentra máis do 48% da superficie inscrita e dos viticultores (4.184 ha e 5.046 viticultores). As DO Ribeiro e Ribeira Sacra concentran en torno ao 15% da superficie inscrita total (1.293 e 1.276 hectáreas) sendo o peso relativo dos viticultores do 15,9% (1.667 persoas) e 21,9% (2.291 persoas), respectivamente. A DO máis pequena en canto á superficie inscrita e número de viticultores é Monterrei, que acolle ao 7,7% da superficie total e o 3,5% dos

Sector vitivinícola 2021: distribución segundo Denominación de Orix

2021

	Monterrei	Rías Baixas	Ribeira Sacra	Ribeiro	Valdeorras	Barbanza e Iria	Betanzos	Ribeiras do Morrazo	Val do Miño	Galicia
Superficie inscrita (ha)	657,0	4.184,0	1.276,0	1.293,0	1.113,0	8,6	6,5	7,7	10,4	8.556,2
Viticultores	365	5.046	2.291	1.667	1.042	12	8	21	6	10.458
Industrias	27	178	98	98	43	5	6	5	3	463
Producción (Kg)	6.232.189	43.809.134	6.541.212	9.942.367	7.107.426	66.539	19.366	62.305	56.982	73.837.520
Vino cualificado (litros)	4.453.725	27.546.531	3.733.221	8.082.677	3.893.720	34.001	5.560	25.420	21.705	47.796.560
Valor económico (euros)	21.111.000	180.154.000	20.882.000	32.323.000	25.958.000	136.000	22.200	101.600	86.800	280.774.600

Fonte: Consellería do Medio Rural.

3.1.12.

viticultores, fronte ao 13% da superficie no caso da DO Valdeorras (10% dos viticultores).

No que respecta á produción da vendima 2021 e ao seu valor económico, todas as DO presentan unha medra interanual da produción, salientando o forte incremento rexistrado na DO Rías Baixas, cunha medra do 27,1% (9,3 millóns de quilos máis), e as DO Valdeorras e Ribeira Sacra, cun incremento interanual do 28,4% e 23,7%, respectivamente. Nas DO Ribeiro e Monterrei a produción aumenta tan só un 4,2% (398.622 quilos máis) e 9,1% (521.639 quilos). Tras esta evolución, a DO Rías Baixas concentra o 59,3% da produción galega, seguíndolle a continuación a DO Ribeiro, co 13,5%, e DO Valdeorras, co 9,6%.

En termos monetarios, o devandito incremento no valor económico conxunto das DO en Galicia deriva nunha medra de todas as DO e IXP de Galicia agás no caso da IXP Betanzos, cunha redución do 27,4%. O incremento máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, rexístrase na DO Rías Baixas cuxo valor económico aumenta un 36,3% respecto á campaña anterior (48 millóns de euros máis), seguida a distancia pola DO Monterrei, cunha medra do 23,7% (4 millóns de euros máis), e a DO Valdeorras, cun 13,9% (3,2 millóns). Así, a DO Rías Baixas concentra o 64,2% do valor económico da campaña do 2021, fronte ao 11,5% na DO do Ribeiro e o 9,3% no caso da DO Valdeorras (Monterrei e Ribeira Sacra concentran en torno ao 7,5% do valor económico total da vendima galega de 2021).

Subsector mar-industria

Para coñecer o número de embarcacións operativas en Galicia tomamos como referencia o Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma no que deben incluírse as embarcacións pesqueiras e auxiliares das listas terceira e cuarta do Rexistro de matrícula de buques con porto base en Galicia, que estean operativas. Un ano máis descende o número de embarcacións operativas con porto base en Galicia, de xeito que a 31 de decembro de 2021 había un total de 4.260 embarcacións de pesca extractiva e marisqueo (terceira lista), o que supón unha caída do 1,3% respecto ao ano anterior (58 buques menos). Os datos do dito Rexistro reflicten que o número de embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura (cuarta lista) permanece practicamente estable, con 1.273 buques, cinco menos que en 2020.

O sinalado descenso da frota pesqueira explícase pola redución de 59 embarcacións no caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste), acadando os 4.088 buques. Por contra, o número de buques que faenan en pesquerías comunitarias ascende a 73, un máis que no ano anterior, permanecendo estable o daqueles que están en pesquerías internacionais: 99 embarcacións. O maior número de buques rexistrados na frota pesqueira galega son os de artes menores, cunha cifra de 3.788 embarcacións (56 menos que no ano precedente). Estes buques son embarcacións de pequeno porte, que se dedican a unha pesca multiespecífica con diferentes artes que utilizan en función da especie obxectivo.

Actividade pesqueira e marisqueira 2008-21: distribución segundo grandes grupos de especies (1)

	Producción						
	2008	2013	2019	2020	2021	20/19	21/20
			(Kg.)			(%)	
Total	173.568.727	163.434.160	158.167.314	150.256.142	132.775.861	-5,0	-11,6
Algas	82.213	160.553	404.560	432.150	598.628	6,8	38,5
Bivalvos	11.259.129	6.980.915	9.828.890	6.481.257	7.087.662	-34,1	9,4
Cefalópodos	9.851.795	14.519.150	4.177.617	3.185.312	7.020.440	-23,8	120,4
Crustáceos	1.580.872	939.487	1.203.796	1.210.026	1.431.124	0,5	18,3
Equinodermos	747.949	596.989	831.713	722.807	856.675	-13,1	18,5
Gasterópodos	14.840	4.582	2.797	1.809	2.046	-35,3	13,1
Peixes	149.825.735	139.941.798	141.417.974	138.006.011	115.559.044	-2,4	-16,3
Poliquetos	1.958	4.567	5.525	3.597	2.971	-34,9	-17,4
Resto das descargas	204.236	286.118	294.441	213.174	217.272	-27,6	1,9

	Valor						
	2008	2013	2019	2020	2021	20/19	21/20
			(euros)			(%)	
Total	451.323.010	413.422.055	464.888.248	412.960.344	424.458.670	-11,2	2,8
Algas	50.615	97.537	336.500	337.347	421.091	0,3	24,8
Bivalvos	77.724.439	51.072.934	88.060.891	66.529.423	74.067.900	-24,5	11,3
Cefalópodos	26.963.373	30.386.372	25.942.677	17.588.523	29.085.071	-32,2	65,4
Crustáceos	30.213.875	16.160.722	21.134.515	19.312.413	22.958.111	-8,6	18,9
Equinodermos	1.987.498	1.823.495	6.028.382	5.511.323	7.142.307	-8,6	29,6
Gasterópodos	32.146	14.899	30.717	18.844	32.169	-38,7	70,7
Peixes	313.561.026	313.002.429	322.161.936	302.731.731	289.630.636	-6,0	-4,3
Poliquetos	40.899	234.569	324.309	209.013	170.311	-35,6	-18,5
Resto das descargas	749.138	629.098	868.321	721.726	951.073	-16,9	31,8

(1) Datos definitivos ata 31 decembro 2020. Os de 2021 son provisionais ata consolidación estatística. Consulta: 17-2-22
 Fonte: Consellería do Mar.

3.1.13.

A maior parte das embarcacións pesqueiras teñen o seu porto base na denominada zona III Arousa (42,2%), seguida polas zonas IV-Muros (15,7%) e I-Vigo (13,6%). No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuícultura, as devanditas 1.273 embarcacións rexistradas están principalmente concentradas na zona III-Arousa, con sete de cada dez embarcacións (893 buques).

No concernente á actividade pesqueira e marisqueira, medida a través das vendas rexistradas nas lonxas galegas, no conxunto do ano 2021 mantense a tendencia descendente no seu volume de produción iniciada no ano 2018, ao contrario do que acontece no caso da súa facturación. Dunha banda, o volume de produción acada no último ano os 132,8 miles de toneladas, un 11,6% menos que no ano anterior, o que supón o valor máis reducido dende o ano 2008 (173,6 miles de toneladas). Doutra banda, a súa facturación aumenta un 2,8% respecto ao rexistrado no ano precedente e

acada os 424,5 millóns de euros (451,2 millóns no ano 2008).

A diferenza do que aconteceu no ano anterior, no que se producira unha caída xeneralizada na actividade pesqueira, no conxunto do ano 2021 tan só descende a produción e o valor do peixe (16,3% e 4,3%, respectivamente) e dos poliquetos (17,4% e 18,5%). Tal como se mostra no **cadro 3.1.13.**, os peixes constitúen o grupo de especies máis importante, ao representar o 87% da produción e o 68,2% do valor total en primeira venda, porcentaxe inferior á do ano anterior, co 91,8% e 73,3%, respectivamente.

Desagregando a actividade pesqueira entre as distintas lonxas galegas (**cadro 3.1.15.**), as principais lonxas presentan unha caída na súa produción, sendo esta do 9,2% na lonxa da Coruña (Lonja Coruña S.A.), máis da metade da rexistrada en Ribeira, cun 18,7%, e lonxe da

Actividade pesqueira e marisqueira 2020-21: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2021	21/20		2021	21/20	
	(en kg.)	(%)	(%)	(en euros)	(%)	(%)
Vigo	25.230.020	19,0	-17,7	87.985.558	20,7	-9,7
Burela	19.024.801	14,3	-1,7	66.996.087	15,8	10,5
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	28.124.541	21,2	-9,2	64.552.667	15,2	7,0
Celeiro	13.426.924	10,1	-9,9	42.861.151	10,1	-3,4
Ribeira	22.403.742	16,9	-18,7	37.737.704	8,9	-0,6
Noia	1.692.705	1,3	22,2	14.586.982	3,4	24,6
O Grove	711.400	0,5	0,6	8.569.910	2,0	13,5
Carril	896.194	0,7	-0,2	8.452.702	2,0	-8,0
Cambados	1.071.317	0,8	1,5	8.068.327	1,9	8,2
Campelo	520.565	0,4	7,5	7.044.586	1,7	34,3
Cedeira	923.814	0,7	-22,5	5.872.485	1,4	5,3
A Illa de Arousa	649.748	0,5	1,6	4.825.562	1,1	-3,3
Cangas	366.782	0,3	50,4	4.234.651	1,0	36,1
Cabo de Cruz	289.891	0,2	-9,9	4.163.476	1,0	5,2
Portosín	3.844.624	2,9	-11,0	3.988.140	0,9	-7,2
Muros	1.218.707	0,9	7,8	3.929.570	0,9	21,9
Malpica	1.490.416	1,1	-39,4	3.648.939	0,9	-4,0
Marín	1.465.170	1,1	90,4	3.551.874	0,8	65,7
Camariñas	2.426.732	1,8	-42,8	3.411.583	0,8	-25,5
Fisterra	484.504	0,4	-3,5	3.152.394	0,7	20,0

Consulta: 18-02-2022
Fonte: Consellería do Mar

3.1.14.

que presenta a lonxa de Vigo, cunha redución do 17,7%. Tras esta evolución, A Coruña mantense como a principal lonxa galega en termos de produción, concentrando o 21,2% do total galego en 2021, por diante de Vigo, cun 19%, e Ribeira e Burela, co 16,9% e 14,3%, respectivamente. No concernente á facturación cómpre salientar o desigual comportamento rexistrado na lonxa de Vigo, que presenta unha caída do 9,7% respecto ao ano anterior, fronte ás de Burela e A Coruña, cuxa facturación medra un 10,6% e 7,1%, respectivamente. A lonxa de Vigo concentra o 20,7% do valor das vendas galegas, superando o 15% do total tanto Burela como A Coruña (15,8% e 15,2%, respectivamente).

O subsector da **acuicultura** en Galicia no ano 2020 (último dato dispoñible) rexistra unha nova redución tanto no volume de facturación, cunha caída do 13,1%, como no emprego medido en número de persoas asalariadas e non asalariadas (-18,1%). Tras esta evolución, o valor da produción acuícola situouse nos 183,7 mi-

llóns de euros, dos que o 63,9% consúmese na mesma Comunidade Autónoma. O valor xerado cos produtos dirixidos á UE representa o 15,5%, e os destinados a outras CC.AA. un 16,6%. En relación ao ano anterior, o descenso na súa facturación ven motivado pola caída nos catro mercados reflectidos no devandito **cadro 3.1.15.** salientando a caída de 10,8 millóns (-26,2%) no caso da facturación no resto das CC.AA., e de 8,7 millóns (-23,5%) no mercado europeo.

No que respecta á ocupación no sector (**cadro 3.1.16.**), os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación reflecten que en 2020 se rexistraron 8.534 empregos (3.233 UTA), o que representa, o 57,2% do emprego do sector a nivel estatal e o 62,1% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Andalucía, con 1.000 persoas empregadas.

A actividade de marisqueo, e en concreto o marisqueo

Valor da produción acuícola en Galicia 2019-20: distribución segundo destino xeográfico

	2019	2020
	(en miles de euros)	
Total	211.480,2	183.712,8
Mesma Comunidade Autónoma	122.010,6	117.380,3
Distinta Comunidade Autónoma	41.329,8	30.484,8
Outro país da Unión Europea	37.180,4	28.446,6
Terceiros países	10.959,4	7.401,1

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

3.1.15.

Emprego na acuicultura 2020

	Asalariados		Non asalariados		Total	
	(UTA) (1)	(persoas)	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)
Galicia	1.348	2.158	1.886	6.376	3.233	8.534
Total	3.664	5.895	1.992	6.582	5.656	12.478

(1) UTA: unidades de traballo anual, nº de persoas que traballan a tempo completo durante todo o ano.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.1.16.

a pé, rexistrou a 31 de decembro de 2021 un total de 3.676 permisos de actividade, dos que case o 75% pertencen a mulleres. Asemade, das 2.731 mulleres con permisos de marisqueo a pé, o 53,2% (1.454 mulleres) teñen máis de 51 anos.

Axudas comunitarias: Política Agraria Común e Política Pesqueira Común

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2021 (acumulado outubro) ascenderon a 175,5 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), e ata os 167,3 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Estes pagos representan o 3,1% do total estatal para o FEAGA e o 9,8% no caso do FEADER (cadro 3.1.17.).

O número total de beneficiarios de dereitos correspondente ao Réxime de Pequenos Agricultores (RPA) descende a 3.834 persoas (4% dos beneficiarios en España)

ascendendo o importe medio dos dereitos, a 224,09 euros. No que ao Réxime de pagos básicos se refire, o número de beneficiarios ascende a 20.824 persoas, o 3,8% do conxunto do Estado, situándose o importe total en 69,5 millóns de euros, o 2,5% do total estatal.

Os cadros 3.1.18. e 3.1.19. reflicten os pagamentos FEAGA e FEADER atendendo á súa distribución segundo as principais liñas definidas. Entre os pagamentos FEAGA salientan o pago básico (109,5 millóns de euros) e as axudas para o vacún, fundamentalmente axudas asociadas voluntarias para vacún leite (peninsular), con 57,7 millóns de euros. No caso dos pagamentos FEADER, seguen destacando polo seu importe os investimentos en activos físicos, con 51,9 millóns de euros, e os investimentos para o desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques, con 31,7 millóns de euros.

No exercicio 2021 descende o número de perceptores de axudas directas (persoas físicas), que se sitúa en

Axudas da Política Agraria Común e Política Pesqueira Común en Galicia e España 2021

	Galicia	España	Galicia/España
Pago de fondos UE <i>(en millóns de euros)</i>			(%)
FEAGA Exercicio 2020 (acumulado outubro) (1)	175,5	5.667,8	3,1
FEADER gasto público total, exercicio 2021 (2014-2021) (acumulado outubro) (2)	167,3	1.701,7	9,8
Dereitos de pago básico			
Nº beneficiarios Rexime Pequenos Agricultores (RPA)	3.834	94.741	4,0
Nº de dereitos de Pequenos	12.024	281.915	4,3
Importes RPA <i>(en euros)</i>	2.694.615	62.156.962	4,3
Nº beneficiarios Rexime Pago Básico (RPB)	20.824	548.160	3,8
Nº de dereitos de Pago Básico	375.037	19.354.514	1,9
Importes Pago Básico <i>(en euros)</i>	69.504.193	2.744.853.103	2,5
Importes Pago Verde <i>(en euros)</i>	35.859.598	1.416.163.920	2,5

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía

(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

(3) FEMP: Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

3.1.17.

Pagamentos FEAGA en Galicia e España 2021.

	Galicia	España	G/E
	<i>(en euros)</i>		(%)
Réxime de pago básico	109.515.710,20	4.194.218.244,86	2,6
Axuda asociada voluntaria	9.584,13	351.333,45	2,7
Réxime de pago único (RPU)	53.797,18	1.011.622,62	5,3
Axuda específica (art. 68, regulamento (CE) 73/2009)	0,00	12.302,21	0,0
Aceite de oliva	0,00	25.981.213,45	0,0
Algodón	0,00	57.843.204,25	0,0
Apicultura	642.734,76	8.162.594,54	7,9
Arroz	0,00	11.752.295,15	0,0
Azúcar e Isoglucosa	0,00	16.202.748,27	0,0
Froitas e hortalizas	445.025,24	298.633.334,39	0,1
Leite e produtos lácteos	388.521,98	4.150.364,85	9,4
Leguminosas gran	601,05	886.643,90	0,1
Medidas de promoción	0,00	11.907.400,90	0,0
Poseícan	0,00	252.140.025,97	0,0
Vacún	57.664.150,48	308.336.140,27	18,7
Viños e alcois	4.536.561,76	201.358.451,74	2,3
Cultivos herbáceos	33.978,70	54.579.450,94	0,1
Ovino e caprino	384.835,41	161.298.007,29	0,2
Reembolso disciplina financeira	1.840.817,68	58.926.401,22	3,1
Total	175.516.318,57	5.667.751.780,27	3,1

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria

3.1.18.

Pagamentos FEADER en Galicia 2021.

	Importe Feader	Importe Nacional	Importe gasto público
		(en euros)	
1 - Transferencia de coñecementos e actividades de información	1.188.466,47	396.154,36	1.584.620,83
02 - Servizos de asesoramento, xestión e substitución de explotacións agrarias	1.398.949,51	466.316,50	1.865.266,01
03 - Réxmes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios	1.874.110,02	624.703,27	2.498.813,29
04 - Investimentos en activos físicos	38.917.947,45	12.972.647,92	51.890.595,37
06 - Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	8.942.810,92	2.980.937,03	11.923.747,95
07 - Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais	3.439.302,74	1.146.433,78	4.585.736,52
08 - Investimentos desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques	23.760.138,12	7.919.400,16	31.679.538,28
10 - Agroambiente e clima	10.777.737,83	3.592.577,32	14.370.315,15
11 - Agricultura ecolóxica	1.549.150,50	516.383,30	2.065.533,80
13 - Pagos a zonas con limitacións naturais u outras limitacións específicas	12.907.049,02	4.302.329,95	17.209.378,97
16 - Cooperación	2.529.037,54	843.012,36	3.372.049,90
19 - Axuda para o desenvolvemento local de LEADER, (DLP)	10.419.507,53	3.473.169,18	13.892.676,71
20 - Asistencia técnica	1.360.480,21	453.493,34	1.813.973,55
21 - Axuda temporal excepcional destinada aos agricultores e PEMES afectados pola crise do COVID 19	6.437.025,50	2.145.674,50	8.582.700,00
Total	125.501.713,36	41.833.232,97	167.334.946,33

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria

3.1.19.

Axudas directas 2021. Perceptores e importes por Comunidade Autónoma

Organismo pagador	Nº perceptores		Importe	
		(% sobre total)	(en miles de euros)	(% sobre total)
Andalucía	227.455	34,7	1.557.613	28,6
Aragón	37.205	5,7	441.856	8,1
Asturias	9.271	1,4	63.687	1,2
Baleares	5.475	0,8	28.979	0,5
Canarias	8.934	1,4	190.275	3,5
Cantabria	4.713	0,7	44.587	0,8
Castela-A Mancha	96.429	14,7	717.768	13,2
Castela e León	65.124	9,9	905.632	16,6
Cataluña	40.715	6,2	289.991	5,3
Extremadura	48.435	7,4	539.759	9,9
Galicia	25.708	3,9	171.576	3,1
Madrid	4.475	0,7	38.155	0,7
Murcia	11.279	1,7	127.962	2,3
Navarra	11.343	1,7	115.293	2,1
País Vasco	7.208	1,1	43.490	0,8
A Ríoxa	4.962	0,8	32.979	0,6
C. Valenciana	45.921	7,0	141.961	2,6
F.E.G.A.	1	0,0	43	0,0
Totales	654.653	100	5.451.605,7	100

(1) Os totais recollen os perceptores, incluídos aqueles aos que se lles detraeron fondos (pagos negativos) e o importe, deducidos os devanditos pagos.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

3.1.20.

25.708 perceptores, un 7,4% menos que no ano anterior (2.050 menos). Tras a devandita caída, o importe total das axudas directas en descende un 1,2% respecto ao exercicio anterior, acadando os 171,6 millóns de euros (2,1%). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 3,9% dos perceptores destas axudas e o 3,1% do importe total (**cadro 3.1.20.**). 

Sector industrial

O sector industrial no seu conxunto incrementa o seu valor engadido bruto no ano 2021 nun 4,1%, porcentaxe máis dun punto inferior á media española, que se situou no 5,2%. A crise económica orixinada pola pandemia provocou unha contracción da actividade industrial do 9,2% en Galicia e do 10,1% no conxunto do Estado. Por contra, a reactivación da industria manufactureira galega é máis intensa que en España, presentando taxas de variación interanual do 6,1% e 5,9%, respectivamente (-10,4% e -12,1% no ano anterior).

En termos absolutos, o valor engadido bruto (VEB) xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2021 ata os 10.080,3 millóns de euros segundo os datos publicados polo IGE nas súas Contas económicas trimestrais, o que representa o 5,5% do total xerado polo sector en España.


O sector industrial achega o 16% do PIB total a prezos de mercado da economía galega, sendo esta porcentaxe 11,8% no caso da industria manufactureira (17,6% e 13% se se considera o valor engadido xerado en Galicia). Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no conxunto do Estado tanto para o sector industrial (in-

cluída a enerxía), que representa o 15,3% do PIB, como no caso da industria manufactureira, que en España representa o 11,3% do PIB a prezos correntes.

No que respecta ao emprego no sector industrial, tras o descenso do número de afiliacións á Seguridade Social rexistrado no ano anterior, o primeiro dende o inicio da recuperación económica en 2014, no último ano mantense relativamente estable as afiliacións en alta laboral situándose a 31 de decembro de 2021 en 143.696 persoas afiliadas (18 persoas menos que na mesma data do ano anterior), das que 133.267 afiliacións corresponden ás ramas de actividade manufactureira (14 menos).

Entre as actividades da industria manufactureira, as que presentan un maior incremento das afiliacións en termos cuantitativos son as de Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento, con 663 afiliacións máis que na mesma data do ano anterior (4,1% máis) e a industria de alimentación, con 398 afiliacións máis (1,3%). No extremo oposto cómpre mencionar o comportamento das actividades de Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremol-

VEB e emprego na industria ⁽¹⁾ ⁽²⁾



(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2022)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

3.1.21.

ques, con 774 afiliacións menos (-4,6%) e a Fabricación doutro material de transporte, con 471 menos (-8%).

Para analizar a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial utilizamos o índice de produción industrial (IPI). Este indicador, que mide os cambios na produción sen efecto dos prezos, reflicte no último ano unha medra media anual do 8,2%, máis dun punto superior á experimentada no conxunto de España (7%). Motivado polo efecto da covid na economía, no ano anterior este índice rexistrou unha redución do 8,5% en Galicia fronte ao 9,2% de media en España, producíndose esta caída nos distintos destinos económicos considerados.


O devandito incremento no IPI en Galicia ven motivado polo comportamento rexistrado na produción dos distintos bens, indistintamente de cal sexa o seu destino económico, agás no caso dos bens de equipo. Dunha banda, é especialmente significativo o incremento experimentado polos bens de consumo, tanto bens de consumo duradeiros, cunha medra do 60,9%, como non duradeiros, cun 19,3%. En ambos os dous casos,

España presenta unha medra inferior ao aumentar o IPI de bens de consumo duradeiro un 18% e un 6,8% nos bens de consumo non duradeiros.

Doutra banda, e a diferenza do acontecido nos dous anos anteriores, o IPI dos bens intermedios e enerxéticos presenta taxas de variación interanuais positivas. No que atinxe aos bens intermedios, o IPI medrou en Galicia un 8,6%, e un 2,6% no caso da enerxía, sendo estas medras inferiores ás estimadas na economía española (9,9% e 2,7%, respectivamente). Por último, fronte ao incremento do 6,4% do IPI dos bens de equipo rexistrado en España no ano 2021, Galicia presenta unha caída do 1% respecto ao ano anterior.

Tal como se observa no **cadro 3.1.25.**, o IPI correspondente ao conxunto das ramas industriais manufactureiras medra en Galicia un 9,8% respecto ao ano 2020, case dous puntos máis que no conxunto do Estado (8,1%), cando no ano anterior o índice descendera lixeiramente por riba do dez por cento tanto en Galicia como en España. As ramas de actividade que presentan un mellor comportamento atendendo á súa evolución en Galicia son as de fabricación de mobles, confección

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2019



Peso porcentual no VEB do sector industrial de Galicia. Ramas de actividade.



Fonte: IGE, Contas económicas de Galicia

3.1.22.

Índice de producción industrial de Galicia e España 2021

	Galicia			España		
	índice	variacións		índice	variacións	
		2021	Interanual diciembre		2021	Interanual diciembre
		(1)	(2)		(1)	(2)
		(%)			(%)	
Xeral	104,2	8,4	0,1	103,0	3,0	2,9
Bens de consumo	130,2	21,6	13,2	103,5	7,4	0,1
B. consumo duradeiro	180,9	60,8	68,9	105,5	6,0	2,4
B. consumo non duradeiro	127,5	19,4	9,3	103,4	7,6	-0,1
Bens de equipamento	93,6	-0,6	-8,7	101,9	0,8	0,8
Bens intermedios	118,1	8,6	8,5	109,1	2,0	5,9
Energía	78,6	2,9	-11,3	95,1	1,6	4,2

Consulta: 10-03-2022. Base 2015


(1) variación da media no que vai de ano

(2) taxa de variación anual

Fonte: INE, *Índice de produción industrial*

3.1.23.

Índice de producción industrial en Galicia e España 2011-21⁽¹⁾. Taxa de variación media anual



(1) Base 2015

Fonte: INE, *Índice de produción industrial*

3.1.24.

Índice de producción industrial 2021: distribución segundo ramas de actividad

	Variacións media acumulativa 21/16 (1)		Variacións 21/20 (2)	
	Galicia (%)	España (%)	Galicia (%)	España (%)
Total	0,4	0,3	8,4	7,0
B Industrias extractivas	15,3	0,1	36,3	8,2
08 Outras industrias extractivas	15,3	2,9	36,3	15,3
C Industria manufacturera	1,9	0,5	9,9	8,1
10 Industria da alimentación	2,7	0,4	6,6	4,2
11 Fabricación de bebidas	2,7	1,0	38,8	12,5
13 Industria téxtil	-1,4	-1,2	12,6	8,8
14 Confección de roupa de vestir	8,7	-0,3	48,9	27,3
15 Industria do coiro e do calzado	0,0	-5,9	0,0	10,9
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	6,2	2,5	36,1	21,9
17 Industria do papel	1,4	0,6	7,2	7,2
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,0	-5,5	0,0	5,9
19 Coquerías e refinación de petróleo	0,0	-1,6	0,0	5,7
20 Industria química	-2,7	1,9	-7,3	6,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	0,0	3,2	0,0	5,0
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	0,9	1,3	8,1	8,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-0,2	2,9	15,9	16,8
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	-0,5	-0,3	7,1	13,8
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	0,4	1,3	2,6	9,1
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,0	3,2	0,0	6,9
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	-2,4	2,3	-18,0	7,3
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	2,7	3,6	4,9	16,8
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	3,2	-4,9	-2,6	-1,9
30 Fabricación doutro material de transporte	-9,9	-2,4	-22,9	0,1
31 Fabricación de mobles	2,6	1,3	65,2	21,9
32 Outras industrias manufacturerais	11,5	2,3	42,4	21,1
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-5,8	1,8	-11,4	6,9
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,7	-0,9	-0,8	2,8
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,7	-0,9	-0,8	2,8
36 Captación, depuración e distribución de auga	0,0	0,0	0	-0,4

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

(1) Taxa de variación media anual acumulativa

(2) Taxa de variación da media do que vai do ano

Fonte: IGE, Índice de produción industrial

3.1.25.

de roupa de vestir, fabricación de bebidas e a industria da madeira e da cortiza.

Un indicador que mostra as expectativas dos empresarios é o Índice de confianza empresarial, con datos que rexistran claramente a evolución da pandemia. Neste senso, o índice galego de confianza empresarial (**cadro 3.1.26.**) amosa expectativas empresariais claramente pesimistas a partir do segundo trimestre do ano 2020. Ao longo do ano 2021 redúcese ese pesimismo, acadando o valor do índice un valor do -0,8 puntos no terceiro trimestre do ano, se ben aumenta lixeiramente no derradeiro trimestre do ano.

Outro indicador que nos permite observar a evolución do sector industrial, e en concreto da industria manufacturera, é o das variacións interanuais das vendas dos seus produtos. Tal como se amosa no **cadro 3.1.28.**, este indicador presenta datos de 2020, o que permite observar o efecto da crise sanitaria sobre as vendas. Estas redúcense un 7,6% respecto ao ano anterior, acadando un valor de 28.997 millóns de euros, o 7,5% do total estatal. As producións que achegan maior valor son as de material de transporte (28,1%), alimentación, bebidas e tabaco (26,4% do total), e coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (7,3%). Atendendo ao seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal


Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2018-21 ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH
2018						
I	2,1	-2,6	129,5	7,1	1,9	134,9
II	-12,6	-0,2	125,5	0,4	10,7	135,5
III	-5,6	4,2	129,2	5,9	7,1	136,2
IV	3,8	-1,1	130,6	3,1	2,9	133,9
2019						
I	0,3	-8,2	127,1	4,4	-2,7	132,5
II	-5,7	2,7	128,7	-2,5	5,6	132,9
III	0,2	6,6	131,9	4,5	4,7	135,0
IV	3,1	-5,3	129,0	0,2	-2,7	131,1
2020						
I	0,8	-5,8	128,1	1,9	-5,9	130,6
II	-29,7	-68,6	97,0	-36,3	-72,0	95,5
III	-65,2	-47,0	93,1	-62,8	-47,2	95,5
IV	-34,0	-42,8	104,8	-38,8	-41,3	105,5
2021						
I	-30,3	-37,8	107,6	-32,0	-36,5	109,3
II	-34,5	-25,5	110,2	-30,2	-21,6	114,8
III	-14,2	-0,8	124,8	-8,3	-0,9	128,9
IV	-4,0	-10,7	124,9	-2,3	-2,6	130,3

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100);
 expectativas = indicador de expectativas armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os Informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas);
 ICEH = Índice de Confianza Empresarial Armonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
 Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.26.

Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2014-21



ICEH = Índice de Confianza Empresarial Armonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
 Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.27.

Vendas de produtos da industria manufactureira 2020: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor			
	(en miles de euros)	(% / total)	(Galicia/España)	Taxa variación interanual (%)
Alimentación, bebidas e tabaco	7.648.650	26,4	8,1	-2,1
Textil e confección	1.042.988	3,6	16,2	-25,1
Coiro e calzado	121.743	0,4	4,6	-29,0
Madeira e cortiza	830.138	2,9	17,5	-8,0
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	533.796	1,8	3,5	-13,3
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	2.117.196	7,3	3,6	-38,5
Manufacturas de caucho e plástico	839.303	2,9	5,0	-3,7
Produtos minerais non metálicos	616.905	2,1	4,5	-8,6
Producción, 1ª transformación e fundición de metais	1.699.375	5,9	7,6	-19,4
Produtos metálicos	1.600.785	5,5	6,2	-1,9
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	532.119	1,8	3,6	-37,2
Maquinaria e equipo	758.011	2,6	4,8	-15,2
Material de transporte	8.157.754	28,1	13,8	17,3
Mobles e outras industrias manufactureiras	478.697	1,7	6,4	-20,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	866.412	3,0	7,7	-9,4
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	1.153.170	4,0	8,5	-22,6
Total	28.997.042	100,0	7,5	-7,6

Fonte: INE, Encuesta Industrial de Productos

3.1.28.

destacan as actividades da madeira e cortiza e as do téxtil e confección, que representan un 17,5% e 16,2% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente. Asemade, cómpre resaltar que o peso relativo do sector de material de transporte ascende ata o 13,8%.

Finalmente, a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais afecta de xeito directo sobre a rendibilidade das empresas. O prezo da electricidade aumenta notablemente a partir do primeiro semestre do ano 2020 tralo estado de alarma. Por primeira vez en toda a serie analizada (**cadro 3.1.29.**), nese primeiro semestre o prezo da electricidade por KWh consumido pagado en España polos consumidores industriais con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh sitúase por debaixo da media europea (UE-27), manténdose lixeiramente por baixo ao longo do ano 2021.

Comparado o prezo rexistrado no segundo semestre de 2021 co mesmo período do ano anterior, o prezo na UE aumentou un 25,9% fronte ao 26,4% en España. Por contra, se a comparación se realiza cos datos correspondentes ao segundo semestre de 2008, fronte ao in-


cremento do 20% do prezo no conxunto da UE (medido en euros correntes), en España o prezo da electricidade para consumidores industriais medra un 9,7%.

Subsector enerxético

Segundo os datos do balance enerxético facilitados por Red Eléctrica de España, a xeración de enerxía eléctrica en Galicia redúcese en 2021 un 1,4% en relación á enerxía total xerada no ano anterior, o que contrasta co incremento rexistrado no conxunto do Estado (3,4%). En 2021 Galicia xerou un total de 24.210,9 GWh, sendo o peso relativo de Galicia no total estatal do 9,3%, cinco décimas inferior ao de 2020 (9,8%), o que sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma con maior potencia instalada, por detrás de Cataluña, Andalucía, Castela-León e Extremadura.

A demanda de enerxía aumenta no ano 2021 en Galicia un 0,6% para situarse en 17.510,3 GWh. Tendo en conta o incremento da demanda enerxética do 2,6% en España, o seu peso relativo no total estatal redúcese ata o 6,8% cando en 2020 representaba o 7%. O saldo

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-27 e España 2008-21 ⁽¹⁾



(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Excluído impostos e gravames
Fonte: EUROSTAT

3.1.29.

de intercambios segue a ser excedentario, rexistrándose un saldo exportador de 6.342,7 GWh, un 7,7% inferior ao do ano precedente.

O balance enerxético de REE reflicte que o devandito descenso da xeración enerxética en Galicia ven motivado pola caída no conxunto das fontes renovables fronte á medra experimentada no caso das fontes non renovables. En concreto, a xeración de enerxía renovable redúcese un 3,1% respecto ao ano anterior aumentando un 3,9% no caso das fontes non renovables. Isto contrasta coa medra do 9,7% rexistrada en España no caso das fontes renovables, impulsada polo crecemento da enerxía solar fotovoltaica, reducíndose por contra a xeración de enerxía coas fontes non renovables un 1,6%.

No que á caída interanual da xeración de enerxía por fontes renovables se refire, cómpre resaltar o descenso dun 4,3% da xeración eólica fronte ao incremento no conxunto do Estado (10,2%), así como a minoración do 2,8% no caso da hidráulica (-3,4%). Entre as fontes non renovables, destaca o descenso en case un 66% da xeración mediante carbón e nun 16,6% no caso da coxe-

ración (-0,7% e -3,5% en España, respectivamente).

A pesar da redución experimentada pola enerxía eólica en Galicia en 2021, esta segue a ser a fonte máis importante ao representar o 39,5% do total xerado. Séguelle a produción de enerxía hidráulica, co 31,8%, e o ciclo cominado e coxeración, co 15,3% e 7,8%, respectivamente.

No concernente á produción de enerxía eléctrica a partir de enerxías renovables, coxeración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan un descenso da enerxía vendida, manténdose relativamente estable a potencia instalada. En 2021 vendéronse en Galicia un total de 13.755 xigavatios, un 6,6% menos que no exercicio precedente, o que contrasta co incremento do 7,2% rexistrado no conxunto do Estado. Tras esta caída Galicia sitúase como a cuarta Comunidade con maior enerxía vendida (11,2% do total estatal) por detrás de Andalucía (16,1%), Castela e León (15,2%) e Aragón (12,8%).

Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o

Balance enerxético de Galicia 2020-21

	Galicia				Galicia / España	
	2020		2021		2020	2021
	MWh	(% total)	MWh	(% total)	(%)	
Xeración renovable	18.556.765,00	75,6	17.978.925,41	74,3	16,8	14,8
Hidráulica	7.917.906,99	32,2	7.692.326,32	31,8	25,8	26,0
Eólica	9.992.238,09	40,7	9.558.896,81	39,5	18,2	15,8
Solar fotovoltaica	21.466,39	0,1	22.253,72	0,1	0,1	0,1
Solar térmica	-	-	-	-	-	-
Hidroeléctrica	-	-	-	-	-	-
Outras renovables	461.901,05	1,9	539.593,27	2,2	10,3	11,4
Resíduos renovables	163.252,48	0,7	165.855,29	0,7	22,5	18,9
Xeración non renovable	5.998.976,64	24,4	6.231.966,97	25,7	4,3	4,5
Turbinación bombeo	21.209,52	0,1	29.632,61	0,1	0,8	1,1
Nuclear	-	-	-	-	-	-
Ciclo combinado	2.212.326,26	9,0	3.694.878,04	15,3	5,0	8,3
Carbón	1.343.813,78	5,5	458.949,03	1,9	26,8	9,2
Motores diesel	-	-	-	-	-	-
Turbina de gas	-	-	-	-	-	-
Turbina de vapor	-	-	-	-	-	-
Coxeración	2.258.374,60	9,2	1.882.652,00	7,8	8,4	7,2
Resíduos non renovables	163.252,48	0,7	165.855,29	0,7	8,1	7,4
Enerxía total xerada	24.555.741,65	100,0	24.210.892,38	100,0	9,8	9,3
Consumos en bombeo	-	268.387,98	-	357.882,68	5,8	8,3
Saldo de intercambios	-	6.874.263,92	-	6.342.706,74	-	-
Demanda en b.c.	17.413.089,74		17.510.302,96		7,0	6,8

Notas

Balance eléctrico: asignación de unidades de producción segundo combustible principal.
 Outras renovables: inclúe biogás, biomasa, hidráulica mariña exotérmica. Os valores de incrementos e ano mobil inclúen residuos ata o 31/12/2014.
 Resíduos renovables: xeración incluída noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.
 Turbinación de bombeo puro + estimación de turbinación de bombeo mixto.
 Ciclo combinado: Inclúe funcionamento en ciclo aberto.
 Coxeración: os valores de incrementos e ano móbil inclúen residuos ata o 31/12/2014.
 Resíduos non renovables: xeración incluída noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.
 Demanda corregida: corregidos os efectos de temperatura e laboralidade.
 Valor positivo: saldo importador; valor negativo: saldo exportador. Os valores de incrementos non se calculan cando os saldos de intercambios teñen distinto signo.

Consulta: 13-07-22

Fonte: Red Eléctrica de España

3.1.30.

68,6% da enerxía vendida en Galicia en 2021 (9.442 xigavattios) corresponde á eólica, seguida da coxeración que representa o 13,6% (1.875 xigavattios) e a enerxía hidráulica, co 11,2% (1.545 xigavattios).

A potencia instalada é de 5.098 megavattios, un 0,4% superior á do ano anterior, o que representa o 9,7% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia mantense no quinto lugar, por detrás de Andalucía (16,6%), Castela e León (15,8%), Castela-A Mancha (13,4%) e Aragón (12,6%).

O consumo de produtos petrolíferos na Comunidade Autónoma aumenta no ano 2021 un 6,6%, taxa signi-

ficativamente inferior á rexistrada en España (23%). Tras esta evolución, o consumo destes produtos ascende en Galicia a 2.364,2 miles de toneladas métricas, o que representa o 6,9% do total estatal (8% no ano anterior).

A devandita medra interanual prodúcese tanto no caso das gasolinas como dos gasóleos, manténdose o descenso experimentado no conxunto de fuelóleos. Dunha banda, o **cadro 3.1.31.** amosa como o consumo de gasolinas e gasóleos medran en Galicia un 22,7% e 8,4%, respectivamente, sendo estas porcentaxes inferiores ás rexistradas no conxunto de España (36,8% e 21,9%). Doutra banda, fronte á redución do 16,3% no consumo

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2020-21

2020

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	2.217.304	214.008	1.718.672	284.624
A Coruña	950.989	87.579	629.208	234.203
Lugo	346.604	24.879	305.022	16.703
Ourense	286.683	24.500	241.340	20.844
Pontevedra	633.027	77.050	543.103	12.874
España	27.735.199	3.832.515	22.585.357	1.317.327
Galicia/España (%)	8,0	5,6	7,6	21,6

2021

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	2.364.214	262.687	1.863.300	238.227
A Coruña	994.187	108.334	696.460	189.393
Lugo	364.721	29.995	321.338	13.388
Ourense	306.964	30.516	253.834	22.614
Pontevedra	698.342	93.842	591.668	12.832
España	34.109.261	5.242.976	27.521.951	1.344.334
Galicia/España (%)	6,9	5,0	6,8	17,7

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

3.1.31.

de fuelóleos en Galicia, España presenta unha medra do 2,1%.


O produto máis consumido son os gasóleos, que representan un 78,8% do consumo total en Galicia (80,7% en España). A importancia relativa do consumo de fuel óleo en Galicia é do 10,1% (3,9% en España) e do 11,1% no caso das gasolinas (15,4% no conxunto do Estado).

Industria da automoción

As Contas económicas anuais de Galicia, publicadas en novembro de 2021 con datos para o ano 2019, rexistran un VEB do sector de Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques de 1.212,8 millóns de euros e 14.792 postos de traballo equivalente a tempo completo. Esta actividade aporta o 16,2% do valor engadido bruto xerado pola industria manufacturera galega nese ano, sendo esta porcentaxe do 15% no ano 2008; no conxunto da economía galega o sector supón o 2,1% do VEB galego total no ano 2019, porcentaxe similar á de 2008. No que respecta ao emprego, o

11% do total de empregados do sector manufactureiro en Galicia o está nas actividades de fabricación de vehículos de motor, sete décimas menos que no ano 2008 (11,7%).

As dificultades polas que atravesaba o sector no ano 2021, como as relacionadas coa crise global de semicondutores ou os problemas de abastecemento, incidiron na caída das afiliacións á Seguridade Social nese ano. A 31 de decembro de 2021 Galicia contaba con 15.068 afiliacións en alta laboral no sector de fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques (1.513 menos que na mesma data do ano anterior; -9,1%), o valor máis reducido dende setembro de 2019 (13.971 afiliacións en decembro de 2013). Do total de afiliacións no sector, 7.352 estaban no subsector de fabricación de compoñentes, pezas e accesorios (48,8% do total); 6.602 no de fabricación de vehículos de motor (43,8%); e as 1.114 restantes no de fabricación de carrocerías (7,4%). Comparado co ano anterior, descende o nivel de afiliacións nas tres ramas de actividade, salientando a caída no subsector de fabricación de vehículos de

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-21 ⁽¹⁾

(1) facturación en millóns de euros
 Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

3.1.32.

motor, cun 13,4% menos (1.014 afiliacións menos); a actividade de fabricación de compoñentes, cun 5,6% (437 menos); e as actividades de fabricación de carrocerías, que perden o 5,3% das súas afiliacións en relación á mesma data de 2020 (62 afiliacións menos).

Os datos facilitados pola Fundación Clúster da Automoción de Galicia (Ceaga) mostran como as 200 empresas do clúster pertencentes a máis de 20 divisións diferentes da clasificación CNAE, pechan o ano 2021 alcanzando máximos de cifra de negocios e exportacións a pesar das dificultades polos problemas de aprovisionamento e encarecemento das materias primas. A facturación das empresas do sector da automoción en Galicia ascende a 11.200 millóns de euros, un 7,3% máis que no ano anterior, e as exportacións totais do sector acadan os 8.160 millóns de euros, un 12,4% superior ao total do ano anterior, o que supón case un terzo das exportacións galegas (32,3%). Entre estas, as exportacións de compoñentes medraron un 1,8% acadando os 1.650 millóns de euros.

Fronte á evolución mostrada polo sector do automóbil en Galicia, a Dirección General de Tráfico (DGT) rexistra un lixeiro descenso das matriculacións de vehículos. Ao longo do ano 2021 matriculáronse 47.599 vehículos, o 3,5% do total estatal, o que supón un descenso do 0,7% respecto ao ano anterior (346 vehículos menos), cando


no ano anterior descendera en 9.181 vehículos (16,1%). Esta caída ven explicada pola caída na matriculación de turismos, con 1.861 matriculacións menos, un 5,3% menos que en 2020 (9.153 turismos menos no ano anterior).

Industria naval

O ano 2021 foi un mal ano para a industria naval (CNAE 30.1) atendendo á evolución do número de afiliacións á Seguridade Social, ao presentar unha caída do 8,4% respecto ás afiliacións rexistradas no ano anterior. A 31 de decembro de 2021, o sector contaba con 4.656 afiliacións, a cifra máis reducida dos últimos sete anos, o que supón unha caída de 428 afiliacións respecto ao ano anterior. O descenso das afiliacións no sector naval rexístrase novamente nas tres provincias, presentando Pontevedra a maior redución tanto en termos absolutos (250 afiliacións menos) como relativos (-9,2%), fronte ao -7,5% nas provincias da Coruña e Lugo (171 e 7 afiliacións menos, respectivamente). No ano 2021 Pontevedra mantense como a provincia galega con maior número de afiliados no naval, con 2.456 persoas (52,7% do total do sector), seguida da Coruña, con 2.114 afiliacións (45,4%).

A diferenza do acontecido nos dous anos anteriores, a actividade contractual no ano 2021 caracterizouse por

Construción naval nos estaleiros galegos 2008-21: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, Construcción naval. Boletín informativo trimestral

3.1.33.

un incremento do número de novos contratos nos estaleiros galegos, asinándose 7 novos contratos, catro máis que no ano anterior. No ano 2021 só hai tres comunidades con novos contratos, Asturias (9 contratos) e País Vasco e Galicia (7 contratos). Esta medra reflíctese nun incremento do arqueo bruto compensado (CGT), de xeito que no último ano ascendeu en Galicia ata os 33.801 CGT, o 28,5% do total estatal, fronte ao 32,6% de Asturias e o 38,9% do País Vasco. Os sete novos contratos están asinados con España, Arxentina e Estados Unidos.

A carteira de pedidos dos estaleiros galegos a 31 de decembro de 2021 descende ata os 14 buques, dous menos que na mesma data do ano anterior, o equivalente a 96.606 CGT (o 33,2% do total estatal). No último ano, o número de buques en carteira ascende en Asturias a 16 buques, e no País Vasco a 15 buques.

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probos oficiais), reflicte que o arqueo bruto compensado dos estaleiros galegos au-

menta no último ano ata as 43.037 CGT, o que a sitúa como a Comunidade con maior actividade, por diante de Asturias (40.877 CGT) e País Vasco (32.718 CGT).

Atendendo á evolución da construción naval nos esta-
leiros galegos dende o ano 2008, o **gráfico 3.1.33**.
amosa o forte impacto negativo da crise financeira
entre 2008 e 2013, cunha caída importante tanto da ac-
tividade contractual como produtiva. A recuperación
posterior leva ao sector a acadar un máximo no ano
2018, con 15 contratos novos e 27 en carteira de pedi-
dos. Así, os datos do ano 2021 atópanse lonxe dos re-
sultados de 2008 e 2018.

Industria téxtil

As contas económicas de Galicia reflicten que o valor
engadido bruto xerado polo sector téxtil (división 13–
15 da CNAE 2009) acadou en Galicia no ano 2019 os
483,6 millóns de euros, dos que 433,7 corresponden á
confección e prendas de vestir e industria de coiro e do
calzado. O número de postos de traballo equivalentes
a tempo completo ascende a 10.926, dos que 9.085
pertencen ao subsector de confección e prendas de
vestir e industria de coiro e do calzado. Atendendo ao
seu peso no conxunto da economía galega, esta rama
de actividade representa o 6,5% do valor engadido
bruto xerado pola industria manufactureira e o 7,9% do
emprego.

O promedio de afiliación á Seguridade Social na indus-
tria téxtil en Galicia foi no ano 2021 de 9.726 afiliacións
á Seguridade Social, 353 menos que no ano anterior, o
que supón o 7,3% das afiliacións da industria manufac-
tureira, tres décimas menos que no ano anterior. Cómp-
re resaltar que esta importancia relativa descende
paulatinamente dende o inicio da crise financeira de
2008, cando supuña o 9,9%. O devandito descenso da
afiliación explícase pola caída experimentada no sector
da confección de roupa de vestir (-4,7%; 378 afiliacións
menos), en tanto que aumenta un 2,6% no caso da in-
dustria de coiro e calzado (8 afiliacións máis) e do 1%
na industria téxtil (17 afiliacións máis). No último ano na
rama de confección de roupa de vestir rexístranse 7.706
afiliados, o 79,2% do total da industria téxtil galega.

Industria da alimentación e bebidas

As contas anuais reflicten que a produción da industria
de alimentación (división 10 e 11 da CNAE 2009) ascen-
deu no ano 2019 a 1.714,4 millóns de euros, e repre-
senta o 22,9% do valor xerado pola industria
manufactureira en Galicia. Con respecto ao ano 2008,
a achega das industrias alimentarias ao VEB industrial
manufactureiro incrementouse case seis puntos
(17,1%).

Dentro da industria da alimentación, a participación
das seis ramas que a forman é a seguinte: a rama da
conserva e do conxelado de peixe achega o 29,2% do
seu VEB, seguida pola fabricación de bebidas, cun
23,7%, e da rama de procesamento e elaboración de
produtos cárnicos, co 17,3% do VEB. O 29,8% restante
divídese entre as ramas de fabricación de produtos
lácteos, fabricación de produtos para a alimentación
animal e outras industrias alimentarias.

No concernente ao emprego, as contas económicas
(datos 2019, último dispoñible) indican que o número
de postos de traballo equivalentes a tempo completo
ascendeu a 32.436 postos de traballo, o 24,2% do total
da industria manufactureira galega, dos que 11.530 co-
rresponden á actividade de procesamento e conserva-
ción de peixes, crustáceos e moluscos (35,5%); e 4.601
ao subsector de procesamento e conservación de carne
e elaboración de produtos cárnicos (14,2%). A fabrica-
ción de produtos lácteos concentra o 7% do emprego
neste subsector industrial (2.267 postos de traballo
equivalentes a tempo completo) e o de bebidas o 9,3%
(3.029 postos).

No ano 2021 as afiliacións á Seguridade Social na in-
dustria da alimentación e fabricación de bebidas ascen-
deron a 33.546 persoas, o que supón unha medra do
1,3% respecto ao ano anterior, das que 30.627 están na
industria de alimentación e as restantes 2.919 afilia-
cións á de fabricación de bebidas (1,3% e 1,4%, respec-
tivamente). Atendendo á súa evolución ao longo dos
últimos anos, o peso relativo da afiliación no sector da
industria da alimentación no total da industria manu-
factureira aumenta ata o 23% no último ano, cinco pun-

Volume de aproveitamento total ⁽¹⁾ segundo especie 2018-21

	2018	2019	2020	2021	21/20
	(en m ³)				(%)
Pinus pinaster	1.694.241,64	1.809.623,54	1.629.422,28	1.905.712,23	17,0
Pinus radiata	1.772.070,02	1.704.128,23	1.628.839,05	1.938.682,74	19,0
Pinus sylvestris	134.513,95	116.710,48	130.481,00	194.675,55	49,2
Outras / mestura coníferas	255.783,01	168.307,32	84.683,42	65.476,19	-22,7
Eucalyptus spp.	5.921.442,62	5.621.413,63	5.287.384,95	5.606.947,48	6,0
Fronosas caducifolias	275.683,12	270.162,62	230.022,79	255.244,68	11,0
Outras frondosas non caducifolias	17.791,32	13.077,14	15.827,62	20.886,61	32,0
Total	10.071.525,67	9.703.422,94	9.006.913,81	9.987.983,74	10,9

(1) Xestión pública e xestión privada

Fonte: Medio Rural, Anuario de Estadística Forestal de Galicia

3.1.34.

tos máis que en 2009, manténdose o sector de fabricación de bebidas en torno ao 2,2% (2% en 2009).

Industria da madeira

Segundo os datos proporcionados polo Anuario de estadística forestal de Galicia, o aproveitamento nos bosques galegos no ano 2021 foi de 10 millóns de metros cúbicos de madeira, o que supón unha medra do 10,9% respecto ao ano anterior, rachando a tendencia descendente dos últimos anos. A principal especie é o Eucalyptus spp., que representa o 56,1% do aproveitamento total.

A industria da madeira e fabricación de mobles (ramas 16 e 31 da CNAE 2009), segundo as contas económicas, xera un VEB no ano 2019 de 490 millóns de euros, dos que 318,6 millóns de euros corresponden as actividades da industria da madeira e da cortiza; o número de postos de traballo equivalente a tempo completo ascende a 12.825, dos que 7.700 postos pertencen á xa citada industria da madeira e da cortiza. A industria da madeira de xeito conxunto representa o 6,5% do valor engadido bruto xerado polo sector manufactureiro e o 9,6% do emprego na industria manufactureira en Galicia.

No ano 2021 as afiliacións á Seguridade Social nas devanditas ramas de actividade acadaron as 12.622 persoas, o que supón o 9,5% das afiliacións da industria

manufactureira, das que 9.008 afiliacións están na industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría (o 71,4%) e as restantes 3.614 afiliacións á fabricación de mobles (28,6%). Respecto ao ano anterior, as afiliacións medran un 2,6% (315 afiliacións máis) se ben o nivel atópase por baixo do rexistrado en 2019 (131 afiliacións menos; -1%).

Construción

O sector da construción presenta novamente en 2021 unha contracción da súa actividade tanto en Galicia como en España. En concreto, se a crise económica orixinada pola pandemia ocasionou no ano 2020 unha caída interanual do 9,4% en Galicia e do 11,3% no conxunto do Estado, o valor engadido xerado polo sector no ano 2021 sofre unha caída do 2,4% en Galicia e do 3,4% en España.

En termos monetarios, o sector da construción en Galicia, segundo os datos da estimación das contas económicas trimestrais do IGE, xerou un VEB de 4.073,5 millóns de euros, o 6,5% do PIB galego no ano 2021; o que determina un emprego no sector de 77.300 postos de traballo equivalente a tempo completo, o 7,6% do total, dúas décimas máis que no ano anterior. No conxunto do Estado o sector da construción representa o 5,2% do PIB e o emprego supón o 7,1% do total de postos de traballo a tempo completo.


A pesar desta contracción económica, as afiliacións á Seguridade Social no sector aumentaron un 3,4%, alcanzando as 77.657 afiliacións, o 7,7% do total galego. Este incremento prodúcese nas distintas ramas de ac-

tividade, salientando as actividades de construción especializada, cunha medra interanual do 2,8% (1.320 afiliacións máis) e a construción de edificios, cu 4,6% (1.072 afiliacións).

Á hora de analizar o sector hai que observar tanto a evolución de indicadores de oferta, entre os que salientan os visados de dirección de obra ou a licitación pública, como os indicadores de demanda, principalmente compravenda de vivendas, número de hipotecas constituídas ou os indicadores de accesibilidade á vivenda.

No que respecta aos visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (**cadro 3.1.37.**), que se poden tomar como un indicador adiantado da actividade no sector, ao longo de 2021 visáronse 1.582 edificios novos, o que supón un 14,1% inferior ao rexistrado no ano anterior. Fronte a este descenso interanual, no conxunto do Estado os visados de obra nova aumentaron un 28,1%. Este descenso tradúcese nunha caída do 21,3% da superficie total, que se sitúa en 993.501 metros cadrados.

VEB e emprego na construción ⁽¹⁾ ⁽²⁾




(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2022)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

3.1.35.

O sector da construción 2019



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia

3.1.36.

Atendendo á súa distribución segundo destino principal, os visados de dirección de obra para uso residencial redúcense en Galicia un 18,8% (aumenta un 30,1% en España) para situarse nos 1.296 visados, reducíndose a superficie un 6,9% (medra un 22,3% en España). Por contra, aumentan os visados de dirección para superficies comerciais e almacenamento ata os 66 visados, un 15,8% máis que no ano anterior (6,4% no conxunto do Estado), reducíndose a superficie total

case un 82% despois do forte incremento experimentado en 2020 (multiplicaba por cinco a superficie respecto ao ano precedente).



A evolución dos visados de obras de reforma e/ou restauración reflicte igualmente o desigual comportamento en Galicia e España. En 2021 reformáronse en Galicia un total de 996 vivendas, un 20,3% menos que no ano anterior (54 vivendas menos), o que contrasta

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2020-21: distribución segundo tipo de obra

Obra nova						
	Galicia			España		
	2020	2021	21/20	2020	2021	21/20
			(%)			(%)
Total edificios	1.842	1.582	-14,1	27.968	35.839	28,1
Uso residencial	1.596	1.296	-18,8	23.939	31.337	30,9
Servizos comerciais	57	66	15,8	1.382	1.471	6,4
Uso industrial	35	32	-8,6	390	442	13,3
Outros	154	188	22,1	2.257	2.589	14,7

Obras de ampliación						
	Galicia			España		
	2020	2021	21/20	2020	2021	21/20
Total edificios	236	168	-28,8	3.686	4.250	15,3
Vivendas	142	123	-13,4	2.804	3.245	15,7
Outros	94	45	-52,1	882	1.005	13,9

Obras de reforma e/ou restauración						
	Galicia			España		
	2020	2021	21/20	2020	2021	21/20
Total edificios	1.572	1.293	-17,7	30.018	32.977	9,9
Vivendas	1.250	996	-20,3	25.076	27.133	8,2
Outros	322	297	-7,8	4.942	5.844	18,3



Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Obras en edificación

3.1.37.

Licitación pública en Galicia e España 2020-21: distribución segundo administracións

	2020		2021		21/20	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de euros)				(%)	
Administración Xeral do Estado	281,1	3.315,0	803,1	7.899,2	185,7	138,3
Mº Transportes, Mov. e Ag. Urb.	223,2	2.141,9	586,8	6.269,6	162,9	192,7
Mº para a Transición Ecolóxica	2,1	369,5	115,3	667,0	5.467,6	80,5
Resto Admón. Xeral	55,9	803,6	101,1	962,6	80,9	19,8
Administración Autonómica	551,1	5.012,3	559,1	6.839,1	1,4	36,4
Administración Local	326,3	6.213,9	473,9	8.960,6	45,2	44,2
Concellos	272,9	4.831,4	423,8	7.007,4	55,3	45,0
Outras Administracións	53,4	1.382,5	50,1	1.953,2	-6,2	41,3
Total licitación	1.158,6	14.541,1	1.836,1	23.698,9	58,5	63,0

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

■ 3.1.38.

co incremento do 8,2% no conxunto do Estado. Estas reformas contaron cun orzamento de 76 millóns de euros, o que supón un descenso interanual do 24,6%.

A licitación de obra pública no ano 2021 caracterizouse por un aumento no seu importe total do 58,5%, incremento impulsado, fundamentalmente, polo comportamento da Administración Xeral do Estado (AXE). No conxunto do Estado a licitación de obra pública medra un 63%. En termos nominais, a licitación pública acadou os 1.836,1 millóns de euros, 677,6 millóns de euros máis que en 2020, o que supón o 7,7% do total estatal.


Atendendo aos distintos niveis administrativos, as tres administracións presentan en 2021 unha medra no importe das súas licitacións. Dunha banda, a AXE, tras a caída do ano anterior (-2,8%) rexistra un incremento do 185,7% e acada os 803,1 millóns de euros (43,7% da licitación total en Galicia). Como mostra o **cadro 3.1.38.**, o investimento do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana sitúase en 586,8 millóns de euros (162,5% máis que en 2020), acadando a licitación pública do Ministerio de Transición Ecolóxica os 115,3 millóns de euros (tan só 2,1 millóns no ano anterior) e os 101,1 millóns de euros a do resto dos ministerios (80,9% máis).

A licitación pública da Administración Autonómica aumenta no último ano un 1,4% para acadar os 559,1 millóns de euros, o que representa o 30,4% da licitación pública total en Galicia. Ao mesmo tempo, a licitación da Administración Local medra un 45,2% no último ano para situarse nos 473,9 millóns de euros, o 25,8% do total.

A provincia con maior volume de licitación de obra pública é A Coruña con 800,3 millóns de euros en 2021, o 43,6% da licitación total de Galicia. Séguelle Ourense, que multiplica por seis o valor das licitacións, con 347,3 millóns (18,9%) e Lugo, con 298,1 millóns de euros (16,2%); e por último Pontevedra, con 293,2 millóns de euros (16%), que é a única provincia que presenta unha redución interanual da licitación pública, cunha caída do 23,2%.

No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, a licitación en obra civil situouse en 2021 en 1.436,3 millóns de euros, máis do dobre do rexistrado no ano anterior (650 millóns), o que supón o 78,2% do total galego. Por contra, a licitación en edificación descende un 21,4% en relación ao ano anterior, acadando os 399,8 millóns de euros (108,7 millóns menos). Este descenso explícase pola caída do 22,4% da edificación non residencial, que se sitúa en 385,5 millóns de euros (111,3 menos que en 2020).

Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2010-21



Fonte: SEOPAN, Licitación regional

3.1.39.

No que aos indicadores de demanda se refire, o principal indicador é a evolución do número de compravenda de vivendas. O **cadro 3.1.40.** mostra que en 2021 o número de compravendas efectuadas sobre vivendas da “Estadística de transmisiones de derechos de la propiedad” do INE medra o 28,7%, case seis puntos menos que en España. No ano anterior as compravendas descendían tanto en Galicia como en España, sendo esta caída máis intensa no conxunto do Estado (-16,9% e -11,1%, respectivamente). En 2021 rexistráronse en Galicia 19.587 transaccións, o 3,5% do total estatal, o que supón 4.372 máis que no ano precedente. As catro provincias galegas presentan unha medra das operacións, salientando A Coruña, con 2.279 transaccións máis (32,5%) e Pontevedra, con 1.360 máis (26,8%). En termos relativos, a provincia cun mellor comportamento é Ourense, cunha medra interanual do 36% (585 compravendas máis) situándose esta porcentaxe no 9,9% en Lugo (148 máis).

O incremento da compravenda de vivendas prodúcese tanto no caso da vivenda nova como usada, e na vivenda libre e protexida. Tano en Galicia como en España, este crecemento é máis intenso na vivenda nova (39,6% en Galicia e 37,7% en España) que na usada (25,7% e 33,8%, respectivamente); e máis acusado na vivenda libre que na protexida. No caso da vivenda protexida, o número de compravendas medra un 20,5% en

Galicia fronte ao 27,7% en España, en tanto que no caso da vivenda libre estas porcentaxes ascenden ata o 29,1% en Galicia e o 35,2% en España.

Outro indicador no ámbito da demanda de vivenda é o número de hipotecas constituídas. Partindo dos datos da Estadística de hipotecas do INE, temos en conta o número de hipotecas novas constituídas sobre vivendas no ano 2021, para o que eliminamos do cómputo total de hipotecas aquelas que modificaron as súas condicións pero que non son en si mesmas hipotecas novas. Os datos do INE amosan que por segundo ano consecutivo descende o número de hipotecas constituídas sobre vivendas e aumenta o seu importe medio.

O **cadro 3.1.41.** reflicte que tras unha redución interanual do 12,8%, constituíronse en Galicia un total de 8.659 hipotecas novas sobre vivendas, caída moi inferior á rexistrada no conxunto de España (-22,5%). Tras esta evolución, o peso relativo no total estatal aumenta ata o 4,1%, cinco décimas máis que no ano anterior (5% en 2008).

Por tanto, o número de hipotecas novas sobre vivendas é moi inferior ás compravendas rexistradas, o que é indicativo dun cambio na forma de financiar a compra de vivenda. En 2021 o número de compravendas supera en 2,3 veces o número de hipotecas en Galicia fronte

Compravenda de vivendas en Galicia e España 2008-21

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
2008	26.590	11.654	3.904	3.079	7.953	552.080
2013	12.568	5.286	2.047	1.365	3.870	312.593
2019	17.108	8.060	1.842	1.676	5.530	505.467
2020	15.215	7.018	1.627	1.493	5.077	420.238
2021	19.587	9.297	2.212	1.641	6.437	565.523
21/08	-7.003	-2.357	-1.692	-1.438	-1.516	13.443
21/20	4.372	2.279	585	148	1.360	145.285

Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.1.40.

Hipotecas en vivenda (sen cambios nas condicións) en Galicia e España 2008-21

	Hipotecas novas (sen cambios nas condicións)						Importe medio					
	2008	2013	2019	2020	2021	21/20	2008	2013	2019	2020	2021	21/20
							<i>(en miles de euros)</i>					
Galicia	28.789	3.637	10.522	9.930	8.659	-12,8	144,5	224,5	106,9	117,9	176,7	49,9
España	579.330	45.267	321.748	272.060	210.969	-22,5	201,6	441,2	141,1	167,3	272,9	63,2
Galicia / España (%)	5,0	8,0	3,3	3,6	4,1		71,7	50,9	75,8	70,5	64,7	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.1.41.

ás 2,7 veces en España, cando no ano anterior esta relación era de 1,5 veces en ambos os dous casos e de 1,6 veces en 2019. Non obstante, cómpre resaltar que se ben en 2008 ambos indicadores eran similares, en 2013 o número de compravendas superaba en 3,5 veces o de hipotecas en Galicia fronte ás case sete en España (6,9).

O importe medio das hipotecas novas sobre vivendas en Galicia foi no ano 2021 de 176.700 euros, o 64,7% do importe medio nacional. Con respecto ao ano anterior o importe medio creceu un 49,9%, máis de trece puntos inferior á rexistrada no conxunto de España (63,2%).

O indicador do INE sobre prezos da vivenda reflicte un aumento medio de prezos en 2021 do 4,6%, case dous puntos e medio máis que no ano anterior (2,2%). A di-

ferenza do acontecido en 2020, os prezos da vivenda presentan un incremento inferior aos de segunda man, situándose estas taxas de variación interanual no 3,3% e 4,8%, respectivamente (5,5% e 1,8% no ano anterior).

Finalmente, dentro dos indicadores de accesibilidade á vivenda publicados polo IGE, o esforzo que unha persoa asalariada ten de realizar anualmente para facer fronte ás súas obrigas coa entidade financeira –porcentaxe de salario dedicado á cota da hipoteca– descende ata situarse no 23%, 1,3 puntos porcentuais menos que no ano anterior, acadando o nivel máis baixo da serie histórica (49,1% en 2008).

O prezo adquirible, definido como o prezo máximo que se pode permitir pagar a persoa asalariada media por unha vivenda estándar para que non teña que dedicar máis dun terzo do seu salario anual ao pago da cota

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2008-21

	Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivienda libre	
	Mibor a un ano	Euribor a un ano	A más de 3 anos Entid. de crédito España	Entre 1 e 5 anos Entid. de crédito Zona euro
	(medias anuais)			
2008	4,807	4,814	5,835	-
2013	0,536	0,536	3,353	3,093
2019	-0,215	-0,215	1,935	1,730
2020	-0,303	-0,303	1,727	1,573
2021	-0,491	-0,491	1,503	1,468

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

■ 3.1.42.

anual correspondente a un préstamo hipotecario medio polo 80% do prezo da vivenda, ascende no ano 2021 en Galicia ata os 175.583 euros, once mil euros máis que en 2020

A mellora na accesibilidade tamén se reflicte na evolución do cociente entre o prezo medio dunha vivenda e o salario anual medio do traballador, que en 2021 mantense en 5,7 anos, é dicir, necesita case seis anos de salario íntegro para poder comprar unha vivenda estándar sen financiamento (5,8 anos en 2019 e 8,4 anos en 2008). □

Sector servizos

O VEB xerado polo sector servizos no ano 2021 medra un 6,6% de media en termos reais, seis décimas por riba do estimado para o conxunto do Estado. No ano anterior, as medidas aprobadas ante a expansión da covid tiveron unha forte incidencia no sector, que presentou unha contracción do 8,8% en Galicia e do 11,5% en España.


Todas as principais ramas de actividade do sector servizos rexistran no ano 2021 incrementos do seu VEB medido en base aos índices de volume encadeados, agás a de “información e comunicacións” (-0,1%). As ramas de “comercio, transporte e hostalería” e “actividades artísticas, recreativas e outros servizos”, as máis afectadas polas limitacións impostas a determinadas actividades do sector para facer fronte á pandemia en 2020, con caídas interanuais superiores ao 20%, son as actividades con maior dinamismo no ano 2021, con incremento na xeración do VEB do 15% e 9,6%, respectivamente. Con todo, hai que ter en conta que ao longo de 2021 aínda houbo restricións que afectaron ao normal funcionamento da actividade do sector “comercio, transporte e hostalería”. Asemade, as “actividades profesionais” medran un 4,8% cando no ano anterior este subsector contraíase un 10,2%.

En termos monetarios, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 40.376,6 millóns de euros, o que representa o 70,4% do VEB galego (64% no caso do PIB). No conxunto do Estado estas porcentaxes ascenden ata o 74,3% e 67,2%, respectivamente. Segundo as contas económicas trimestrais, Galicia xera o 5% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado.

Os indicadores de actividade do sector servizos proporcionan información da evolución no curto prazo da actividade das empresas do sector. Tal como se indica no informe de indicadores de actividade do sector servizos publicado polo IGE en base aos microdatos sobre estes indicadores subministrados polo INE, **cadro 3.1.47.**, o índice xeral para o conxunto do ano 2021, tras a caída sen precedentes do ano anterior (-13,6%), aumenta un 17,8% en Galicia, e un 30,3% no conxunto do Estado. Esta evolución indica unha medra nos importes facturados polas empresas pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico das empresas do sector, incluídos os realizados por subcontratación.

A reactivación económica reflíctese nunha medra do

VEB e emprego nos servizos (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2022)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*.

3.1.43.

índice de cifra de negocios en todas as ramas de actividade. Dunha banda, o comercio medra un 15,2% en Galicia e un 15,8% en España. Doutra, nos “Outros servizos” a facturación aumenta en Galicia un 25,3% fronte ao 15,8% en España.

Tras o forte impacto da crise de 2020 na hostalería e nas actividades administrativas e servizos auxiliares, estas actividades presentan unha medra do 29,6% e 1,6%, respectivamente, rexistrándose as taxas de variación interanuais máis elevadas no sector de transporte e almacenamento, cun incremento do 36,7%. Asemade, a cifra de negocio nas actividades profesionais, científicas e técnicas medran en 2021 un 20,7% respecto ao ano anterior.

A medra no índice de cifras de negocios do comercio (15,2% en termos interanuais) ven motivada polo comportamento nas tres ramas que engloban as distintas actividades que o integran, isto é, aumentan os importes facturados na venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (17,1%), así como o facturado tanto no comercio ao retalho como no comercio por xunto e intermediarios do comercio (7,1% e 17,1%, respectivamente).



A mellora da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O emprego no sector medra en Galicia un 7,1% no último ano, fronte ao descenso do 7,7% do ano anterior, rexistrándose taxas de variación interanuais positivas en todas as ramas de actividade.

O maior incremento do emprego en termos relativos e en base a postos de traballo equivalentes a tempo completo, prodúcese nas actividades de comercio, transporte e hostalería, cunha medra do 11,7%, sendo o sector que presentara o maior impacto negativo da crise orixinada pola pandemia (-15,1%). A continuación situaríanse as actividades profesionais, científicas e técnicas, co 6,8% (-5,2% no ano anterior). Xunto a estes dous subsectores cómpre mencionar a evolución das actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que tras a destrución do 9,1% dos postos de traballo equivalente a tempo completo en 2020, experimenta unha medra interanual do 3,5% en 2021.

Os datos de afiliacións recollen igualmente a mellora da actividade do sector servizos en 2021. Este indicador indica unha mellora da ocupación do 23%, medio punto por baixo do rexistrado polo conxunto do mercado de

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2019

O sector servizos



Fonte: IGE, Contas económicas de Galicia.

3.1.44.

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade 2008-21

	2008	2013	2018	2020	2021
	(%)				
Xeral	-1,5	-2,6	5,0	-13,6	17,8
Comercio	-1,9	-2,4	5,5	-15,6	15,2
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	-16,4	-0,3	8,5	-13,0	17,1
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	0,9	-2,2	6,5	-19,7	17,9
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-1,2	-3,4	2,4	-3,7	7,1
Outros servizos	-0,1	-3,0	3,5	-7,5	25,2
Transporte e almacenamento	-1,2	-1,2	3,2	12,0	36,7
Hostalería	-1,6	-3,8	-1,5	-47,9	29,6
Información e comunicacións	1,1	-8,8	0,0	1,0	4,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6,7	-4,8	6,3	-0,4	20,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	-4,2	4,5	12,5	-30,3	1,6

(1) Base 2015. Tasas de variación da media do que vai de ano
 Fonte: IGE, Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos.

3.1.45.

traballo galego. En termos absolutos o incremento foi de 16.215 afiliacións, presentando o mellor comportamento o sector da educación (CNAE 85), cunha medra do 3.038 afiliacións (6,1%), por diante das actividades sanitarias (CNAE 86), con 2.193 afiliacións máis (3,4%) e as actividades relacionadas co emprego (CNAE 78), con 1.821 afiliacións (18,9% máis que no ano anterior). No extremo oposto, seguen os problemas no sector de servizos de comida e bebidas (CNAE 56), que presenta unha minoración de 1.475 afiliacións (-2,4%).

Tras esta evolución, o número de afiliacións no sector servizos ascende 732.175, o que representa o 72,2% do emprego en Galicia. Por ramas de actividade, salienta por número de afiliacións o subsector do comercio ao retallo agás vehículos de motor (CNAE 47), con 105.423 afiliacións, o 14,4% do emprego no sector, por diante das actividades sanitarias, con 66.548 afiliacións (9,1%), e as actividades de servizos de comidas e bebidas, con 60.976 (o 8,3%).

Comercio


As medidas aprobadas en 2020 para facer fronte á pandemia de covid-19 non só limitaron o acceso á oferta comercial aos consumidores, que se viron obrigados a reducir o consumo de determinados bens, senón que

reorientaron os seus hábitos de compra. En termos macroeconómicos, as contas trimestrais de Galicia reflicten unha medra do gasto das familias do 4,2% en 2021, cando no ano anterior este contraíase un 11,4%.

A devandita recuperación no consumo favorece que o índice xeral de vendas ao retallo, medido en prezos constantes, presente no último ano unha taxa de variación interanual positiva do 1,7%, punto e medio inferior á media española. Esta maior taxa de variación interanual en España ven dado en boa medida polo acusado descenso experimentado no ano anterior, que se situou en -6,8%, máis de catro puntos e medio superior á rexistrada en Galicia (-2,5%). Tal como se aprecia no **cadro 3.1.46.**, o índice de ocupación presenta unha medra do 0,6% respecto ao ano anterior tanto en Galicia como en España, cando no ano anterior a redución fora do 1,4% e 2,4%, respectivamente.

O número de establecementos de comercio ao retallo en Galicia a 1 de xaneiro de 2021, contabilizados a partir do Directorio central de empresas do INE, ascendeu a 33.410 locais, sendo a súa importancia relativa no total galego do 15%, e o número de empresas ascende a 26.261, o que representa o 13,5% do total galego. No conxunto do Estado este sector concentra o 14% dos locais e o 12,7% das empresas. O forte impacto da

Comercio interior minorista 2008-21: índices de vendas e ocupación ⁽¹⁾



(1) Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009 Comercio ao retalho, excepto de vehículos de motor e motocicletas
 Fonte: INE, Índice de comercio al por menor

3.1.46.

covid no sector reflíctese nunha caída do número de locais do 2,3% (793 locais menos) e do número de empresas de comercio minoristas nun 2,5% (672 menos). No conxunto do Estado a caída foi menos intensa, situándose a taxa de variación interanual no 2,1% e 1,9%, respectivamente.

Atendendo á desagregación segundo actividade, cómpre resaltar a importancia dos establecementos de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 11.472 locais (5,1% do total de Galicia), do comercio polo miúdo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados, con 6.078 locais (2,7% do total de Galicia), así como as ac-

tividades de comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados, con 5.689 locais (2,5% do total de Galicia). En termos do número de empresas, o subsector máis importante é o de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 9.001, o 4,6% do total de Galicia, seguido dos produtos alimenticios en establecementos especializados, con 4.929, o 2,5% do total galego.

Por outra banda, a 1 de xaneiro de 2021 en Galicia había un total de 6.227 establecementos dedicados á venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45) e 15.328 locais dedicados ao comercio por xunto e

Comercio minorista en Galicia e España 2019-21

	Empresas (1)				Locais (1)			
	2019	2020	2021	21/20	2019	2020	2021	21/20
Galicia	28.156	26.933	26.261	-672	35.665	34.203	33.410	-793
España	443.418	435.836	427.637	-8.199	559.301	550.310	541.464	-8.846

(1) datos a partir de INE, *Directorio central de empresas* (datos a 1 de xaneiro de cada ano)Fonte: INE, *Explotación estadística do directorio central de empresas*. DIRCE

3.1.47.

intermediarios de comercio (CNAE 46), o que representa o 2,8% e 6,9%, do total galego, respectivamente. En termos de número de empresas, o Dirce reflicte que hai un total de 12.755 empresas dedicadas ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (o 6,6% das empresas) e 5.075 empresas no ámbito da venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (2,6%).

En termos de emprego, tal como recolle o **cadro 2.1.6. [Afiliações á Seguridade Social 2020-21: distribución segundo principais ramas de actividade]**, a actividade de comercio ao retalho, agás vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), segue a ser con diferenza a que acolle un maior número de afiliacións á S.S., con 105.423 persoas afiliadas no ano 2021, o 10,4% do total, o que supón un 0,9% máis que as rexistradas no ano anterior. En sétimo lugar en termos de afiliacións atópase a actividade de comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), que tras unha medra do 1% acadara as 48.086 afiliacións, o 4,7% do total de Galicia.

Finalmente, destacar que no que respecta a distribución da afiliacións por réximes de cotización, o 28,4% do total de afiliados na actividade de comercio ao retalho pertencen ao réxime especial de autónomos, e do 24,6% no caso do comercio por xunto, sendo estas porcentaxes superiores á do conxunto de Galicia (20,6%).

Turismo

A crise sanitaria da covid-19 golpeou de xeito especialmente virulento ao sector turístico, como consecuencia tanto da caída da demanda como polas medidas im-

postas, tanto dentro do país como nos mercados emisores. Como consecuencia, o número de turistas rexistrados nos establecementos hoteleiros de Galicia (Enquisa de ocupación hoteleira, INE) caeu de media no ano 2020 un 62,9% respecto ao ano anterior, 5,5 puntos porcentuais menos que a caída media no conxunto do Estado (-68,4%).

Coa reactivación da actividade económica e o levantamento das restricións que aínda afectaban no primeiro trimestre do ano, o número de turistas rexistrados nos establecementos hoteleiros en Galicia supera os tres millóns de persoas, situándose nos 3.134.816 viaxeiros e viaxeiras, o 5,2% do total estatal, catro décimas máis que no ano anterior (4,1% antes da crise orixinada pola pandemia). En relación ao ano anterior, o número de viaxeiros medra un 88,8% (1.474.729 persoas máis), sendo este incremento máis intenso no caso do turismo estranxeiro, cunha medra interanual do 140,8% (273.392 persoas) fronte ao 82% no caso dos residentes en España (1.201.337 persoas máis). Con todo, o número de viaxeiros en establecementos hoteleiros aínda se mantén significativamente por baixo do nivel de 2019, cando chegaron a Galicia en torno a 4.450.000 persoas.

Tras esta evolución o 85,1% dos viaxeiros que visitaron Galicia eran residentes en España (2.667.267 persoas) e só o 14,9% restante foron viaxeiros residentes no estranxeiro (467.549 persoas). No conxunto de España o turismo estranxeiro representa o 33,6% e o nacional, o 66,4%.

Todas as provincias presentan incrementos significati-

Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2020-21 ⁽¹⁾

2020

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	1.660.087	1.465.930	194.157	3.526.296	3.094.958	431.337	2,12
A Coruña	675.314	579.941	95.373	1.388.805	1.178.723	210.082	2,06
Lugo	225.977	209.903	16.075	405.375	374.572	30.803	1,79
Ourense	171.707	157.967	13.739	327.836	294.449	33.387	1,91
Pontevedra	587.089	518.119	68.970	1.404.280	1.247.214	157.065	2,39
España	34.589.072	23.694.815	10.894.257	92.223.038	51.151.051	41.071.987	2,67

2021


	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.134.816	2.667.267	467.549	6.512.333	5.650.698	861.635	2,08
A Coruña	1.347.308	1.111.311	235.996	2.698.748	2.262.127	436.621	2,00
Lugo	477.832	421.880	55.953	815.735	738.388	77.347	1,71
Ourense	265.032	243.694	21.338	495.651	461.692	33.959	1,87
Pontevedra	1.044.644	890.382	154.262	2.502.199	2.188.491	313.708	2,40
España	60.437.585	40.103.374	20.334.210	172.160.869	90.471.865	81.689.004	2,85

(1) datos 2021 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.48.

Viaxeiros e pernoctacións 2010-21: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2021 son provisionais



Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.49.

Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2019-21 ⁽¹⁾

	Galicia			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2019	40,5	67,4	21,4	2,02
2020	23,7	44,0	0,0	2,12
2021	34,3	69,7	10,4	2,08

	España			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2019	60,1	76,9	45,1	3,15
2020	39,0	50,7	0,0	2,67
2021	43,3	65,1	14,4	2,85



(1) datos 2021 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.50.

vos no número de viaxeiros e viaxeiras, rexistrándose os máis acusados en Lugo e A Coruña, co 111,5% e 99,5%, respectivamente. En Pontevedra a medra interanual foi do 77,9%, sendo Ourense a única provincia cunha medra inferior á media estatal, co 54,4% (74,7% de media en España). A provincia da Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 1.347.308 persoas, 671.995 persoas máis que en 2020,

seguida de Pontevedra, con 1.044.664 viaxeiros, 457.555 persoas máis que no ano anterior.

En paralelo a este incremento do número de viaxeiros e viaxeiras, no ano 2021 rexístrase unha medra no número de pernoitas en establecementos hoteleiros. As pernoitas rexistradas aumentaron en Galicia un 84,7% respecto aos datos do ano precedente (86,7% no con-

xunto do Estado) acadando as 6,5 millóns, tres millóns de pernoitas máis que no ano anterior, o que supón o 3,8% do total estatal, porcentaxe similar á do ano anterior (2,6% en 2019).

A forte incremento tanto no número de viaxeiros como de pernoitas implica unha mantemento na estadía media nos establecementos hoteleiros galegos, que en 2020 se sitúa en 2,08 días, o que contrasta co incremento no conxunto do Estado onde a estadía media ascende a 2,85 días. O maior incremento porcentual de viaxeiros estranxeiros que das súas pernoitas favorece o descenso na estadía media destes viaxeiros ata os 1,84 días (2,22 no ano anterior), en tanto que a rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España mantense practicamente constante (2,11 días no último ano). A estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 4,02 días e a dos viaxeiros españois, de 2,26 días. Ao igual que acontecera en anos anteriores, as catro provincias galegas presentan estadías medias inferiores á media estatal, tanto para non residentes como para residentes, agás na provincia de Pontevedra, onde se rexistra unha estadía para residentes superior á estatal (2,46 días fronte a 2,26 en España).

A marcada estacionalidade que caracteriza ao sector turístico galego veuse modificada polo efecto da expansión do virus. Así, tal como se reflicte no **cadro 3.1.50.**, o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia no ano 2021 foi do 69,7% e rexistrouse no mes de agosto, e o mínimo, do 10,4%, no mes de xaneiro, coincidindo ademais cun repunte dos casos de covid. Para o conxunto de España, os máximo e mínimos alcánzanse nos mesmos meses, situándose estas porcentaxes no 65% e o 14%, respectivamente. No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza aumenta en Galicia ata o 34,3% (23,7% no ano anterior), porcentaxe que se sitúa por baixo do nivel acadado no ano previo á crise (40,5%). Este grado de ocupación é significativamente inferior á media estatal, onde alcanza o 43,3% (60,1% en 2019).

A evolución dos prezos recibidos polas empresas estúdase a partir do índice de prezos hoteleiros (IPH), que

ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clientes, isto é, a fogares, empresas, touroperadores e axencias de viaxes. Fronte á caída experimentada en 2020, a taxa media ponderada do IPH volve a aumentar no último ano, cunha medra do 11,8% (dato provisional). Este índice medra en todas as CC.AA., situándose a media estatal no conxunto do Estado do 12,9%.

A rendibilidade das actividades hoteleiras valórase a partir da análise de dous indicadores de rendibilidade do sector, como son a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.

Dunha banda, a tarifa media diaria mide os ingresos medios obtidos por habitación ocupada diariamente. Galicia rexistra no ano 2021 (dato provisional) unha tarifa media de 64,2 euros, un 11,4% máis que no ano anterior; situándose como a quinta C.A. coa tarifa máis reducida só por detrás de Castela-A Mancha, Castela e León, Extremadura e Aragón. No conxunto do Estado a tarifa media medra un 14,5% en relación ao ano anterior, ascendendo o ingreso medio diario a 93,5 euros.

O ingreso medio por habitación dispoñible aumenta no último ano en Galicia un 57,6%, acadando os 24,5 euros nominais en Galicia, lonxe dos 45,6 euros en España (43,5% superior ao do ano 2020), e o cuarto máis reducido do Estado, só por detrás de Castela-A Mancha, Extremadura e Castela e León.

Finalmente compre analizar o chamado turismo extra-hoteleiro, que integra ao o turismo rural e ás vivendas de uso turístico (VUT), entendidas estas últimas como vivendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración (inferior a trinta días consecutivos), amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.

Ao igual que acontece no ámbito do turismo hoteleiro, o turismo rural no ano 2021 en Galicia presenta unha

Turismo rural en Galicia e España 2019-21 ⁽¹⁾: principais indicadores

	2019		2020		2021		20/19		21/20	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Nº aloxamentos rurais abertos ⁽²⁾	449	17.145	283	11.668	374	15.048	-166	-5.477	91	3.380
Viaxeiros	227.377	4.421.371	78.657	2.082.909	158.718	3.350.224	-148.720	-2.338.462	80.061	1.267.315
residentes en España	155.819	3.533.544	73.168	1.901.195	137.923	2.877.761	-82.651	-1.632.349	64.755	976.566
residentes no estranxeiro	71.558	887.827	5.489	181.714	20.795	472.463	-66.069	-706.113	15.306	290.749
Pernoitas	426.988	11.726.034	185.522	6.314.601	318.019	9.690.953	-241.466	-5.411.433	132.497	3.376.352
residentes en España	314.392	8.521.062	174.493	5.600.543	283.544	7.899.669	-139.899	-2.920.519	109.051	2.299.126
residentes no estranxeiro	112.596	3.204.972	11.029	714.058	34.475	1.791.284	-101.567	-2.490.914	23.446	1.077.226
Grao de ocupación por praza	(%)									
media	19,7	19,2	13,7	15,5	17,5	18,4				
fin de semana	29,0	32,7	20,5	23,8	26,6	29,7				
Estadía media (en días)	1,88	2,65	2,36	3,03	2,00	2,89				

(1) datos 2019-20 son definitivos e 2021 son provisionais

(2) Media ponderada dos doce meses do ano.

Fonte: INE, Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural

3.1.51.

evolución marcadamente positiva, se ben as distintas variables recollidas no **cadro 3.1.51.** reflicten valores inferiores aos do ano previo á pandemia. No último ano Galicia duplica o número de viaxeiros neste tipo de aloxamentos acadando os 158.718 viaxeiros, 80.061 máis que no ano anterior, cifra que aínda está por baixo do nivel de 2019 (222.377 persoas). De xeito paralelo, o número de pernoitas medra un 71,4%, rexistrándose 318.019 pernoitas, o que supón 132.497 máis que no ano precedente (426.988 no ano 2019).

No conxunto do Estado o número de viaxeiros e viaxeiras de turismo rural aumenta de media nun 60,8% e as pernoitas nun 53,5%, polo que o peso relativo da actividade en Galicia no total estatal sitúase no 4,7% no caso dos viaxeiros (3,8% no ano anterior), e ata o 3,2% no caso das pernoitas, tres décimas máis que o peso relativo das mesmas no ano 2020. No ano anterior á pandemia, estas porcentaxes eran catro décimas superiores, alcanzando o 5,1% e 3,6%, respectivamente.

A medra no número de turistas esténdese tanto ás persoas residentes en España como ás residentes no estranxeiro, con incrementos próximos aos 64.800 e 15.300 viaxeiros, respectivamente; en termos relativos este incremento foi do 88,5% e 278,8% en relación aos viaxeiros

e viaxeiras en aloxamentos de turismo rural rexistrados en Galicia no ano 2020. O número total de persoas viaxeiras residentes no estranxeiro ascende a 20.795 fronte ás 137.923 persoas de nacionalidade española.

Ao igual que no ano anterior, o peso do turismo estranxeiro en Galicia sobre o total de viaxeiros nos establecementos de turismo rural é inferior á media estatal, cun 13,1% fronte ao 14,1% no conxunto do Estado. En 2019, o turismo estranxeiro representaba en Galicia o 31,5% mentres que en España supuña o 20,1%.

No último ano o número medio de establecementos de turismo rural aumenta en Galicia ata os 374 establecementos, 91 máis que no ano anterior (449 establecementos no ano 2019). Este incremento tradúcese nunha medra moi importante do número de prazas estimadas, que se sitúa en 4.878, un 34% superior ás do ano anterior (1.239 prazas máis). Tendo en conta o maior crecemento interanual rexistrado en España (28,8%), Galicia acolle o 2,5% dos establecementos e o 3,4% das prazas totais estimadas, porcentaxes superiores ás do ano anterior (2,4% dos establecementos e o 3,3% das prazas). A pesar deste incremento, o turismo rural aínda non acadou os niveis previos á crise orixinada pola covid.

Vivendas de uso turístico 2020-21

2020

	Establecimientos	Cuartos	Prazas
Galicia	9.872	28.304	50.134
A Coruña	3.714	10.688	19.517
Lugo	1.277	3.739	6.074
Ourense	362	1.044	1.942
Pontevedra	4.519	12.833	22.601

2021

	Establecimientos	Cuartos	Prazas
Galicia	12.070	32.479	64.172
A Coruña	4.345	12.313	23.560
Lugo	1.568	4.066	8.219
Ourense	434	1.209	2.369
Pontevedra	5.723	14.891	30.024
Galicia 21/20	22,3	14,8	28,0

Fonte: IGE, *Aloxamentos turísticos*

3.1.52.

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural ascendeu en Galicia no ano 2021 ata o 17,5%, case catro puntos superior á do ano anterior (13,7%), sendo inferior á rexistrada de media en España (18,4%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza acadou o 26,6% na Comunidade Autónoma, seis puntos máis que no ano anterior, e o 29,7% no conxunto do Estado. En ambos os dous casos, estes graos de ocupación sitúanse por baixo do rexistrado no ano 2019, que ascende de media en Galicia ata o 19,7% e o 29% na fin de semana (19,2% e 32,7%, respectivamente, en España). A estadía media nestes establecementos descende en 2021 ata os 2 días en Galicia e 2,89 días da media no conxunto do Estado, niveis lixeiramente superiores ás do ano 2019 (1,88 e 2,65, respectivamente).

As vivendas de uso turístico estanse a converter nun referente indispensable á hora de analizar o sector turístico. Os datos do rexistro de aloxamentos turísticos publicados polo IGE amosan que en 2021 Galicia contaba con 12.070 establecementos. Comparado co ano anterior, o número de establecementos medrou un 22,3%, o que supón 2.198 establecementos máis. Deste xeito, **cadro 3.1.52.**, aumenta o número de habitacións ata as 32.479, un 14,8% máis que no ano

2020 (4.175 habitacións). As prazas rexistradas situábanse en 64.172, o que supón unha medra do 28% respecto ao ano anterior (14.038 prazas máis).

A provincia de Pontevedra non só segue sendo a que rexistra o maior número de establecementos, prazas e habitacións, senón que no último ano aumenta lixeiramente a súa concentración. Así, Pontevedra acolle o 47,4% dos establecementos fronte ao 36% na Coruña, situándose estas porcentaxes arredor do 46% no caso das habitacións e prazas en Pontevedra fronte a 37% na provincia da Coruña.

Un último aspecto a ter en conta é o turismo vinculado á peregrinación a Santiago de Compostela. O levantamento das restricións de mobilidade favorece o incremento do número de peregrinos. A oficina de acollida ao peregrino contabiliza en 2021 un total de 178.912 persoas, cifra sensiblemente inferior á rexistrada antes da pandemia (347.578 peregrinos). A diferenza do acontecido en 2019, no último ano o número de homes que peregrinan supera ao das mulleres (o 50,4% son homes) cando no ano 2019 supoñen o 48,8%.

Atendendo á nacionalidade dos peregrinos, máis de dous terzos son persoas españolas (68,3%), entre os

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2020-21

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2020	2021	21/20	2020	2021	21/20
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	115.650,5	109.311,4	-5,5	37.032,0	43.046,0	16,2
Ferrocarril (2)	1.444,0	1.372,8	-4,9	237,4	441,7	86,0
Marítimo (3)	28.412,9	30.315,5	6,7	19,1	69,1	262,7
Marítimo (4)	1.251,9	1.549,7	23,8	726,3	996,5	37,2
Aéreo	3.341,7	5.828,5	74,4	1.675,6	2.798,2	67,0

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruzeiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

3.1.53.

que sobresaen as persoas procedentes de Andalucía e Madrid, que representan o 13,9% e 12,3% do total de peregrinos. Entre os estranxeiros, cómpre resaltar o peso das persoas de nacionalidade portuguesa, o 5,3%, e os de nacionalidade italiana, co 4,4%.

Máis da metade dos peregrinos recorren o camiño francés, con 98.090 persoas (o 54,8% do total), seguíndolle o camiño portugués, con 34.247 persoas, o 19,1% do total. Comparado co peso relativo rexistrado en 2019 cómpre resaltar o descenso experimentado no caso do camiño portugués (20,8% antes da pandemia) así como o aumento no caso do camiño inglés (4,5% en 2019 e 6,1% en 2021) e o camiño primitivo (4,5% e 5,7%, respectivamente).

Transporte

O ano 2020 estivo condicionado pola limitación á mobilidade das persoas como medio para frear a propagación da pandemia, polo que o transporte de pasaxeiros foi unha das ramas de actividade máis afectadas pola crise. No ano 2021 aumenta o tráfico de pasaxeiros nos diferentes medios de transporte, reducíndose por contra o tráfico de mercadorías por estrada e ferrocarril. Por contra, o tráfico de mercadorías aumenta no caso do transporte marítimo e aéreo.

A estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías,

seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros (**cadro 3.1.53.**).

Case tres cuartas partes das mercadorías con orixe ou destino en Galicia no ano 2021 utilizaron o transporte por estrada. O volume de mercadorías transportadas por estrada caeu un 5,5% no último ano, o que contrasta co incremento experimentado en España (10,8%). Deste xeito, o peso relativo sobre o total do Estado do transporte de mercadorías por estrada redúcese ata o 6,7% cando no ano anterior supuña o 7,9%.

No que respecta ao transporte por estrada dentro de España, **cadro 3.1.54.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego é do 26,9%, porcentaxe lixeiramente superior á media estatal, que é do 24,3%. O peso relativo do comercio intrarrexional en Galicia mantense como o cuarto máis importante do Estado, por detrás de Canarias, Baleares e Andalucía, co 68,8% do total, situándose a media estatal no 53,4%. Finalmente o 5% do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe ou destino internacional, seis décimas porcentuais menos que na media do Estado.

O tráfico de mercadorías nos portos de Interese do Estado en Galicia medrou en 2021 un 6,7% en relación ao rexistrado no ano anterior, punto e medio por riba do rexistrado en España, aínda que segue sendo o segundo medio de transporte en importancia en canto a

Transporte de mercadorías por estrada nas CC.AA. 2020-21 ⁽¹⁾

	2020				2021				21/20
	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional (%)	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional (%)	
Galicia	115.651	67,6	22,5	4,5	109.311	68,8	26,9	5,0	-5,5
Total	1.468.180	54,6	23,9	5,5	1.626.818	53,4	24,3	5,6	10,8

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camiós con capacidade de carga útil superior a 3,5 Tm. e con peso superior a 6 Tm., matriculados en España
 Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Transporte de mercancías por carretera*

3.1.54.

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2020-21

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021
	(en tm.)					
Total	10.337.928	11.490.271	10.406.668	10.673.195	7.375.038	7.863.050
A Coruña	7.114.837	7.992.423	2.548.245	2.934.097	839.877	845.562
Ferrol-San Cibrao	2.929.634	3.172.236	6.377.977	5.994.195	712.463	764.962
Marín-Ría de Pontevedra	-	-	865.211	984.648	1.207.947	1.195.517
Vigo	57.745	51.964	300.986	334.290	3.957.970	4.253.058
Vilagarcía	235.712	273.648	314.249	425.965	656.781	803.951
Total Portos do Estado	167.967.448	171.341.840	77.031.623	85.063.983	262.454.783	275.762.836
Galicia / España (%)	6,2	6,7	13,5	12,5	2,8	2,9

	Pesca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021
	(en tm.)					
Total	74.592	67.381	218.633	221.620	28.412.859	30.315.517
A Coruña	33.171	28.390	59.900	70.238	10.596.030	11.870.710
Ferrol-San Cibrao	131	234	13.245	14.653	10.033.450	9.946.280
Marín-Ría de Pontevedra	1.895	2.732	24.711	23.069	2.099.764	2.205.966
Vigo	39.395	36.025	115.515	105.902	4.471.611	4.781.239
Vilagarcía	-	-	5.262	7.758	1.212.004	1.511.322
Total Portos do Estado	162.947	160.106	9.571.229	11.800.803	517.188.030	544.129.568
Galicia / España (%)	45,8	42,1	2,3	1,9	5,5	5,6

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Transporte marítimo*

3.1.55.

volume de mercadorías transportadas (**cadro 3.1.55.**). Con todo, a pesar desta recuperación o volume do tráfico de mercadorías está por baixo do movemento de 2019.

Os portos de interese xeral galegos moveron un total de 30.315,5 miles de toneladas, o que supón o 5,6% do total estatal (5,5% no ano anterior). Das cinco autori-

dades portuarias galegas tan só a de Ferrol-San Cibrao presenta unha lixeira contracción no volume de mercadorías movidas, cun descenso do 0,9% respecto ao ano anterior (-87,2 miles de toneladas). Fronte a este descenso salienta o incremento do 12% no porto da Coruña, o que supón unha medra de 1.274,7 miles de toneladas, así como os de Vilagarcía, cunha medra do 24,7% (299,3 miles de toneladas) e Vigo, co 6,9% (309,6

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2019-21

	2019		2020		2021		20/19	21/20
	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(%)	(%)
Total	1.487.556	100,0	1.251.945	100,0	1.549.714	100,0	-15,8	23,8
A Pobra do Caramiñal	104.340	7,0	85.091	6,8	85.394	5,5	-18,4	0,4
Burela	37.701	2,5	23.737	1,9	18.414	1,2	-37,0	-22,4
Canido	-	-	50	0,0	-	-	-	-100,0
Cariño	594.488	40,0	501.387	40,0	639.067	41,2	-15,7	27,5
Cee	203.344	13,7	57.236	4,6	63.332	4,1	-71,9	10,7
Pontecesures	140	0,0	-	-	-	-	-100,0	-
Ribadeo	417.404	28,1	452.889	36,2	594.335	38,4	8,5	31,2
Ribeira	23.849	1,6	18.481	1,5	12.156	0,8	-22,5	-34,2
Viveiro-Celeiro	106.290	7,1	113.074	9,0	137.016	8,8	6,4	21,2

Fonte: Portos de Galicia

3.1.56.

miles de toneladas). No porto de Marín-Pontevedra, esta medra foi do 5,1% (106,2 miles de toneladas).

Tras esta evolución, os portos da Coruña e Ferrol-San Cibrao son os que rexistran o maior movemento de mercadorías, concentrando o 39,2% (11.870,7 miles de toneladas) e o 32,8% (9.946,3 miles de toneladas) do total, respectivamente. O tráfico de mercadorías no porto de Vigo ascende ata as 4.781,2 miles de toneladas, o 15,8% do total, situándose como terceiro porto en importancia en termos de volume.

Por tipo de mercadoría transportada, o movemento máis importante en termos de volume corresponde aos graneis líquidos, con 11.490,3 miles de toneladas, 11,1% superior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto da Coruña o move o 69,6% (7.992,4 miles de toneladas) e o de Ferrol-San Cibrao, un 27,6% (3.172,4 miles de toneladas). O transporte de graneis sólidos é o segundo en importancia en canto a volume, que, tras unha medra do 2,6%, acada os 10.671,3 miles de toneladas, das que o 56,2% corresponde ao porto de Ferrol-San Cibrao (5.994,2 miles de toneladas) e un 27,5% ao da Coruña (2.934,1 miles de toneladas).

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 42,1% do total realizado nos portos de interese xeral no conxunto do Estado (57,3% en 2019), acadando as 67,4 miles de toneladas no ano 2021, un 9,7% menos que

no exercicio precedente (-1,7% menos no conxunto de España). Entre os portos galegos, o porto de Vigo segue sendo o primeiro en volume, e tras unha redución do 8,6% alcanza as 36 miles de toneladas, o que supón o 53,5% do total de pesca en Galicia e o 22,5% da pesca total descargada en España. A continuación sitúase o porto da Coruña, con 28,4 miles de toneladas, o que representa o 42,1% do total de Galicia e o 17,7% do total estatal.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, no último ano o volume de mercadorías movidas nestas instalacións aumenta un 23,8% respecto ao ano anterior, movéndose un total de 1.549,7 miles de toneladas (reducíase un 15,8% no ano anterior). O porto de Cariño, tras unha medra do 27,5%, mantense como o porto máis importante en termos de volume, con 639,1 miles de toneladas. Séguelle en importancia o porto de Ribadeo, con 594,3 miles de toneladas. Estes dous portos concentran o 79,6 do volume total de mercadoría en 2021 fronte ao 68% en 2019 (**cadro 3.1.56.**).

No que respecta ao transporte marítimo de pasaxeiros nos portos de interese xeral, no ano 2021 recupéranse parte dos pasaxeiros perdidos ao longo do ano 2020 por mor das limitacións de mobilidade. No último ano o número de pasaxeiros ascendeu a 69.095 persoas, o 3,1% do total estatal, cifra que se sitúa lonxe dos máis

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2020-21

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2020	2021	21/20	2020	2021	21/20
			(%)			(%)
Total	948.291	1.333.978	40,7	19.051	69.095	262,7
A Coruña	5.730	10.757	87,7	6.586	30.177	358,2
Ferrol-San Cibrao	4.772	6.400	34,1	3.040	3.096	1,8
Marín e Ría de Pontevedra	84.589	108.974	28,8	-	-	-
Vigo	849.893	1.202.263	41,5	9.425	34.656	267,7
Vilagarcía	3.307	5.584	68,9	-	1.166	-
Total Portos do Estado	11.973.942	15.759.762	31,6	1.369.361	2.212.185	61,5
Galicia / España (%)	7,9	8,5		1,4	3,1	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.1.57.

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2020-21 ⁽¹⁾

	2020			2021			21/20		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia	Longa distancia	(en tm.)	Media distancia	Longa distancia	(en tm.)	Media distancia	Longa distancia	(%)
Galicia	1.936.466	237.444	1.444.032	2.689.516	441.659	1.372.813	38,9	86,0	-4,9
A Coruña	1.100.110	76.476	503.623	1.518.806	138.654	542.377	38,1	81,3	7,7
Lugo	21.188	16.783	156.536	34.555	24.340	116.856	63,1	45,0	-25,3
Ourense	124.108	103.326	106.645	182.323	196.131	112.872	46,9	89,8	5,8
Pontevedra	691.061	40.859	677.229	953.832	82.534	600.708	38,0	102,0	-11,3
España	14.697.139	11.885.449	14.272.294	19.851.731	18.847.791	15.332.179	35,1	58,6	7,4

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe

Fonte: Renfe Operadora

3.1.58.

de trescentos mil do ano 2019. A Autoridade Portuaria de Vigo é a que acolle un maior número de cruceiristas, con 34.656 persoas, superando ao porto de A Coruña, con 30.177 pasaxeiros e pasaxeiras.

No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, todas as autoridades portuarias rexistran incrementos de viaxeiros, salientando Vigo cun incremento de 352.370 persoas máis para situarse nos 1.202.263 viaxeiros e viaxeiras, o 90,1% deste tráfico total en Galicia. (cadro 3.1.57.).

A cota modal do ferrocarril en Galicia redúcese no último ano para situarse no 0,9% do total de mercadorías

transportadas (toneladas), unha décima menos que no ano anterior, cando no ano 2019 representaba o 1,1%.

A diferenza do que acontece no conxunto de España, o tráfico ferroviario de mercadorías volve a descender en Galicia no ano 2021. Tras unha caída interanual do 4,9% o movemento de mercadorías sitúase en 1.372,8 miles de toneladas, o que representa o 9% do total do conxunto do Estado (10,1% no ano precedente).

Atendendo á distribución provincial cómpre mencionar a súa desigual evolución, reducíndose o tráfico ferroviario de mercadorías en Lugo e Pontevedra (-25,3% e -11,3%, respectivamente) fronte á medra na Coruña

Tráfico comercial aéreo 2019-21 ⁽¹⁾

Operacións

	2019	2020	2021	20/19 (%)	21/20 (%)
Aeroportos galegos	51.119	27.736	36.649	-45,7	32,1
A Coruña	17.199	11.190	12.083	-34,9	8,0
Santiago-Rosalía de Castro	22.396	10.949	15.375	-51,1	40,4
Vigo	11.524	5.597	9.191	-51,4	64,2
Total España	2.360.957	1.101.185	1.518.713	-53,4	37,9
Galicia / España (%)	2,2	2,5	2,4		

Pasaxeiros

	2019	2020	2021	20/19 (%)	21/20 (%)
Aeroportos galegos	5.268.457	1.675.635	2.798.201	-68,2	67,0
A Coruña	1.352.583	436.775	595.286	-67,7	36,3
Santiago-Rosalía de Castro	2.903.427	935.394	1.653.821	-67,8	76,8
Vigo	1.012.447	303.466	549.094	-70,0	80,9
Total España	275.237.801	76.064.322	119.959.671	-72,4	57,7
Galicia / España (%)	1,9	2,2	2,3		

Mercadorías

	2019	2020	2021	20/19 (%)	21/20 (%)
Aeroportos galegos	3.894.790	3.341.713	5.828.496	-14,2	74,4
A Coruña	152.304	84.375	84.247	-44,6	-0,2
Santiago-Rosalía de Castro	3.201.215	2.981.222	4.938.251	-6,9	65,6
Vigo	541.271	276.116	805.998	-49,0	191,9
Total España	1.068.394.637	787.848.350	998.470.938	-26,3	26,7
Galicia / España (%)	0,4	0,4	0,6		

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
 Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

3.1.59.

(7,7%) e Ourense (5,8%). Tras esta evolución, Pontevedra segue a ser a provincia máis importante en termos de volume, con 600.708 toneladas, o que supón o 43,8% do total galego, por diante da Coruña, con 542.377 toneladas, o 39,5%.

No que respecta ao transporte de pasaxeiros, A Coruña acolle o 56,5% dos viaxeiros de media distancia convencional (1.518.806 persoas), seguida de Pontevedra con 953.832 viaxeiros, o 35,5% do total de Galicia en 2021. Ourense é a provincia onde o número de viaxeiros de longa distancia é maior, con 196.131 persoas, o 44,4% do total en Galicia.

Se no ano 2020 o número de viaxeiros que utilizaron o ferrocarril en Galicia descendía de xeito importante

condicionados pola limitación á mobilidade derivada da pandemia sanitaria (máis dun 50% no caso de viaxeiros de media distancia e en arredor do 65% os de longa distancia), no ano 2021 o tráfico de pasaxeiros de media distancia medra un 38,9% respecto ao ano anterior, sendo esta medra do 86% no caso do tráfico de longa distancia.

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, tras o descenso do 14,2% do volume transportado ao longo de 2020 no sistema aeroportuario galego, no último ano experimentouse unha medra do 74,4% (26,7% de media no Estado), acadando un total de 5.828,5 toneladas transportadas, o que supón o 0,6% do total estatal, dúas décimas máis que en 2019 e 2020.

Entidades de crédito en Galicia e España 2008-21 ⁽¹⁾: oficinas, depósitos do sector privado e créditos

	Depósitos (2)				Créditos		
	Galicia						
	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
	<i>(en millóns de euros)</i>						
2008	48.002,4	7.791,1	12.131,5	28.079,7	70.369,8	1.509,8	68.860,0
2013	52.763,7	7.973,6	15.417,4	29.372,7	50.104,3	2.710,0	47.394,3
2019	63.490,7	50.437,0	..	13.053,6	41.548,5	2.605,8	38.942,7
2020	69.406,2	57.996,0	..	11.410,2	45.634,8	4.206,9	41.427,9
2021	71.661,9	63.009,3	..	8.652,5	46.692,6	5.020,7	41.671,8

	España						
	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
	<i>(en millóns de euros)</i>						
2008	1.143.674,4	248.998,4	179.815,2	714.860,8	1.842.796,7	47.688,2	1.795.108,6
2013	1.134.914,5	290.344,4	206.530,4	638.039,7	1.469.010,4	76.626,6	1.392.383,8
2019	1.218.981,2	1.021.154,4	..	178.832,1	1.199.375,2	63.785,6	1.135.589,6
2020	1.329.870,1	1.164.347,7	..	144.078,8	1.249.301,6	74.357,0	1.174.944,6
2021	1.390.015,0	1.264.596,3	..	104.620,8	1.252.354,0	78.918,9	1.173.435,1

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratados por un prazo de tempo determinado. Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociados
Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

3.1.60.

Como reflicte o **cadro 3.1.59.**, os aeroportos de Santiago de Compostela e Vigo presentan unha medra no seu movemento de mercadorías significativamente superior á caída rexistrada en 2020, manténdose estable no caso da Coruña. O aeroporto de Santiago de Compostela move un total de 4.938,3 toneladas, o 84,7% do total galego, fronte ás 806 toneladas en Vigo (13,8%) e 84,2 toneladas no aeroporto da Coruña (1,4% do total galego).


En relación á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, o sistema aeroportuario galego considerado no seu conxunto presenta no ano 2021 un mellor comportamento que o conxunto dos aeroportos españois atendendo á evolución do número de pasaxeiros, aumentando en menor medida o número de operacións. Dunha banda, o número de operacións nos aeroportos galegos medra un 32,1%, fronte á medra do 37,9% en España; doutra banda, o incremento do número de pasaxeiros é máis acusado que no conxunto do Estado, ao aumentar un 67% respecto ao ano anterior, máis de nove puntos por riba do rexistrado en España (57,7%).

Tras esta evolución o sistema aeroportuario galego move en 2021 un total de 2.798.201 persoas (o 2,3% do total estatal), cifra que se sitúa aínda lonxe do rexistrado en 2019 (5.268.457 persoas). Este incremento rexístrase nos tres aeroportos, superando o 80% no caso de Vigo e o 75% en Santiago de Compostela. Tras esta evolución, Lavacolla é o principal aeroporto por número de pasaxeiros, con 1.653.821 persoas (o 59,1% do total de Galicia), seguido novamente polo aeroporto de Alvedro, con 595.286 pasaxeiros (21,3%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 549.094 pasaxeiros (19,6% do total galego).

Sector financeiro

O sistema financeiro mantivo no ano 2021 o ininterrompido, dende 2007, proceso de axuste da súa capacidade, con reducións do número de oficinas das entidades de depósito tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Neste último ano rexístranse en Galicia un total de 1.036 oficinas de entidades de depósito, 190 menos das rexistradas no ano anterior.

Oficinas de entidades de depósito. Galicia España 2008-21



(1) Exclúense as oficinas no estranxeiro. Datos a decembro de cada ano
 Fonte: IGE, Servizos financeiros

3.1.61.

Dende o ano 2008, o número de entidades de depósito reduciuse case un 60% tanto en Galicia como en España, en concreto, o 58,8% e 58,4%, respectivamente.

Nas catro provincias galegas diminúe o número de oficinas de entidades de depósito no ano 2021, concentrándose o maior descenso nas grandes cidades, con 14 entidades menos en Vigo, 19 menos na cidade da Coruña, ou 8 menos en Santiago de Compostela, entre outras.

Un total de 54 concellos galegos non contaban con ningunha oficina no ano 2021 (24 en 2008) e outros 126 tan só dispoñen dunha sucursal, oito máis que no ano anterior (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 30 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 47 só teñen unha (10 e 18, respectivamente, en 2008).


En relación ao número de habitantes, Galicia conta no último ano con 4 oficinas de entidades de crédito por cada 10.000 habitantes, seis décimas inferior á do ano anterior, situándose en 2008 esta relación en 9,1 enti-

dades. Pontevedra mantense como a provincia que presenta unha menor proporción, con 3,4 oficinas por cada 10.000 habitantes (8,7 oficinas en 2008), situándose no extremo oposto Lugo, con 6,1 oficinas (9,5 oficinas en 2008). Asemade, cómpre mencionar que o maior descenso rexístrase en Ourense, ao pasar de 11,2 oficinas a 4,6 oficinas por cada dez mil habitantes entre os dous anos considerados. Na provincia da Coruña hai un total de 4,5 oficinas fronte ás 3,8 oficinas do ano 2008.

No concernente ao emprego, o número de afiliacións nos servizos financeiros (CNAE 64) continúa descendendo, situándose de media no ano 2021 en 8.633 afiliacións, cifra inferior á do ano anterior (9.118 afiliacións) e 6.016 persoas afiliadas menos que no ano 2008 (14.649 afiliacións). O **gráfico 3.1.62.** mostra o devandito descenso das afiliacións no sector tanto en Galicia como no conxunto de España.

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 3,2% en Galicia (4,5% de media no Estado), porcentaxe sensiblemente inferior á experimentada no ano anterior, que supera o 9% en ambos territorios. O montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende en 2021 a

Evolución das afiliacións á Seguridade Social nos Servizos Financeiros: 2008-21



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social e Mutualidades

3.1.62.


Oficinas das entidades de crédito: 2008-21 ⁽¹⁾

	2008	2013	2019	2020	2021
A Coruña	994	746	540	502	425
A Coruña	306	210	150	137	118
Ferrol	60	42	29	25	21
Santiago de Compostela	113	85	62	54	46
resto de concellos	515	409	299	286	240
Lugo	336	273	219	196	200
Lugo	89	65	52	44	42
resto de concellos	247	208	167	152	158
Ourense	375	242	182	167	140
Ourense	123	84	63	56	44
resto de concellos	252	158	119	111	96
Pontevedra	829	582	425	369	319
Pontevedra	89	60	42	35	25
Vigo	317	219	157	136	122
resto de concellos	317	219	157	136	122
Total	2.534	1.843	1.366	1.234	1.084

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, Servizos financeiros

3.1.63.



Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

3.1.64.

71.661,9 millóns de euros, mantendo no 5,2% o seu peso relativo no total estatal.

Como se aprecia no **gráfico 3.1.64.**, continúa o descenso do peso dos créditos sobre depósitos tanto en Galicia como en España, sendo esta relación moito máis elevada no conxunto do Estado. No ano 2021 a porcentaxe de créditos sobre depósitos en Galicia descende ata o 65,2%, case 25 puntos menos que en España (90,1%), cando en 2008 esta relación situábase en 146,6% en Galicia (161,1 no Estado). □

3.2. Demografía empresarial

A reactivación da actividade económica en 2021 tradúcese nunha medra interanual do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia, que remata o ano con 81.366, o que supón unha medra de 1.835 empresas en relación á mesma data do ano anterior. Con todo, o devandito incremento non logra compensar a destrución empresarial motivada pola pandemia, de xeito que a finais de 2021 hai en Galicia 919 empresas inscritas menos que ao inicio da pandemia. Asemade, Galicia, a diferenza do que acontece en España, non logra superar o nivel previo á crise económica de 2008 ao contar con 6.106 empresas menos (-7%).

No que á dinámica empresarial se refire cómpre mencionar que no ano 2021 constituíronse un total de 14,7 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 21,6 sociedades no conxunto do Estado, o que supón o diferencial máis elevado dende o inicio da crise económica e financeira de 2008. Por contra, o índice de rotación, entendido como o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas, presenta en 2021 o valor máis elevado dende o ano 2008, acadando en Galicia un valor de 43,9, o que contrasta co descenso no

conxunto de Estado ata as 33,2 sociedades extinguidas por cada cen constituídas. Neste último caso, o diferencial aumenta ata os 10,5 puntos, cifra tan só superada en 2013 con 11,5 puntos.

Xunto aos devanditos índices, o número de debedores concursados constitúe un indicador fundamental da dinámica empresarial. No conxunto do ano 2021 o número de debedores concursados en Galicia ascende a 462 (un 16,1% superior ao ano anterior; 64 máis), dos que 229 son persoas físicas sen actividade empresarial, 48 son persoas físicas con actividade empresarial e as restantes 172 son empresas. Este incremento ven explicado fundamentalmente pola evolución das persoas físicas sen actividade empresarial, con 59 debedores concursados máis, fronte ás catro empresas concursadas máis en relación ao ano anterior.

Empresas inscritas na Seguridade Social

Tras a forte caída do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social no ano 2020 por mor do impacto da covid (-3,3%, porcentaxe tan só inferior ao rexistrado en 2012), a reactivación da economía

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21 ^{(1) (2)}

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España (taxa de variación interanual)
2008	87.472	1.332.090	6,57	-2,4	-5,3
2013	80.118	1.246.167	6,43	-1,8	-0,2
2019	82.285	1.340.415	6,14	-0,7	-0,5
2020	79.531	1.295.656	6,14	-3,3	-3,3
2021	81.366	1.332.390	6,11	2,3	2,8

	2020	2021	21/20 (%)
Galicia	79.531	81.366	1.835
A Coruña	33.137	33.990	853
Lugo	11.152	11.250	98
Ourense	9.378	9.448	70
Pontevedra	29.453	30.358	905

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empleados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.1.

en 2021 tradúcese nunha medra interanual do número de empresas do 2,3%, sendo esta taxa de variación cinco décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado.


A 31 de decembro de 2021, o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia ascende a 81.366, o que supón unha medra de 1.835 empresas en relación á mesma data do ano anterior. Tendo en conta a evolución ao longo dos últimos anos, cómpre indicar en primeiro lugar que o incremento interanual non logra compensar a destrución empresarial motivada pola pandemia, de xeito que a finais de 2021 hai en Galicia 919 empresas inscritas menos que ao inicio da pandemia. Asemade, **cadro 3.2.1.**, o número de empresas inscritas en Galicia a 31 de decembro de 2021 é significativamente inferior ao rexistrado na mesma data de 2008 (6.106 empresas menos), o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado, onde o número de empresas inscritas é similar en ambas datas.

Galicia sitúase como a sexta Comunidade Autónoma con maior crecemento do número de empresas en termos absolutos, tras Andalucía, Cataluña, Madrid, C. Valenciana e Canarias, o que contrasta coa análise en

termos relativos, onde tan só A Rioxa, País Vasco, Aragón e Navarra presentan taxas de variación interanuais inferiores á galega. Por contra, se se analiza a evolución nas diferentes Comunidades Autónomas entre os anos 2008 e 2021, Galicia é a terceira Comunidade cunha maior perda de empresas en termos absolutos, por detrás de Cataluña e Castela e León. En termos porcentuais, a redución dun 7% en Galicia a sitúa como a sexta C.A. con maior descenso tras Asturias, Castela e León, Cantabria, Aragón e País Vasco.

As catro provincias galegas presentan en 2021 unha medra do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social, se ben esta evolución positiva é desigual entre as provincias do interior e as da costa. Dunha banda, Pontevedra presenta o maior incremento tanto en termos absolutos como relativos, con 905 empresas máis, un 3,1% respecto ao ano anterior; seguido da Coruña, con 853 empresas máis (2,6%). Doutra banda, Ourense presenta o menor dinamismo, cunha medra interanual de tan só un 0,7% (70 empresas), situándose esta porcentaxe no 0,9% en Lugo (98 empresas máis). Tras esta evolución aumenta a concentración empresarial na Coruña e Pontevedra, que acollen o 79,1% das

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21: taxa variación interanual ⁽¹⁾



(1) Variación sobre igual período ano anterior

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social

3.2.2.

empresas inscritas (33.990 e 30.358 empresas, respectivamente).

Fronte a este incremento interanual nas catro provincias galegas, se a comparación se realiza coa situación rexistrada en 2008 ningunha provincia acadou o nivel precrise, salientando en termos relativos a evolución na provincia de Ourense, onde o número de empresas con persoas traballadoras inscritas atópase aínda un 10,8% por baixo (1.143 empresas menos), situándose a continuación Lugo, cun descenso do 7% (843 empresas menos). En termos absolutos, no ano 2021 hai inscritas na provincia de Pontevedra 2.180 empresas menos que en 2008, o que supón unha caída do 6,7%, en tanto que na Coruña este descenso foi de 1.956 empresas (-5,4%).

Dende un punto de vista sectorial, o 73,8% das empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia pertencen ao sector servizos (60.069), seguido da construción, que acolle un 10,4% das empresas (8.498), da industria, cun 8,7% (7.063) e do sector primario, cun 7% (5.736). Comparado coa estrutura sectorial no conxunto do Estado, Galicia presenta un menor peso relativo no sector

primario (8,7% en España), sendo do 73,4% o peso do sector servizos, do 10% o da construción e do 8% o do conxunto das ramas industriais.

En relación ao ano anterior, tanto Galicia como España presentan unha medra do número de empresas con traballadores inscritas, sendo as taxas de variación interanual máis elevadas no conxunto de España. Xunto a esta evolución, aumenta o número de empresas no sector primario galego, descendendo por contra no sector industrial, ao contrario do que acontece en España.

As taxas de crecemento máis importantes corresponden ao sector da construción, cunha medra do 2,9% en Galicia fronte ao 4,7% en España; situándose a continuación os servizos, con incrementos do 2,7% e 3,3%, respectivamente. O sector primario galego experimenta un incremento do 1,1% das empresas inscritas, o que contrasta coa caída rexistrada no conxunto do Estado. Finalmente, o sector industrial presenta en Galicia unha redución do seu número de empresas (-0,3%) aumentando por contra un 0,5% en España.

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia						España					
	2008	2013	2019	2020	2021	21/20	2008	2013	2019	2020	2021	21/20
Total	87.472	80.118	82.285	79.531	81.366	2,3	1.332.090	1.246.167	1.340.415	1.295.656	1.332.390	2,8
Primario	1.206	5.182	5.744	5.672	5.736	1,1	13.164	107.283	116.108	117.104	115.745	-1,2
Industria	9.382	7.425	7.219	7.087	7.063	-0,3	138.285	107.158	108.262	105.955	106.453	0,5
Construción	13.427	8.160	8.206	8.258	8.498	2,9	182.402	104.175	126.261	126.842	132.857	4,7
Servizos	63.457	59.351	61.116	58.514	60.069	2,7	998.239	927.551	989.784	945.755	977.335	3,3
Total	87.472	80.118	82.285	79.531	81.366	2,3	1.332.090	1.246.167	1.340.415	1.295.656	1.332.390	2,8
Persoa física	33.843	32.551	33.163	31.197	31.869	2,2	459.283	476.936	511.878	482.429	497.534	3,1
Persoa xurídica	53.629	47.567	49.122	48.334	49.497	2,4	872.759	769.231	828.537	813.227	834.856	2,7

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.3.

No que respecta á titularidade das empresas, e ao igual que acontecía no ano anterior, a 31 de decembro de 2021, o 60,8% das empresas corresponden a persoas xurídicas e as restantes 39,2% son persoas físicas, situándose esta relación en España no 62,7% no caso das persoas xurídicas e no 37,8% no das persoas físicas. Na mesma data de 2008, as persoas xurídicas representaban o 61,3% en Galicia fronte ao 65,5% en España.

• Perfil do traballador autónomo

No ano 2021 o número de traballadores afiliados por conta propia na Seguridade Social en Galicia descende novamente para situarse nas 217.656 persoas (208.693 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 133.789 persoas son “autónomos propiamente ditos”, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de persoas traballadoras. Este colectivo de autónomos persoas físicas representa o 6,6% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior, perda de peso consecuencia do descenso no número de autónomos persoas físicas en Galicia (-0,1%) fronte ao incremento do 1,5% de media en España.

Centrándonos nas persoas traballadoras propiamente ditas, o **cadro 3.2.4.** reflicte o desigual comportamento

entre homes e mulleres en Galicia. Dunha banda, o número de mulleres autónomas descende un 0,1% respecto ao ano anterior, o que contrasta co incremento do 0,3% no caso dos homes. Doutra banda, cómpre salientar o incremento experimentado en España en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 3% e 0,6%, respectivamente.

En relación á chamada situación profesional destas traballadoras e traballadores autónomos, o número de persoas autónomas sen asalariados en Galicia (o 79,6% do total) redúcese no último ano un 0,4%, o que contrasta coa medra experimentada no caso daqueles que si teñen persoas asalariadas. No conxunto do Estado rexístrase unha medra en ambos os dous casos, situándose no 0,9% no caso das persoas traballadoras autónomas sen asalariados, e do 3,9% entre os que si teñen persoas asalariadas.

Atendendo á desagregación segundo grandes grupos de idade, mentres que en España aumenta o número de persoas traballadoras nos catro grupos de idades considerados, na Comunidade Autónoma tan só aumenta entre os menores de 25 anos e as persoas que teñen 55 ou máis anos, co 8,6% (136 persoas) e 1,5% (642 persoas), respectivamente. Pola contra, a perda de traballo autónomo entre as persoas de 25-39 anos, foi do 1,9% (534 persoas menos) e entre aquelas que pertencen á franxa entre 40 e 54 anos, un 0,2% (95 persoas menos).

Traballadores autónomos propiamente ditos en Galicia e España 2021: principais características ⁽¹⁾

	2021			21/20		
	Galicia	(%)	España	(%)	Galicia / España (%)	Galicia España (%)
Total	133.789	100	2.033.891	100	6,6	0,1 1,5
sector de actividade						
agricultura	25.729	19,2	221.159	10,9	11,6	-4,7 -1,4
industria	5.902	4,4	84.720	4,2	7,0	0,8 0,1
construción	16.360	12,2	231.967	11,4	7,1	1,9 2,0
servizos	85.798	64,1	1.496.045	73,6	5,7	1,2 1,9
situación profesional						
sen asalariados	106.434	79,6	1.616.094	79,5	6,6	-0,4 0,9
con asalariados	27.355	20,4	417.769	20,5	6,5	2,1 3,9
sen pluriactividade	125.567	93,9	1.893.417	93,1	6,6	-0,7 0,7
con pluriactividade	8.222	6,1	140.473	6,9	5,9	13,9 13,5
sexo						
homes	77.891	58,2	1.299.377	63,9	6,0	0,3 0,6
mulleres	55.898	41,8	734.513	36,1	7,6	-0,1 3,0
idade						
< 25 anos	1.715	1,3	41.661	2,0	4,1	8,6 4,0
25-39 anos	27.187	20,3	489.814	24,1	5,6	-1,9 0,3
40-54 anos	61.486	46,0	916.641	45,1	6,7	-0,2 0,9
55 ou máis anos	43.401	32,4	585.774	28,8	7,4	1,5 3,3
nacionalidade						
españóis	128.304	95,9	1.773.321	87,2	7,2	-0,3 0,9
estranxeiros	5.485	4,1	260.569	12,8	2,1	9,5 5,5
antigüidade no negocio						
< 6 meses	7.786	5,8	150.257	7,4	5,2	-1,0 0,8
6-11 meses	6.968	5,2	133.595	6,6	5,2	16,8 10,3
1-3 anos	19.787	14,8	371.132	18,2	5,3	-8,8 -7,3
3-5 anos	14.689	11,0	243.844	12,0	6,0	9,5 12,2
5 ou máis anos	84.559	63,2	1.135.062	55,8	7,4	-0,2 1,7
base de cotización						
mínima	101.083	75,6	1.745.485	85,8	5,8	0,1 1,9
entre mínima e 1,5 veces mínima	11.426	8,5	131.572	6,5	8,7	0,5 0,6
1,5-2 veces mínima	14.253	10,7	67.619	3,3	21,1	-0,1 -0,1
2-3 veces mínima	6.307	4,7	75.417	3,7	8,4	-0,9 -3,2
máis de 3 veces mínima	720	0,5	13.797	0,7	5,2	2,1 -2,0

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social


3.2.4.

O peso dos autónomos de nacionalidade estranxeira sobre o total é moi reducido en Galicia (4,1%) en comparación coa media estatal (12,8%), a pesar de que no último ano o incremento en Galicia dos autónomos de nacionalidade non española volve a ser superior á media do Estado, un 9,5% máis fronte ao 5,5% en España. Asemade hai que sinalar que o número de persoas autónomas propiamente ditas redúcese no caso das persoas de nacionalidade española, o que con-

trasta co incremento rexistrado no conxunto do Estado (-0,3 e 0,9%, respectivamente).

Tendo en conta o sinalado anteriormente, o perfil maioritario das persoas empresarias autónomas propiamente ditas en Galicia continúa sendo o dun varón de nacionalidade española que traballa no sector servizos, aínda que cunha importante presenza na agricultura; sen asalariados ao seu cargo; cunha soa

Traballadores autónomos afiliados 2009-21: taxa variación interanual



Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.5.

actividade; cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos; con cinco ou máis anos no seu negocio; e que cotiza pola base mínima de cotización.

Ao mesmo tempo cómpre sinalar as diverxencias co perfil medio no conxunto de España, entre as que se poden destacar: unha importante presenza en Galicia de autónomos na agricultura, que representan o 19,2% do total en Galicia fronte ao 10,9% a nivel estatal; a maior presenza de mulleres que na media do Estado, co 41,8% fronte ao 36,1% do total en España; as persoas de nacionalidade estranxeira tan só representan o 4,1% en Galicia, lonxe da media española, que ascende ata o 12,8%; ou que o 75,8% destas persoas autónomas cotizan pola base mínima fronte ao 85,8% en España.

Dinámica empresarial

O Rexistro Mercantil Central proporciona información baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de constitución, extinción, transformación, fusión, aumento e redución de capital, situacións concursais e sistemas de administración societaria, que permite analizar a evolución do tecido produtivo.

En relación ás actas de constitución de sociedades, tras o forte descenso experimentado no ano 2020 (-16,4%; 628 empresas constituídas menos), a reactivación da actividade económica reflíctese tamén nunha medra do número de sociedades constituídas en Galicia. Este incremento foi do 23,4% na Comunidade Autónoma, porcentaxe catro puntos e medio inferior á rexistrada no conxunto do Estado (27,9%). Tras esta evolución en Galicia constituíronse no último ano un total de 3.944 sociedades mercantís, 747 máis que no ano anterior, o que representa o 3,9% do total de sociedades constituídas en España nese ano, o valor máis reducido dende o ano 2008 (5,1%). O 75,6% das sociedades mercantís constituídas ao longo do ano 2021 en Galicia pertencen ao sector servizos, das que o 24,2% son actividades de comercio por xunto e ao retalho e o 11,2% servizos de comidas e bebidas.

No que respecta á evolución nos últimos anos, cómpre mencionar en primeiro lugar que o número de empresas constituídas no ano 2021 é superior ao nivel de 2019 tanto en Galicia como en España, se ben a C. Autónoma presenta un menor dinamismo (3,1% e 7,6%, respectivamente). Por contra, se a comparación realízase co acontecido en 2008, Galicia e España presenta unha creación de empresas inferior á estimada no co-

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2021

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituídas	3.944	1.713	364	354	1.513	102.205
Anónimas	14	8	-	-	6	409
Limitadas	3.829	1.660	359	344	1.466	99.159
Outras	101	45	5	10	41	2.637
Amplían capital	1.179	532	111	136	400	28.389
Anónimas	42	24	3	4	11	1.374
Limitadas	1.106	490	105	131	380	26.341
Outras	31	18	3	1	9	674
Extinción	1.732	839	192	149	552	34.181
Anónimas	51	24	4	5	18	1.860
Limitadas	1.576	751	181	137	507	30.422
Outras	105	64	7	7	27	1.899

Capital subscrito

(en miles de euros)

Sociedades	209.551,2	89.240,0	23.141,6	17.034,2	80.135,4	5.063.079,1
Anónimas	10.216,9	4.423,8	-	-	5.793,1	448.343,0
Limitadas	185.890,4	83.681,2	23.115,2	16.908,2	62.185,8	4.533.405,7
Outras	13.443,9	1.134,9	26,4	126,0	12.156,6	81.330,4

Capital desembolsado

(en miles de euros)

Sociedades	209.306,1	88.994,9	23.141,6	17.034,2	80.135,4	4.946.843,0
Anónimas	10.171,7	4.378,7	-	-	5.793,1	336.929,7
Limitadas	185.890,4	83.681,2	23.115,2	16.908,2	62.185,8	4.533.405,7
Outras	13.243,9	935,0	26,4	126,0	12.156,6	76.507,5

Capital desembolsado das que amplían capital

(en miles de euros)

Sociedades	972.441,9	467.567,5	26.996,1	50.015,2	427.863,1	28.131.619,1
Anónimas	284.370,8	275.734,5	198,2	578,1	7.860,1	11.444.722,3
Limitadas	644.742,6	149.172,8	26.633,9	49.432,4	419.503,6	16.109.281,1
Outras	43.328,4	42.660,2	164,0	4,7	499,5	577.615,7

Fonte: Registro Mercantil Central


3.2.6.

mezo da crise económica e financeira; en concreto, o número de empresas constituídas en Galicia é un 28,3% inferior ás constituídas nese ano, situándose esta taxa de variación no -4,7% no conxunto do Estado. En termos absolutos, en 2021 constituíronse 1.560 sociedades menos que no ano 2008, sendo este diferencial de 747 sociedades en relación ao ano anterior.

Tendo en conta a caída rexistrada en 2020, o número de sociedades constituídas aumenta no último ano nas

catro provincias galegas, presentando tan só A Coruña unha medra superior á media autonómica. En concreto, o número de constituicións de sociedades aumenta na Coruña un 30,9% (404 empresas máis) cando no ano anterior descendera un 18,7%. En Pontevedra o incremento interanual foi do 21,4%, (-14,9% no ano anterior), o que supón 267 sociedades máis, presentando a provincia de Ourense o menor dinamismo, cunha medra do 10,6% (-12,8%), 34 empresas máis. En Lugo a taxa de variación interanual foi do 13%

Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-21



Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.7.


(-8% en 2020), o que supón 42 sociedades constituídas máis.

Tras esta evolución, na provincia da Coruña constituíronse un total de 1.713 sociedades mercantís e en Pontevedra, 1.513 sociedades, o que supón o 81,8% das sociedades constituídas na Comunidade Autónoma.


O devandito comportamento positivo tamén se mantén considerando a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes. En concreto, no ano 2021 constitúense en Galicia un total de 14,7 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 11,8 do ano anterior. A pesar desta mellora relativa, como se desprende do **cadro 3.2.8.**, o diferencial con respecto á media española aumenta significativamente no

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-21 ⁽¹⁾

Taxa de creación de empresas ⁽¹⁾



Índice de rotación empresarial ⁽²⁾



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) Índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións

Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.8.

último ano, cando a taxa de creación de empresas en España se sitúa en 21,6 sociedades. En 2021 este diferencial é de 6,9 puntos o valor máis elevado dende o ano 2008 (23,3 sociedades en España e 19,9 en Galicia nese ano).

O indicador de creación de sociedades mercantís aumenta nas catro provincias galegas. Dunha banda, Pontevedra mantense como a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 16,1 sociedades creadas en 2021 por cada 10.000 habitantes (13,2 no ano anterior). Lugo, presenta a taxa máis reducida

con 11,2 empresas por cada 10.000 habitantes (9,8 no ano precedente). Na provincia da Coruña esta taxa sitúase en 15,3 sociedades por cada 10.000 habitantes (11,7 no ano 2020) e en Ourense, nas 11,6 sociedades (10,4 no ano anterior).

A pesar do devandito incremento do número de sociedades constituídas, o seu capital subscrito volve a reducirse en 2021. Neste último ano, tras unha caída interanual do 40,6%, o capital subscrito acadou os 209,6 millóns de euros, 143 millóns menos que no ano anterior. Esta forte caída contrasta co rexistrado no con-

xunto de España onde o capital subscrito medra un 0,4% respecto ao ano anterior. Tras esta evolución, o capital medio subscrito redúcese un 51,8%, pasando de a 110.284,7 euros en 2020 ata os 53.131,64 euros do último ano (49.538,47 euros no conxunto do Estado).

A devandita caída no capital subscrito en Galicia é consecuencia da redución na subscrición de capital das empresas constituídas nas provincias da Coruña e, en menor medida, Pontevedra. En concreto, na Coruña o descenso foi de 144,2 millóns de euros (-61,8%), e de 21,5 millóns en Pontevedra (-21,1%). Por contra, en Lugo o capital subscrito aumenta en 14,6 millóns e en Ourense, en 8 millóns (171% e 89,5%, respectivamente). Tras esta evolución, A Coruña concentra o 42,6% do capital subscrito, fronte ao 38,2% en Pontevedra; sendo estas porcentaxes do 11% e 8,1% en Lugo e Ourense.

No que respecta ás sociedades mercantís que ampliaron o seu capital, tralo descenso experimentado no ano anterior tanto en Galicia como no conxunto de España, no ano 2021 rexistrouse un incremento no seu número, sendo este menos acusado en Galicia. Tras unha medra interanual do 14% na Comunidade Autónoma (15% no conxunto do Estado), en 2021 rexistráronse en Galicia 1.179 ampliacións, manténdose o seu peso relativo no total estatal no 4,2%. Tras o devandito incremento, o capital desembolsado nestas ampliacións rexistrou en Galicia unha medra significativamente superior á acadada no conxunto do Estado, cunha taxa de variación interanual do 97,8% e 49,8%, respectivamente (no ano anterior descendera un 29,7% na C.A. e un 23,3% en España). Tras esta evolución, o capital desembolsado nas diferentes ampliacións das sociedades galegas ascende ata os 972,4 millóns de euros, o 3,5% do total estatal.

O número de sociedades que amplían capital redúcese tan só na provincia de Pontevedra, con seis sociedades menos que en 2020 (-1,5%), o que contrasta co descenso xeneralizado do ano anterior. A provincia da Coruña rexistra o maior incremento en termos absolutos, con 112 sociedades máis que no ano anterior (26,7%),

por diante de Ourense, con 33 sociedades máis (32%) e Lugo, con 6 máis (5,7%).

No que respecta ao capital desembolsado por estas sociedades que amplían capital en 2021, a provincia de Lugo foi a única que, tras o incremento experimentado en 2020, rexistra no ano 2021 unha redución do capital desembolsado (-36%; 15,2 millóns menos). A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior incremento de capital, cunha medra interanual de 261,3 millóns de euros (157%), por diante da Coruña, con 206,8 millóns (79,3%) e Ourense, con tan só 27,8 millóns máis (124,8%).

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia aumenta un 40,3% en 2021, o que supón 501 máis que no ano anterior, para situarse nas 1.732 empresas. No conxunto do Estado este incremento foi do 21,7% polo que o peso relativo das extincións de sociedades en Galicia no total estatal aumenta ata o 5,1%, sete décimas máis que no ano anterior. O número de sociedades extinguidas aumenta en todas as provincias, manténdose A Coruña como a provincia con maior número de extincións, con 839 extincións, 267 máis que en 2020 (46,7%), por diante de Pontevedra, que rexistra 552 extincións, 126 máis que no ano anterior (29,6%), e Lugo e Ourense rexistran 192 e 149 extincións, 45 e 63 máis que no ano anterior, respectivamente.

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas por cada cen constituídas (índice de rotación) aumenta en Galicia no último ano para situarse nas 43,9 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas, o valor máis elevado dende o ano 2008. A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España o índice de rotación descende ata o 33,4, o que supón unha redución de 1,7 sociedades extinguidas por cada cen constituídas. Tal e como se reflicte no **cadro 3.2.8.**, este indicador mantense por riba da media española dende o ano 2009, ascendendo o diferencial ata os 10,5 puntos no ano 2021, cifra tan só superada en 2013 con 11,5 puntos.

A nivel provincial, todas as provincias galegas presentan

Empresas concursadas en Galicia e España 2021: distribución segundo actividade económica principal ⁽¹⁾

	Galicia 2021	España 2021	Galicia / España (%)
Total	185	4.743	3,9
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7	53	13,2
Industria	48	592	8,1
Industria extractiva	-	9	-
Industria manufacturera	48	583	8,2
Enerxía	-	29	-
Construción	30	701	4,3
Servizos	100	3.368	3,0
Comercio maiorista e minorista, reparación de vehículos a motor e motocicletas	28	975	2,9
Transporte e almacenamento	12	184	6,5
Hostelería	20	731	2,7
Información e comunicacións	6	174	3,4
Inmobiliarias, financeiras e seguros	6	257	2,3
Actividades profesionais e técnicas	9	343	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	8	247	3,2
Resto de servizos	11	457	2,4

(1) Ano 2020 elaborada polo INE (definitivos) e 2021 polo Colegio de Registradores de España (provisionais)

Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal* e Colegio de Registradores de España, *Estadísticas Concursales*

■ 3.2.9.

un índice de rotación superior á media estatal. Un ano máis Lugo rexistra o valor máis elevado do índice de rotación, cun total de 52,7 sociedades extinguidas por cada cen constituídas; seguido da Coruña con 49. Pontevedra é a provincia que presenta o valor máis reducido, con 36,5 sociedades extinguidas por cada cen constituídas, situándose en Ourense en 42,1.

• Empresas concursadas


A Estatística do Procedemento Concursal proporciona información sobre o número de debedores concursados, tipo de concurso e procedemento, a dita información obtense a partir dos boletíns oficiais dos xulgados do mercantil, entre outros, e permite dispor dun indicador fundamental da dinámica empresarial. No conxunto do ano 2021 o número de debedores concursados en Galicia aumenta un 16,1% respecto ao ano anterior, ascendendo a 462 debedores (64 máis que no ano anterior) dos que 229 son persoas físicas sen actividade empresarial, 48 son persoas físicas con actividade empresarial e as restantes 172 son empresas. O devandito incremento ven explicado fundamen-

talmente pola evolución das persoas físicas sen actividade empresarial, con 59 debedores concursados máis, fronte ás catro empresas concursadas máis en relación ao ano anterior.

O **cadro 3.2.9.** reflicte a evolución do número de empresas e persoas físicas con actividade empresarial concursadas. No ano 2021 Galicia rexistra un lixeiro incremento acadando as 233 empresas e persoas físicas concursadas, cinco empresas máis que no ano anterior. O 73,8% destas empresas eran Sociedades de Responsabilidade Limitada fronte ao 20,6% de persoas físicas con actividade empresarial.

Centrándonos nas empresas concursadas propiamente ditas, sen contar as persoas físicas con actividade empresarial, o 43,8% das 185 empresas concursadas en Galicia no ano 2021 teñen un volume de negocio inferior aos 250.000 euros (81 empresas), fronte a un 19,5% de empresas de entre 500.000 e 1.000.000 de euros de volume de negocio (36 empresas) e un 12,4% de empresas que teñen un volume de negocio entre 250.000 y 500.000 euros (23 empresas).

Debedores concursados 2008-21. Empresas concursadas e persoas físicas con actividade empresarial



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal* e Colegio de Registradores de España, *Estadísticas Concursales*

3.2.10.

No que respecta ao sector económico, o **cadro 3.2.9.** amosa que o perfil maioritario de empresas concursadas son aquelas que desenvolven a súa actividade no ámbito do sector servizos, con 100 das 185 empresas concursadas, o que supón o 54,1% do total. Esta porcentaxe sitúase lonxe da media estatal, que ascende ata o 71%. A continuación sitúase a industria, con 48 empresas concursadas, o que representa o 25,9%, máis do dobre do que supón en España (12,5%), e a construción, con 30 empresas, o 16,2% do total (14,8% en España). Finalmente, 7 empresas englobábanse no sector primario, o 3,8% do total galego (1,1% en España). Atendendo ao seu peso no total estatal, cómpre salientar a importancia relativa do sector primario, que supón o 13,2% das empresas concursadas no sector, e o 8,1% no sector industrial, porcentaxes moi superiores ao do sector servizos ou a construción, co 3% e 4,3%, respectivamente.

Atendendo á súa distribución segundo rama de actividade, no último ano o maior número de empresas concursadas corresponde á industria manufactureira, con 48 empresas (o 25,9% do total), seguido pola construción, con 30 empresas (16,2%) e o comercio, tanto co-

mercio por xunto como polo miúdo, con 28 empresas concursadas (15,1%).

Finalmente destacar que das devanditas 185 empresas concursadas en 2021, o 18,4% son empresas sen asalariados (34 empresas), en tanto que as empresas con 1-2 asalariados representan o 16,8% e as que teñen entre 3 e 5 persoas asalariadas o 15,7% (31 e 29 empresas, respectivamente).

• Tecido empresarial. Directorio de empresas e unidades locais (Dirce)

Dentro dos indicadores da demografía empresarial destaca a información agregada relativa ás empresas con actividade económica en Galicia que proporciona a explotación do Directorio de empresas e unidades locais (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da Seguridade Social, entre outras, permite completar a análise aportando información sobre o tecido empresarial galego incluíndose todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto. O

Empresas en Galicia e España 2008-21 ^{(1) (2)}: distribución segundo grandes ramas de actividade

	2008	2013	2019	2020	2021	21/08	21/20	Índice de especialización (3)
Total	203.374	192.998	200.972	197.813	194.657	-8.717	-3.156	1,00
Industria e enerxía	15.350	13.039	12.570	12.100	11.851	-3.499	-249	1,06
Industria extractiva	407	328	234	218	195	-212	-23	1,79
Industria manufacturera	14.308	11.966	11.726	11.279	11.010	-3.298	-269	1,11
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	374	483	387	387	423	49	36	0,63
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	261	262	223	216	223	-38	7	0,55
Construción	37.707	30.090	29.686	28.030	27.427	-10.280	-603	1,14
Servizos	150.317	149.869	158.716	157.683	155.379	5.062	-2.304	0,97
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	53.990	50.105	47.484	45.249	44.091	-9.899	-1.158	1,07
Transporte e almacenamento	14.127	12.276	11.439	11.742	11.919	-2.208	177	0,98
Hostalería	21.437	20.447	19.052	18.647	17.924	-3.513	-723	1,13
Información e comunicacións	1.730	2.003	2.640	2.626	2.665	935	39	0,66
Actividades financeiras e de seguros	4.506	4.839	4.998	4.935	4.842	336	-93	1,07
Actividades inmobiliarias	3.505	4.606	7.285	7.660	7.921	4.416	261	0,73
Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.311	19.857	21.100	20.769	20.475	164	-294	0,86
Actividades administrativas e servizos auxiliares	6.636	8.736	10.811	10.909	10.753	4.117	-156	0,88
Educación	4.083	4.945	6.791	7.165	7.054	2.971	-111	1,11
Actividades sanitarias e de servizos sociais	6.336	7.070	8.084	8.326	8.230	1.894	-96	0,84
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	3.898	4.525	6.329	6.580	6.498	2.600	-82	1,07
Outros servizos	9.758	10.460	12.703	13.075	13.007	3.249	-68	1,04

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, DIRCE

■ 3.2.11.

Dirce cubre todas as actividades económicas excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autonómica e Local (incluída Seguridade Social), as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico e os organismos extraterritoriais.

Os últimos datos publicados corresponden a un de xaneiro de 2021 polo que é posible apreciar as consecuencias da crise económica derivada da pandemia sanitaria. Galicia contaba nesa data con 194.657 empresas, o que representa o 5,8% do total estatal (**cadro 3.2.11.**). Case un 80% das empresas galegas incluídas no devandito Directorio pertencen ao sector servizos (155.379 empresas), onde salientan as actividades de "Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 44.091 empresas (22,7%); seguidas das "Actividades profesionais, cien-

tíficas e técnicas", con 20.475 (10,5%); e das actividades de "Hostalería", con 17.924 empresas (9,2%). O sector da construción acolle o 14,1% das empresas (27.427 empresas) e a industria e enerxía, o restante 6,1% (11.851 empresas).

Como consecuencia da crise orixinada pola pandemia, no conxunto do ano 2020 o número de empresas consideradas no Dirce reduciuse un 1,6%, o que supón unha caída de 3.156 empresas. Os tres grandes sectores analizados presentan unha minoración empresarial, salientando en termos absolutos o sector servizos, con 2.304 empresas menos (-1,5%), en tanto que en termos relativos a caída supera o 2% tanto na construción como na actividade industrial, o que supón 603 e 249 empresas menos, respectivamente. Atendendo á súa desagregación segundo ramas de actividade, o devandito **cadro 3.2.11.** amosa o desigual impacto da crise

Empresas en Galicia e España 2008-21 ⁽¹⁾: distribución segundo número de asalariados

	2008	2013	2019	2020	Galicia					España 2021
					Total	A Coruña	2021 Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total empresas	203.374	192.998	200.972	197.813	194.657	80.233	24.059	22.322	68.043	3.366.570
Sen asalariados	100.126	98.762	109.506	106.511	103.784	43.584	12.649	11.827	35.724	1.879.126
de 1 a 2 asalariados	61.904	61.301	58.651	57.966	58.306	23.459	7.475	7.056	20.316	920.321
de 3 a 5 asalariados	21.512	18.080	18.445	18.649	18.489	7.454	2.323	2.037	6.675	304.095
de 6 a 9 asalariados	9.213	7.431	6.925	7.095	6.962	2.761	872	740	2.589	120.828
de 10 a 19 asalariados	5.886	4.132	4.077	4.125	3.936	1.612	441	374	1.509	75.522
de 20 a 49 asalariados	3.317	2.197	2.213	2.302	2.086	871	218	199	798	42.012
de 50 a 99 asalariados	821	602	646	628	596	247	49	42	258	11.959
de 100 a 199 asalariados	340	278	293	313	281	127	17	31	106	6.655
de 200 a 449 asalariados	183	148	138	55	50	26	2	2	20	1.380
de 500 a 999 asalariados	34	28	35	125	124	67	11	8	38	3.634
de 1000 a 4999 asalariados	33	34	33	32	33	19	1	5	8	867
de 5000 ou máis asalariados	5	5	10	12	10	6	1	1	2	171

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, DIRCE

3.2.12.

económica, salientado dunha banda o forte impacto negativo no subsector do comercio, con 1.158 empresas menos (-2,6%), a hostalería, con 723 empresas menos (-3,9%) e a industria manufacturera, con 269 empresas menos (-2,4%); doutra banda, o subsector de actividades inmobiliarias presenta o mellor comportamento, cun incremento de 261 empresas (3,4%), seguido polas actividades de transporte e almacenamento (177 empresas, 1,5% máis), información e comunicacións (39 empresas, 1,5%) e as relacionadas coa enerxía, auga e xestión de residuos (43 empresas máis, 7,1%).

Se o horizonte temporal se amplía ata o inicio da crise económica e financeira de 2008, o número de empresas analizadas redúcese un 4,3%, o que supón 8.717 empresas menos. Este comportamento é desigual entre os distintos sectores e ramas de actividade, destacando por un lado a caída superior ao 20% experimentado pola construción e a industria e enerxía, en concreto -27,3% (603 empresas menos) e -22,8% (249 menos), respectivamente, o que contrasta coa medra do 3,4% no sector servizos (5.062 empresas máis). Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, a que presenta a maior caída é o comercio, con case 9.900 empresas menos (-18,3%), por diante da hostalería e a industria manufacturera, cun descenso

superior ás 3.200 empresas (-16,4% e -23,1%), e o transporte e almacenamento, que supera as 2.200 empresas menos (-15,6%). Por contra, cómpre salientar o incremento superior ás 4.000 empresas nas actividades inmobiliarias e as actividades administrativas e servizos auxiliares (126% e 62%, respectivamente), e a educación, con case 3.000 empresas máis (72,8%).

O **cadro 3.2.12.** mostra o reducido tamaño do tecido empresarial, de xeito que o 53,3% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, fronte ao 55,8% de media no conxunto do Estado. Asemade, o 39,5% das empresas galegas teñen entre un e cinco asalariados, fronte ao 36,4% do total rexistrado en España. Tan só o 3,7% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,2% no Estado. Comparado co rexistrado ao comezo da crise económica aumenta o peso relativo das empresas sen asalariados, pasando do 49,2% ao devandito 53,3%, mentres que se reduce no caso das empresas de un a cinco asalariados e nos de dez ou máis (41% e 5,2% en 2008, respectivamente).

A especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado

sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, o conxunto do sector industrial e a construción presentan unha lixeira especialización relativa (valores superiores á unidade), cun índice de 1,06 e 1,14 fronte ao 0,97 no caso dos servizos. Entre as distintas ramas de actividade, a de “fabricación doutro material de transporte” segue a presentar a especialización relativa máis elevada (2,80); presentando igualmente un índice de especialización superior a dous a “extracción de minerais metálicos” (2,66). 

3.3. Sector exterior

A pandemia da covid-19 provocou unha perturbación sen precedentes do comercio mundial pola contracción da produción e do consumo a nivel mundial, reducíndose o volume de comercio internacional de mercadorías un 5%. A Organización Mundial do Comercio (OMC) estima que a reactivación económica no ano 2021 tradúcese nunha significativa repunta do volume de comercio, que presenta unha medra interanual do 9,8%. Neste último ano Asia lidera o crecemento das exportacións, cun incremento do 13,8% (7,9% en Europa), en tanto que América do Sur o fai no caso das importacións, cun 25,8% (-11,2% no ano precedente), fronte ao 11,1% de Asia ou os 8,1% do continente europeo.

Nun contexto de elevada incerteza por mor do incremento dos custos enerxéticos e dos prezos de produtos básicos, das perturbacións do transporte causadas pola covid-19, dos confinamentos impostos en China para frear a propagación do virus, ou das sancións impostas pola invasión rusa a Ucraína, entre outros factores, a OMC rebaixa as súas previsións de crecemento interanual do volume de comercio de mercadorías ata o 3% en 2022 e o 3,4% en 2023.

O cadro macroeconómico de Galicia indica que en 2021 o sector exterior galego presenta unha achega positiva de dous puntos ao crecemento agregado do PIB (5,2%), cando no ano anterior coaduvaba á contracción da economía galega cunha achega negativa dun punto porcentual. En termos monetarios, o valor total das vendas galegas de bens e servizos ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 36.430,9 millóns de euros e as importacións acadaron os 33.923,7 millóns, aumentando o saldo positivo da balanza comercial. A taxa de cobertura, definida como o cociente entre o importe total das exportacións e das importacións, ascende ata o 107,4%, case catro puntos máis que no ano anterior (103,5%), en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) sitúase no 111,5%, sete puntos porcentuais superior á do ano anterior.

A información sobre as relacións comerciais de Galicia con terceiros países que se estudan neste apartado obtense a partir da información que ofrece o ICEX na súa base de datos Estacom. A reactivación da actividade

Importacións e exportacións de Galicia e España 2020-21

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2020	2021	21/20	2020	2021	21/20	2020	2021	21/20
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	16.771,7	20.115,6	19,9	20.953,5	25.269,6	20,6	4.181,8	5.154,0	972,2
A Coruña	5.584,8	7.858,3	40,7	8.709,4	11.457,4	31,6	3.124,6	3.599,1	474,5
Lugo	782,6	597,7	-23,6	586,4	723,2	23,3	-196,3	125,5	321,8
Ourense	489,5	663,9	35,6	769,0	1.016,4	32,2	279,5	352,5	73,0
Pontevedra	9.914,7	10.995,7	10,9	10.888,7	12.072,6	10,9	974,0	1.076,9	102,9
España	276.925,2	342.787,1	23,8	263.628,3	316.609,2	20,1	-13.296,9	-26.177,9	-12.881,0
Galicia/España (%)	6,1	5,9		7,9	8,0				

(consulta: 22-02-2022)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.1.

económica iniciada no segundo trimestre de 2021 reflíctese nunha medra anual superior ao 20% das relacións comerciais galegas (suma de exportacións e importacións).

Tras a caída interanual do 5,9% rexistrada en 2020, o importe das vendas galegas ao exterior medra un 20,6% en relación ao ano anterior, a taxa máis acusada de toda a serie histórica que comeza no ano 2000, acadando un valor de 25.269,6 millóns de euros. Do mesmo xeito, as importacións medran un 19,9% para situarse en 20.115,6 millóns -porcentaxe tan só superada polo crecemento do 24,9% en 2005- o que contrasta co desplome do 15,8% rexistrada no ano 2020. Tras esta evolución, a balanza comercial galega aumenta o seu saldo positivo ata os 5.145 millóns de euros, un 23,2% superior ao do ano anterior, o que contrasta coa medra do déficit comercial en España (96,9% superior ao do ano precedente). En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra o 8% das exportacións e o 5,5% das compras exteriores.

Pontevedra e A Coruña seguen a estar entre as provincias con maior volume de exportacións no ano 2021, acadando os 12.072,6 e 11.457,4 millóns de euros, respectivamente, o que as sitúa como a quinta e sexta provincia española máis exportadoras en termos de valor.

A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2021 aumenta significativamente a base exportadora da eco-

nomía galega, de xeito que o número de empresas exportadoras se sitúa en 9.360 empresas, un 35,1% superior á do ano anterior (2.242 empresas máis).

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia ascendeu en 2021 ata os 223 millóns de euros, o que supón dúas veces e medio o nivel acadado en 2020. Case tres cuartas partes dese investimento diríxese á construción e ás actividades de artes gráficas e gravado. Por contra, o investimento bruto galego no exterior experimentou un descenso interanual do 93,4%, acadando un importe total de 125,9 millóns de euros, concentrándose o mesmo na construción de edificios e nas actividades inmobiliarias.

Comercio exterior con terceiros países

O valor total das relacións comerciais a nivel mundial, trala contracción do 5% experimentada no ano 2020 por mor do impacto da covid, aumenta en 2021 un 9,8% en relación ao ano anterior. Como sinala a OMC, tódalas áreas económicas presentan unha medra das exportacións, liderando este crecemento Asia, cun incremento interanual do 13,8%; en tanto que América do sur sitúase como a área de maior crecemento, cunha medra interanual do 25,8%.

Centrándonos no comportamento do comercio internacional de Galicia e España, a información recollida na

base de datos Estacom reflicte que tralo descenso experimentado en 2020 por mor da crise orixinada pola expansión da covid-19, a reactivación económica iniciada no segundo trimestre de 2021 tradúcese nunha medra en torno ao 20,3% do valor total das relacións comerciais de Galicia con terceiros países. No conxunto do Estado esta medra interanual foi do 22%, case dous puntos por riba do estimado na Comunidade Autónoma, por mor do maior dinamismo das importacións, que medran en España un 23,8% fronte ao 19,9% en Galicia. No último ano as exportacións medran en Galicia un 20,6%, cinco décimas por riba do rexistrado no conxunto do Estado.

O valor total das compras e vendas galegas no exterior ascendeu a 45.385,2 millóns de euros, 7.916,2 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 6,9% do total estatal (7% no ano anterior). O grado de apertura da economía galega a terceiros países situouse no 71,9%, oito puntos porcentuais máis que no ano anterior.

O automóbil segue a ser o sector de actividade máis importante en termos monetarios, con 11.007,7 millóns de euros, por diante das manufacturas de consumo e os alimentos, con 8.730,8 e 7.245,1 millóns de euros respectivamente, representando conxuntamente o 59,5% da actividade comercial galega, catro décimas máis que no ano anterior. Esta porcentaxe é moi superior ao peso dos mesmos sectores no conxunto do Estado que é do 36,2% (37,8% no ano anterior).

Tal como se observa no **cadro 3.3.2.**, a actividade comercial incrementouse no ano 2021 en todos os sectores de actividade, salientando o comportamento do sector enerxético, cunha medra interanual do 81,7% (1.826,3 millóns de euros máis). Asemade, cómpre mencionar o incremento do 24,1% experimentado polo sector de manufacturas de consumo (1.695,8 millóns máis) e do 30,1% nas actividades semimanufactureiras (1.509,9 millóns).

No que respecta ao peso relativo das actividades no conxunto do Estado, salienta o sector da automoción, que representan o 15,1% da actividade comercial ex-

terior deste sector en España, porcentaxe similar ao do ano anterior, seguido polas manufacturas de consumo, co 12,6% (11,8% no ano precedente), ou das actividades relacionadas coa alimentación, cuxo peso relativo sitúase no 7,5%.

Tal como se sinalou anteriormente, a actividade comercial exterior do sector do automóbil é a que rexistra a taxa de variación interanual menos elevada, ao medrar un 5,4% (565,2 millóns de euros máis). Influenciado polo incremento dos prezos enerxéticos, a actividade comercial dos produtos enerxéticos presenta o maior incremento tanto en termos relativos (81,7%) como absolutos (1.826,3 millóns). Xunto a este sector cómpre mencionar o incremento do 24,1% experimentado polas manufacturas de consumo (1.695,8 millóns) e do 30,1% no caso das semimanufacturas (1.509,9 millóns). O valor total da suma das compras e vendas exteriores de alimentos medra un 13,5% respecto ao ano anterior (861 millóns de euros).

A favorable evolución do sector de produtos enerxéticos e do téxtil-confección explica en boa medida que A Coruña sexa a provincia cun mellor comportamento, aumentando a súa actividade comercial con terceiros ata os 19.315,8 millóns de euros, 5.021,6 millóns máis que no ano anterior (35,1%). Ourense presenta unha medra do 33,5% (421,8 millóns) fronte ao 10,9% de Pontevedra (2.264,9 millóns). Tan só Lugo, dada a caída do 23,6% das importacións e unha medra do 23,3% no caso das exportacións, presenta unha redución da actividade comercial (-3,5%; 48,2 millóns de euros menos). Tras esta evolución, Pontevedra mantense como a primeira provincia galega en canto a valor da súa actividade comercial con terceiros países, co 50,8% do total galego en 2021, seguida da Coruña, co 42,6% (no ano anterior estas porcentaxes ascendían a 55% e 37,9%, respectivamente).

A devandita maior intensidade na medra das exportacións favorece o incremento do saldo positivo da balanza comercial galega, o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado onde o seu déficit comercial case se duplica en relación ao anterior. En 2021, o superávit aumenta en Galicia un 23,2% respecto ao ano

Importacións e exportacións 2021: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe (en millóns de euros)	21/20	peso relativo (%)	Galicia/España	Importe (en millóns de euros)	21/20	peso relativo (%)	Galicia/España
Total	20.115,6	19,9	100	5,9	25.269,6	20,6	100	8,0
Alimentos	3.926,7	14,6	19,5	9,9	3.318,4	12,2	13,1	5,8
Enerxéticos	2.642,0	89,5	13,1	5,7	1.418,4	68,9	5,6	6,7
Materias primas	585,0	20,2	2,9	4,7	835,7	23,2	3,3	10,1
Semimanufacturas	2.834,8	23,2	14,1	3,1	3.687,1	36,0	14,6	4,1
Bens de equipamento	2.360,4	12,5	11,7	3,3	3.161,0	16,6	12,5	5,4
Sector Automóbil	5.169,8	8,1	25,7	15,9	5.837,9	3,2	23,1	14,4
Bens de consumo duradeiro	286,4	12,3	1,4	2,9	252,8	50,6	1,0	4,7
Manufacturas de consumo	2.291,6	13,9	11,4	5,9	6.439,2	28,2	25,5	21,1
Outras mercadorías	18,9	26,4	0,1	0,9	319,2	55,7	1,3	5,5

(consulta: 22-02-2022)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.2.

anterior para alcanzar os 5.154 millóns de euros, 972,2 millóns máis que en 2020. Este saldo comercial representa o 8,2% do PIB, 1,1 puntos máis que no ano anterior.

O saldo comercial é positivo nas catro provincias galegas, o que contrasta co déficit rexistrado en Lugo no ano anterior. Dunha banda, A Coruña mantense como a provincia co saldo comercial máis elevado, con 3.599,1 millóns de euros, un 15,2% máis que no ano anterior, por diante de Pontevedra, con 1.076,9 millóns de euros (10,6% superior ao do ano anterior). Doutra banda, Lugo presenta un saldo positivo da súa balanza comercial por valor de 125,5 millóns de euros, o que contrasta co déficit de case 200 millóns rexistrado no ano anterior.

O mencionado incremento do superávit na Coruña ven motivado polo bo comportamento do téxtil, cuxo saldo positivo medra un 33,7% respecto ao ano anterior (1.098,7 millóns de euros máis) o que contrata co incremento do déficit no caso dos produtos enerxéticos (745,6 millóns de euros máis; 108,9%) e no sector da produción de alimentos (237,2 millóns; 68,8%). Asemade, é importante mencionar a positiva evolución na provincia de Pontevedra tanto do subsector da automoción, cuxo superávit medra en 690,9 millóns de

euros (21,4% máis que no ano anterior), como do subsector de material de transporte, cunha medra do seu saldo positivo de 221,8 millóns (24,8%), reducíndose significativamente o déficit comercial no sector pesqueiro (-27,5%; 145,6 millóns de euros menos).

Entre as provincias españolas con maior volume de exportacións no ano 2021, Pontevedra e A Coruña están situadas no sexto e sétimo posto, respectivamente (quinto e oitavo en 2020). No eido das importacións, Pontevedra é a sétima provincia española por volume de importacións (quinta no ano anterior), manténdose A Coruña na undécima posición.

• Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas no último ano ascende a 20.115,6 millóns de euros (3.518,2 millóns superior ao rexistrado en 2020), descendendo o seu peso relativo sobre o valor total das importacións españolas ata o 5,9%, unha décima menos que no ano precedente. Esta medra no valor das importacións esténdese ás catro provincias galegas, agás Lugo (-17,5%), sendo este incremento especialmente pronunciado, tanto en termos absolutos como relativos, na provincia da Coruña cunha medra do 43,1% (2.366,1 millóns de euros máis), e Ourense, cun aumento interanual do

Importacións 2020-21: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2020		2021		21/20	21/08	2021		
			(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(%)	(%)	Unión Europea	Francia	Portugal
									(en millóns de euros)		
1	87	Vehículos automóviles, tractores	5.067,5	30,2	5.474,2	27,2	8,0	112,0	5.171,0	4.410,3	321,2
2	27	Combustíbeis, aceites minerais	1.394,3	8,3	2.642,0	13,1	89,5	-20,2	353,4	26,7	34,3
3	03	Peixes e crustáceos, moluscos	1.985,2	11,8	2.274,7	11,3	14,6	74,1	475,1	111,5	234,6
4	72	Fundición, ferro e aceiro	647,7	3,9	975,4	4,8	50,6	-21,0	831,3	312,8	337,2
5	85	Aparellos e material eléctricos	775,0	4,6	861,6	4,3	11,2	36,9	198,1	17,8	10,6
6	84	Máquinas e aparatos mecánicos	668,3	4,0	792,3	3,9	18,6	42,6	533,3	44,4	33,2
7	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	690,8	4,1	689,2	3,4	-0,2	36,0	90,3	2,0	65,9
8	62	Roupa e complementos de vestir, agás punto	498,0	3,0	649,4	3,2	30,4	-23,9	80,3	1,9	61,5
9	16	Conservas de carne e peixe	575,9	3,4	566,2	2,8	-1,7	116,9	47,3	1,4	26,6
10	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	540,9	3,2	525,8	2,6	-2,8	80,6	210,5	61,7	69,2
Total dos principais capítulos			12.843,7	76,6	15.450,7	76,8	20,3	34,0	7.990,7	4.990,5	1.194,2
Resto			3.928,0	23,4	4.664,9	23,2	18,8	17,7	2.483,3	285,8	804,2
Total			16.771,7	100	20.115,6	100	19,9	29,8	10.474,0	5.276,2	1.998,4

(consulta: 22-02-2022)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.3.

37,8% no seu valor (182,1 millóns). Cómpre resaltar que estas dúas provincias foron as que presentaron o descenso interanual máis acusado no ano anterior (-30,4% e -18,5%, respectivamente). A provincia de Pontevedra rexistra unha tendencia máis moderada na súa medra cun incremento do 11,1% (1.096,6 millóns de euros), mentres que Lugo presenta unha nova caída (-17,5%; 126,5 millóns).

Tras esta evolución, a provincia de Pontevedra mantense como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo o 54,7% das importacións galegas (10.995,7 millóns de euros), case cinco puntos menos que no ano anterior, seguida da Coruña, co 39,1% (7.858,3 millóns), sendo esta porcentaxe seis puntos superior á de 2020.

Analizando o valor das importacións en función dos principais sectores de actividade, o **cadro 3.3.2.** reflicte que tódolos sectores económicos presentan crecements interanuais positivos. O sector do automóbil, a pesar de presentar no último ano a taxa de variación interanual máis reducida entre tódolos sectores, cun 8,1%, mantense como a actividade cun maior importe ao acadar os 5.169,8 millóns de euros. Deste xeito, o

seu peso relativo no total galego descende ata o 25,7% do valor total das importacións galegas fronte ao 28,5% de 2020, manténdose esta porcentaxe lixeiramente por baixo do 16% en relación ao total das compras españolas a terceiros países por parte das empresas englobadas neste sector. A sinalada medra no valor das importacións no sector do automóbil explícase polo incremento do 17,3% das compras exteriores de compoñentes de automóviles (redúcense un 1,8% no ano anterior), o que contrasta coa redución nun 14,5% das compras de automóviles e motos (-31,9% en 2020).

O sector da alimentación mantense no último ano como o segundo en importancia en canto ao valor das importacións. Tras unha medra interanual do 14,6%, as compras exteriores ascenderon a 3.926,7 millóns de euros, o que representa o 19,5% do valor total das importacións galegas e o 9,9% das importacións españolas deste sector. O terceiro sector en importancia, tralo automóbil e a alimentación, é o sector de semimanufacturas cun importe total de 2.834,8 millóns de euros, un 23,2% máis que no ano anterior, o que representa o 14,1% do total de importacións galegas e o 3,1% das importacións españolas deste sector de actividade.

Atendendo á distribución segundo capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o máis importante en termos de valor é o correspondente a “Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87). Tras unha medra interanual do 8% (reducíase un 11,6% no ano precedente), as compras a terceiros países ascenden a 5.474,2 millóns de euros, o 27,2% das importacións galegas. No último ano, o 94,5% das importacións galegas do capítulo 87 teñen a súa orixe na UE, representado o 48,9% das importacións galegas da UE.

A continuación, tras unha medra de case o 90% respecto ao ano anterior, sitúase o capítulo de “Combustíbeis, aceites minerais” (27), con 2.642,8 millóns de euros, o que representa o 13,1% do valor total das importacións galegas. En terceiro lugar sitúase o capítulo correspondente a “Peixes e crustáceos, moluscos” (03), con 2.274,7 millóns, un 14,6% máis que no ano anterior, o que representa o 11,3% das importacións de Galicia. Cómpre mencionar que no ano anterior estes dous capítulos presentaban unha redución do 55,3% e 7,8%, respectivamente. Unha das características do sector exterior galego é a súa elevada concentración sectorial, de xeito que os devanditos tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 51,6% do valor total das importacións galegas, 1,3 puntos máis que no ano anterior.

Segundo o país de orixe, as importacións galegas concéntranse principalmente nos 27 países da Unión Europea. Os datos recollidos no **cadro 3.3.4.** amosan que o 52,1% do valor total das compras exteriores procede da UE-27 (10.474 millóns de euros), porcentaxe 2,7 puntos inferior á do ano anterior. O sector do automóbil determina que Francia continúe sendo o principal subministrador de Galicia, con 5.276,2 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.998,4 millóns. Estes dous países concentran o 36,2% das importacións galegas.

O 83,6% das importacións de Francia e o 16,1% de Portugal corresponden ao sector de vehículos automóbiles, constituíndo para Galicia e para Francia o principal capítulo importador e o segundo en Portugal tralo de fundición, ferro e aceiro (72), cun 16,9%.

Fóra da Unión Europea, o incremento máis importante corresponde ás compras no conxunto dos países de América do norte, cunha medra de 872,9 millóns de euros (183,1%), África do norte, con 505,5 millóns de euros (53,4%) e América do sur, con 322,1 millóns (30,6%). Entre os principais países non comunitarios, cómpre mencionar que as importacións procedentes de China, o terceiro país en importancia, presentan unha desaceleración respecto ao ano anterior ao medrar un 11,2%, dez puntos menos que no ano anterior. Do mesmo xeito, Estados Unidos e Marrocos presentan taxas de variación positivas, se ben estas medras son superiores ás de 2020 (175,5% e 32,2%, respectivamente, no ano 2021). Asemade, as compras procedentes do Reino Unido reducíase no último ano un 53,7% (287,5 millóns de euros menos) cano no ano anterior medraran un 10,7%, concentrando en 2021 o 1,2% das importacións galegas.

• Exportacións ao exterior

O valor das exportacións de Galicia a terceiros países aumenta un 20,6% en relación ao ano anterior, acadando os 25.269,6 millóns de euros. Tendo en conta esta evolución, cinco décimas superior á rexistrada no conxunto do Estado, o peso das exportacións galegas sobre o total estatal medra ata o 8%, unha décima máis que en 2020.

As catro provincias galegas rexistran incrementos na contía das súas exportacións, superando este incremento o 31% na Coruña e Ourense, en tanto que Pontevedra é a única provincia que presenta medras interanuais inferiores á media española.

Se no ano 2020 A Coruña foi a provincia galega que rexistra un maior descenso das exportacións, tanto en termos relativos como absolutos, en 2021 esta provincia lidera o crecemento en termos absolutos, cun incremento de 2.748,1 millóns de euros (31,6%), acadando os 11.457,4 millóns de euros, o 45,3% do total galego. A pesar do menor dinamismo das exportacións en Pontevedra, cunha medra interanual do 10,9%, esta provincia concentra o 47,8% das vendas galegas a terceiros países (12.072,6 millóns de euros), 4,2 puntos menos que no ano anterior.

Importacións e exportacións 2020-21: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021
(en millóns de euros)								
(%)								
Total	16.771,7	20.115,6	20.953,5	25.269,6	4.181,8	5.154,0	124,9	125,6
Europa	10.520,6	11.929,4	17.486,1	20.515,5	6.965,5	8.586,1	166,2	172,0
Unión Europea	9.193,6	10.474,0	15.141,2	17.987,1	5.948	7.513	164,7	171,7
EFTA	133,2	112,2	270,9	304,1	138	192	203,4	271,1
Europa oriental	254,1	472,8	199,1	248,6	-55	-224	78,4	52,6
Resto Europa	939,8	870,4	1.874,9	1.975,6	935	1.105	199,5	227,0
África	1.802,4	2.218,1	998,8	1.486,6	-803,6	-731,4	55,4	67,0
África do norte	945,9	1.451,4	833,9	1.254,8	-112	-197	88,2	86,5
África central	32,6	24,1	17,9	16,1	-15	-8	54,9	67,0
África occidental	382,3	295,8	53,6	61,7	-329	-234	14,0	20,9
África oriental	9,4	9,2	2,9	6,6	-6	-3	30,6	71,3
África austral	432,3	437,6	90,6	147,3	-342	-290	21,0	33,7
América	2.112,4	3.279,0	1.226,3	1.764,5	-886,1	-1.514,5	58,1	53,8
América do norte	476,8	1.349,7	503,8	752,3	27	-597	105,7	55,7
Illas do Caribe	49,7	22,1	45,0	88,2	-5	66	90,6	399,0
América central	532,4	531,7	237,4	287,4	-295	-244	44,6	54,1
América do sur	1.053,4	1.375,6	440,0	636,6	-613	-739	41,8	46,3
Asia	2.243,3	2.581,8	882,6	1.077,2	-1.360,7	-1.504,6	39,3	41,7
Próximo Oriente	4,9	25,4	124,0	161,8	119	136	2.518,0	636,2
Península Arábiga	62,8	193,5	162,1	233,9	99	40	258,3	120,9
Asia central	0,2	0,1	4,4	7,0	4	7	2.542,1	5.154,7
Asia do sur	403,2	534,1	23,8	33,3	-379	-501	5,9	6,2
Lonxano oriente	1.359,4	1.524,6	473,0	523,3	-886	-1.001	34,8	34,3
Sudeste asiático	412,9	304,1	95,3	118,0	-318	-186	23,1	38,8
Oceanía	93,0	97,4	273,5	330,5	180,6	233,1	294,3	339,3
BRICS	1.592,5	2.023,7	385,2	452,8	-1.207,4	-1.570,8	24,2	22,4

(consulta: 22-02-2022)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.4.

A provincia de Ourense lidera o crecemento en termos relativos, cunha medra do 32,2% respecto ao ano anterior (247,4 millóns de euros), impulsado polos subsectores de material de transporte e téxtil-confección. As exportacións ascenden en Lugo ata os 732,2 millóns de euros, un 23,3% máis que no ano anterior. Estas dúas provincias concentran o 3,3% e 3,6% do valor total das exportacións galegas, respectivamente.


O sector de manufacturas de consumo, tras unha medra do 28,2%, vende ao exterior produtos por un valor de 6.439,2 millóns de euros, adiantando este ano ao sector do automóbil, que tras unha medra do 3,2% acada os 5.837,9 millóns de euros. Tras esta evolución o sector de manufacturas de consumo concentra o 25,5% das exportacións totais galegas en 2021,

cadro 3.3.2., situándose no 23,1% no caso do automóbil.

No que respecta á importancia relativa das exportacións no conxunto do Estado, o sector de manufacturas de consumo segue sendo o de maior peso en Galicia, co 21,1% do total de exportacións do sector do Estado, seguido do sector do automóbil, co 14,4% do total estatal, e de materias primas, cun 10,1%.

No **gráfico 3.3.5.** obsérvase a evolución da importancia relativa das exportacións da industria do automóbil e do subsector téxtil-confección, situándose o automóbil como principal sector en 2021, co 23,1%, porcentaxe lixeiramente superior ao que supón o téxtil-confección, co 22,8% valor total das exportacións. En relación ao

Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2021



(consulta: 22-02-2022)

Fuente: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.5.

rexistrado no ano anterior, cómpre mencionar o importante descenso do peso relativo no caso da automóbil, que concentraba o 27% das exportacións en 2020, aumentando por contra no caso do téxtil, que supuña o 21,2%.

O capítulo de “Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87) segue sendo o máis importante se tomamos como referencia a desagregación por capítulo arancelario (TARIC) (**cadro 3.3.6.**), que concentra o 27,9% das exportacións galegas (32,2% no ano anterior), seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de “Prendas de vestir, non de punto” (62), que acolle o 11,4% das vendas (10,6% en 2020), e o da “Prendas de vestir, de punto” (61), que representa o 8,5%, cinco décimas máis que no ano anterior. En relación ao ano anterior, os capítulos relacionados co téxtil experimentaron en conxunto unha medra do 28,6% (1.121,3 millóns de euros máis), mentres as exportacións de vehículos o fixeron un 4,4% (297,9 millóns).

O principal destino das exportacións galegas é a UE-27, co 71,9% do total de vendas galegas ao exterior (17.987,1 millóns de euros), dirixíndose un 7% ao continente americano (1.764,5 millóns), un 5,9% a África (1.486,6 millóns) ou un 4,3% a Asia (1.077,2 millóns de euros). Por países, Francia segue sendo o principal des-

tino das vendas de Galicia, con 5.206 millóns de euros (20,6% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países, fronte ao 24,4% do ano anterior). O segundo país en importancia a moita distancia é Portugal con 3.249,6 millóns de euros, o 12,9% do total de exportacións de Galicia.

O **cadro 3.3.7.** mostra o *ranking* de países de destino das exportacións galegas, sendo destacable a concentración territorial das mesmas, de xeito que os cinco primeiros países exportadores en 2021 (Francia, Portugal, Italia, Alemaña e Reino Unido) concentran o 53,6% das exportacións galegas e case as tres cuartas partes se se consideran os dez primeiros países (no ano anterior estes países concentraban o 57,7% e 74,2%, respectivamente).

O principal capítulo exportador a Francia é o devandito capítulo 87, co 54,7% do total do valor das exportacións cara ese país e o 40,5% das exportacións galegas de vehículos. No caso de Portugal o principal capítulo exportador é o 27, Combustibles, aceites minerais, co 10,9% do total de exportacións a ese país, e o 25,8% das exportacións galegas deses produtos. As exportacións a Francia, principal destino das exportacións galegas, están moi concentradas no capítulo 87, mentres que no caso de Portugal, segundo destino en importancia, as exportacións están moito menos concentradas (a

Exportacións 2020-21: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2020		2021		21/20	21/08	2021		
									Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)					
1	87	Vehículos automóviles, tractores	6.743,7	32,2	7.041,6	27,9	4,4	20,6	4.733,9	2.850,0	282,0
2	62	Prendas de vestir, non de punto	2.216,1	10,6	2.869,3	11,4	29,5	110,3	2.606,6	473,7	228,0
3	61	Prendas de vestir, de punto	1.705,2	8,1	2.173,4	8,6	27,5	146,8	1.841,9	324,0	175,4
4	03	Peixes, crustáceos, moluscos	1.241,0	5,9	1.603,4	6,3	29,2	81,6	1.279,2	126,1	317,2
5	27	Combustibles, aceites minerais	777,4	3,7	1.365,0	5,4	75,6	144,0	993,9	175,6	352,8
6	16	Conservas de carne ou peixe	874,5	4,2	824,8	3,3	-5,7	95,1	715,4	197,7	93,3
7	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	502,2	2,4	787,6	3,1	56,8	148,1	656,1	176,0	183,8
8	72	Fundición, ferro e aceiro	414,1	2,0	696,0	2,8	68,0	34,5	622,8	94,4	251,7
9	84	Máquinas e aparellos mecánicos	592,4	2,8	597,4	2,4	0,8	81,6	349,8	43,7	93,5
10	44	Madeira e as súas manufacturas	448,2	2,1	592,7	2,3	32,2	53,4	353,0	64,0	190,0
Total dos principais capítulos			15.515,0	74,0	18.551,1	73,4	19,6	61,3	14.152,6	4.525,2	2.167,8
Resto			5.438,5	26,0	6.718,5	26,6	23,5	58,4	3.834,6	680,8	1.081,8
Total			20.953,5	100	25.269,6	100	20,6	60,5	17.987,1	5.206,0	3.249,6

(consulta: 22-02-2022)

Fonte: Ministerio Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.6.

Exportacións galegas 2020-21: rankings segundo países de destino

	2020		2021		21/20	21/08
	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)		
1	Francia	5.104.190	24,4	5.206.035	20,6	2,0
2	Portugal	2.802.007	13,4	3.249.591	12,9	16,0
3	Italia	1.757.304	8,4	2.437.695	9,6	38,7
4	Alemaña	1.068.883	5,1	1.341.419	5,3	25,5
5	Reino Unido	1.347.514	6,4	1.307.967	5,2	-2,9
6	Polonia	922.483	4,4	1.220.152	4,8	32,3
7	Países Baixos	765.649	3,7	1.046.824	4,1	36,7
8	Marrocos	622.179	3,0	1.033.513	4,1	66,1
9	Bélxica	738.762	3,5	988.283	3,9	33,8
10	Estados Unidos	414.997	2,0	680.016	2,7	63,9
11	Turquía	468.652	2,2	543.674	2,2	16,0
12	Grecia	276.567	1,3	438.332	1,7	58,5
13	Australia	267.967	1,3	299.763	1,2	11,9
14	Irlanda	167.179	0,8	251.975	1,0	50,7
15	Rumanía	204.056	1,0	250.415	1,0	22,7
16	Chile	133.530	0,6	248.122	1,0	85,8
17	México	186.317	0,9	219.584	0,9	17,9
18	Suecia	201.794	1,0	210.872	0,8	4,5
19	China	187.661	0,9	209.071	0,8	11,4
20	Noruega	179.938	0,9	180.479	0,7	0,3
5 primeiros países		12.079.899	57,7	13.542.706	53,6	12,1
10 primeiros países		15.543.969	74,2	18.511.493	73,3	19,1
20 primeiros países		17.817.631	85,0	21.363.779	84,5	19,9
Total		20.953.464	100,0	25.269.598	100,0	20,6

(consulta: 22-02-2022)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.7.

Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2020-21: distribución segundo grandes sectores

	2020		2021 (1)		21/20		21/08		G/E
					(%)		(%)		(%)
Sectores económicos (2)	7.118	100	9.360	100	2.242	31,5	4.453	90,7	4,0
Alimentos (3)	1.390	19,5	1.610	17,2	220	15,8	588	57,5	8,3
Bebidas	483	6,8	669	7,1	186	38,5	398	146,9	13,5
Pesca	413	5,8	436	4,7	23	5,6	-19	-4,2	28,2
Carne	266	3,7	220	2,4	-46	-17,3	54	32,5	6,1
Preparados alimenticios	153	2,1	166	1,8	13	8,5	25	17,7	3,8
Froitas, hortalizas e legumes	121	1,7	143	1,5	22	18,2	33	30,0	2,6
Lácteos e ovos	93	1,3	104	1,1	11	11,8	39	60,0	8,3
Outros	224	3,1	275	2,9	51	22,8	108	64,7	3,9
Produtos enerxéticos	165	2,3	152	1,6	-13	-7,9	52	52,0	10,4
Materias primas	323	4,5	385	4,1	62	19,2	43	12,6	7,1
Semimanufacturas	1.485	20,9	1.713	18,3	228	15,4	583	51,6	5,1
Metais non ferrosos	143	2,0	154	1,6	11	7,7	38	32,8	5,8
Ferro e aceiro	205	2,9	218	2,3	13	6,3	58	36,3	6,4
Produtos químicos	923	13,0	1.049	11,2	126	13,7	416	65,7	4,4
Outras semimanufacturas	764	10,7	885	9,5	121	15,8	260	41,6	5,5
Bens de equipamento	2.199	30,9	2.529	27,0	330	15,0	781	44,7	5,1
Maq. Especifica certas industrias	1.143	16,1	1.202	12,8	59	5,2	380	46,2	5,6
Equipamento oficina e telecomunicacións	371	5,2	452	4,8	81	21,8	257	131,8	3,4
Material transporte	324	4,6	435	4,6	111	34,3	31	7,7	5,9
Outros bens de equipamento	1.164	16,4	1.331	14,2	167	14,3	506	61,3	5,0
Sector do automóbil	576	8,1	746	8,0	170	29,5	211	39,4	4,5
Automóviles e motos	166	2,3	314	3,4	148	89,2	205	188,1	2,9
Componentes do automóbil	435	6,1	471	5,0	36	8,3	27	6,1	7,0
Bens de consumo duradeiro	457	6,4	484	5,2	27	5,9	164	51,3	3,4
Manufacturas de consumo	1.269	17,8	2.000	21,4	731	57,6	1.141	132,8	3,5
Téxtil e confección	637	8,9	1.062	11,3	425	66,7	669	170,2	3,7
Calzado	162	2,3	269	2,9	107	66,0	179	198,9	3,6
Xoguetes	163	2,3	251	2,7	88	54,0	154	158,8	3,6
Alfarería	35	0,5	42	0,4	7	20,0	9	27,3	2,6
Xoiaría e reloxo	115	1,6	147	1,6	32	27,8	85	137,1	3,5
Coiro e manufacturas do coiro	32	0,4	37	0,4	5	15,6	6	19,4	3,6
Outras manufacturas	605	8,5	812	8,7	207	34,2	319	64,7	3,5
Outras mercadorías	3.141	44,1	4.161	44,5	1.020	32,5	3.056	276,6	2,9

(1) datos 2021 son provisionais

(2) O número total de empresas é inferior á suma de empresas desagregadas porque unha mesma empresa pode exportar en varios sectores

(3) Sectores con maior número de empresas, o resto está sumado en outros.

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Datacomex

3.3.8.

pesca supón case o 10% das vendas a Portugal e o capítulo de vehículos automóbiles, case un 9%).

• Base exportadora

Entendemos por base exportadora dun territorio o número de empresas que venden os seus produtos no exterior. En 2021 Galicia conta cun total 9.360 empresas que venderon parte dos seus produtos fóra de España, o que significa un incremento de 2.242 empresas respecto ao ano anterior (31,5% máis). No ano anterior, o número de empresas exportadoras reducíase un 0,7%, o que supuxo 49 empresas menos (7.118 empresas). Con todo, a propia base de datos Estacom do ICEX advirte de que a taxa de variación

anual do número de exportadores debería ser tomada con cautela xa que pode verse afectada polo incremento de operadores que realizan envíos de baixo custo.

Atendendo aos grandes sectores económicos, **cadro 3.3.8.**, tan só os produtos enerxéticos presentan unha diminución do número de empresas exportadoras, cun descenso do 7,9% (13 empresas menos). Os aumentos máis significativos rexístranse, ao igual que no ano anterior, no sector de manufacturas de consumo (731 empresas máis, un 57,6%), situándose este ano a continuación os bens de equipamento e semimanufacturas, con 330 e 228 empresas máis (15% e 15,4%, respectivamente).

Actuacións do Plan FOEXGA 2020-21 ⁽¹⁾

Área xeográfica				
	2020		2021	
		(% /total)		(% /total)
Europa	23	42,59	28	41,18
Asia	5	9,26	15	22,06
África	9	16,67	7	10,29
América do Sur	4	7,41	5	7,35
América do Norte	3	5,56	3	4,41
Centroamérica	7	12,96	6	8,82
Illas do Caribe	2	3,70	2	2,94
Oceanía (Pacífico)	1	1,85	2	2,94
Total países	54	100	68	100

Actividades por cámara de comercio				
	2020		2021	
	Accións	Participantes	Accións	Participantes
A Coruña	13	57	17	
Vigo	21	92	33	
Santiago de Compostela	10	29	17	
Total	44	178	67	-

Accións por tipo				
	2020		2021	
	Misións comerciais	Particip. en feiras	Misións comerciais	Particip. en feiras
A Coruña	10	3	13	4
Vigo	20	1	28	5
Santiago de Compostela	4	6	11	6
Total	34	10	52	15

(1) A liña está en proceso de liquidación. Os nomes, número de empresas participantes finais así como distribución sectorial e contribución Xunta exacta non se coñece ata finalizar este proceso.

Fonte: IGAPÉ

3.3.9.

O sector que concentra o maior número de empresas exportadoras é o de bens de equipamento, con 2.529 empresas (27% do total galego), seguido polo de manufacturas de consumo, con 2.000 empresas (21,4%), e a industria de semimanufacturas, con 1.713 empresas (18,3%) respectivamente.

Tendo en conta o incremento interanual do 31,5% no número de empresas exportadoras en Galicia, fronte ao 19,9% a nivel estatal, a cota exportadora galega no total estatal aumenta catro décimas, ata o 4%.

En relación ao peso relativo por sectores das empresas exportadoras galegas no total estatal, cómpre destacar a importancia relativa do sector de alimentación, que acolle o 8,3% das empresas exportadoras do sector en España, e de maneira especial, a pesca, que concentra o 28,2% do total estatal, e o subsector de bebidas, que concentra o 13,5%. As empresas de produtos enerxéticos

representan o 10,4%, e no ámbito de automoción as empresas de compoñentes supoñen o 7% do total estatal.

No que respecta ás medidas públicas de fomento da internacionalización das empresas galegas, o Plan Foexga ten entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade (**cadro 3.3.9.**).

No marco do Plan Foexga, as distintas cámaras de comercio de Galicia levaron a cabo ao longo do ano 2021 un total de 68 accións (53 misións comerciais e 15 participacións en feiras) desenvolvidas en 69 países. A contribución da Xunta de Galicia ascenderá a un máximo de 693.745,98 € (liña subvencionada ao 90%).

Segundo os datos facilitados polo Igape, o principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, con 28 países, seguida de Asia (15), África (7) e Centro América (6).

Por cámaras de comercio a actividade no 2021 foi a seguinte:

- A Coruña: 17 accións organizadas, das que 13 corresponden a misións comerciais e as 4 restantes a participacións en feiras; dúas correspondentes ao sector agroalimentario, unha á construción e outra ao sector da madeira e moble.
- Vigo: organizáronse un total de 33 accións das que 5 corresponden ás participacións en feiras internacionais; dúas están relacionadas co ámbito da pedra natural, e unha coa maquinaria, maquinaria naval e químico.
- Santiago de Compostela: 17 accións organizadas (11 misións comerciais e 6 participacións en feiras). Destas feiras, dúas relaciónanse co ámbito biotecnolóxico, e un ao agroalimentario, construción, envase e embalaxe, e outro co turismo.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos dos que dispoñemos para analizar o investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia son os que proporciona o Rexistro de Investimentos Exteriores desagregados territorialmente, e son datos que fan referencia exclusivamente ao investimento bruto estranxeiro en Galicia que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

- Participación en sociedades galegas non cotizadas.
- Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
- Constitución ou ampliación de dotación de sucursais de empresas estranxeiras.
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,25 €.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia ascendeu en 2021 ata os 223 millóns de euros, case 2,5 veces máis que no ano anterior (133 millóns de euros máis). Este incremento contrasta co lixeiro descenso experimentado no conxunto de España (–0,9%), aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 0,7%, catro décimas máis que en 2020. A Comunidade de Madrid concentra o 73,9% do investimento, fronte ao 10,3% de Cataluña e o 5% do País Vasco.

No último ano aumenta a concentración do investimento estranxeiro dende o punto de vista do país investidor. En 2021 o principal país investidor en Galicia no último ano foi Luxemburgo, con 157,5 millóns de euros, o que supón o 70,5% do total investido en Galicia, seguido por Bélxica, con 28,2 millóns de euros (12,7%), e Panamá, con 15,8 millóns de euros (7,1%). No ano anterior, os dous primeiros países investidores foron México e Luxemburgo, que concentraban o 35,1% e 32,7% do total, respectivamente (31,5 e 29,5 millóns de euros).

Tal como se observa no **cadro 3.3.10.**, dende un punto de vista sectorial, destaca o subsector de comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás vehículos de motor (CNAE 46), que concentra o 43,5% do total de investimento en Galicia, por diante de artes gráficas e reprodución de soportes gravados (CNAE 18), co 29,5%, e os servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría (CNAE 71) e educación (CNAE 85), cun 7,4% cada un. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal destacan as devanditas actividades de artes gráficas e de edición (CNAE 58), que acollen o 82,9% e 77,6% do total estatal, respectivamente.

No que respecta ao investimento de Galicia no estranxeiro, o investimento bruto galego no exterior experimentou un descenso do 93,4% no último ano, acadando un importe total de 125,9 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, País Vasco, Cataluña, Asturias, C. Valenciana e Baleares. O devandito descenso é moito menos intenso no con-

Investimento estranxeiro bruto ⁽¹⁾ en Galicia e España 2021: distribución segundo actividade

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total subsectores	222.970,4	100	31.050.561,6	100	0,72
46 Comercio maiorista e interm. Comercio, agás vehículos motor	96.916,1	43,5	1.200.561,9	3,9	8,07
18 Artes gráficas e reprodución de soportes grabados	65.788,5	29,5	79.384,6	0,3	82,87
71 Servizos técnicos arquitectura e enxeñería	16.516,5	7,4	114.509,5	0,4	14,42
58 Edición	16.423,2	7,4	21.155,6	0,1	77,63
65 Seguros, reaseguros, fondos pensión agás Seg. Social	7.833,0	3,5	115.673,9	0,4	6,77
68 Actividades inmobiliarias	6.632,8	3,0	1.257.194,7	4,0	0,53
62 Programación, consultoría, outras actividades relacionadas	6.630,6	3,0	1.707.021,5	5,5	0,39
41 Construción de edificios	3.466,2	1,6	720.374,5	2,3	0,48
82 Actividades administrativas de oficina	845,6	0,4	221.994,6	0,7	0,38
56 Servizos de comida e bebida	550,0	0,2	729.259,4	2,3	0,08
55 Servizos de aloxamento	436,5	0,2	365.058,0	1,2	0,12
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	163,0	0,1	46.673,3	0,2	0,35
66 Actividades auxiliares ós servizos financeiros	153,0	0,1	225.586,9	0,7	0,07
63 Servizos de información	100,0	0,0	310.257,7	1,0	0,03
Outros	515,5	0,2	23.935.855,7	77,1	0,00

(consulta: 22-3-2022)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Datainvox

3.3.10.

Investimento bruto ⁽¹⁾ de Galicia e España no exterior 2021: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total	125.892,9	100	23.890.842,0	100	0,5
41 Construción de edificios	60.730,8	48,24	79.698,0	0,3	76,20
68 Actividades inmobiliarias	55.716,9	44,26	601.941,4	2,5	9,26
46 Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	5.651,0	4,49	1.119.204,8	4,7	0,50
47 Comercio polo miúdo, agás vehículos motor	1.000,0	0,79	619.863,0	2,6	0,16
30 Fabricación doutro material de transporte	873,0	0,69	40.695,5	0,2	2,15
03 Pesca e acuicultura	851,4	0,68	851,4	0,0	100,00
43 Actividades de construción especializada	821,8	0,65	142.722,1	0,6	0,58
56 Servizos de comidas e bebidas	157,0	0,12	16.752,2	0,1	0,94
Outros	91,0	0,07	21.269.113,7	89,0	0,00

(consulta: 22-3-2022)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Datainvox

3.3.11.

xunto do Estado, que presenta unha caída interanual do 37,3%, polo que o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 0,5% cando no ano anterior esta porcentaxe era do 5%.

Canadá concentra o 43,9% do investimento galego no estranxeiro no último ano, con 55,2 millóns de euros, seguidos por Estados Unidos, co 39,4% (49,7 millóns) e Chile, que supón o 7,2% (9 millóns de euros).

O sector máis importante en termos de investimento no exterior é o de construción de edificios (CNAE 41), con 60,7 millóns de euros, que representa o 76,2% do investimento no estranxeiro de Galicia, así como case a metade do total investido por esta actividade no estranxeiro no conxunto do Estado (48,2%). A continuación situaríase o subsector de actividades inmobiliarias (CNAE 68), con 55,7 millóns de euros, o 44,3% do investimento total galego (o 9,3% do investido por España neste sector). □

